

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 76

Sesión plenaria
16 de decembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Textos legislativos

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 (doc. núm. 37243, 12/PL-000010)

1.2 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 37244, 12/PL-000011)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. (Punto único da orde do día.)

O presidente expón a ordenación do debate e informa dos tempos de que disporán os grupos parlamentarios para defenderen as súas emendas e defínense sobre as emendas mantidas. (Páx. 7.)

Presentación do ditame da Comisión: presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Noa Olalla Presas Bergantiños). (Páx. 7.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 9.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 12.) e Paula Prado del Río (P) (Páx. 17.)

Rolda dos grupos parlamentarios para defínense sobre as emendas mantidas polos demais: María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 21.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 22.) e Paula Prado del Río (P) (Páx. 24.)

A deputada Silvia Longueira Castro (S) pide a palabra, con base no artigo 76 do Regulamento, co obxecto de que se retiren unhas palabras do discurso da deputada Paula Prado del Río (P) e mantén un diálogo co presidente por esta razón. (Páx. 26.)

Debate conxunto sobre os estados de gastos

O presidente dá paso ao debate conxunto sobre os estados de gastos. (Páx. 28.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: José Ramón Gómez Besteiro (S) (Páx. 28.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 36.) e José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 44.)

O presidente diríxese á deputada Silvia Longueira Castro (S) para comentarlle que non se apreciaron as palabras que ela solicita retirar. (Páx. 52.) A continuación, ábrese un novo diálogo ao respecto e o presidente dálle a palabra á deputada Paula Prado del Río (P) para pedirlle que retire do Diario de Sesións unha palabra pronunciada por ela. (Páx. 53.) A deputada Paula Prado del Río (P) négase a facelo.



Rolda dos grupos parlamentarios para definírense sobre as emendas mantidas polos demais grupos: José Ramón Gómez Besteiro (S) (Páx. 53.), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 57.) e José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 60.)

Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026

O señor presidente expón o esquema que se vai seguir para as votacións do texto orzamentario. (Páx. 64.)

Votación das emendas ao articulado

Votación das emendas ao articulado números 1 a 41 do G. P. Socialista de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das emendas ao articulado números 3, 9, da 11 á 20 e da 27 á 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación das emendas ao articulado non votadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: *rexeitadas por 25 votos a favor, 39 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. Socialista de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación do texto articulado, coas emendas incorporadas, se é o caso

Votación do texto articulado do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: *aprobado por 39 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)



Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso

O presidente comunica as seccións que se van votar por separado en primeiro lugar. (Páx. 67.)

Votación conxunta das seccións Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: aprobadas por 39 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 67.)

Votación das seccións e das entidades públicas non votadas do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: aprobadas por 39 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 67.)

Rematadas as votacións, o presidente comunica que queda aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 e anuncia que se vai pasar deseguido ao debate do seguinte texto lexislativo. (Páx. 68.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto único da orde do día.)

O presidente dálle a palabra á presidenta da Comisión 3ª, Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG), para que faga a presentación do ditame. (Páx. 68.)

Presentación do ditame da Comisión: presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Noa Olalla Presas Bergantiños). (Páx. 68.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: Patricia Iglesias Rey (S) (Páx. 69.), Olalla Rodil Fernández (BNG) (Páx. 71.) e Julio García Comesaña (P) (Páx. 77.)

Rolda dos grupos parlamentarios para definírense sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Patricia Iglesias Rey (S) (Páx. 82.), Olalla Rodil Fernández (BNG) (Páx. 84.) e Julio García Comesaña (P) (Páx. 86.)

Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación das emendas números 1 a 40, 43, 46 e 84, formuladas e mantidas polo G. P. Socialista de Galicia, ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: rexeitadas por 8 votos a favor, 39 votos en contra e 25 abstencións. (Páx. 88.)



Votación das emendas números 1 a 35, formuladas e mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 25 votos a favor, 39 votos en contra e 8 abstencións.* (Páx. 88.)

Votación do Ditame da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, coas emendas incorporadas, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 39 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e sete minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Entramos xa na orde do día. O punto único son textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026

O PRESIDENTE: O esquema do debate será, en primeiro lugar, a presentación do ditame da Comisión. Logo, virá o debate do articulado, cunha rolda dos grupos parlamentarios durante 15 minutos para defender as emendas. E, despois, unha rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas mantidas polos grupos parlamentarios, por un tempo de 5 minutos. Continuaremos co debate do conxunto do estado de gastos, cunha rolda dos grupos parlamentarios para fixar a posición sobre o ditame, de 30 minutos, e unha rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas, por un tempo de 10 minutos.

Entón, comezamos. Para iso, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, a señora Presas Bergantiños.

A PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Noa Olalla Presas Bergantiños): Bo día.

Procedo á presentación do ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2026.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 20 de outubro de 2025. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 20 de outubro de 2025, dispuxo a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*. As emendas á totalidade foron cualificadas o 10 de novembro de 2025. Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, Socialistas de Galicia e Mixto formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais. Os dous primeiros grupos parlamentarios presentaron tamén emendas de devolución das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións de diferentes seccións ou modificaban a contía total dos estados de ingresos e gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión plenaria do 17 de novembro de 2025.

As emendas parciais que se detallan a continuación foron cualificadas o 21 de novembro de 2025. Do Grupo Popular de Galicia: 5 emendas ao articulado, 2 emendas aos estados numéricos, que fan un total de 7. Do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: 31 emendas ao articulado, 544 aos estados numéricos, que fan un total de 575. Do Grupo dos



Socialistas de Galicia: 40 emendas ao articulado e 310 aos estados numéricos, que fan un total de 350. Foron en total presentadas 76 emendas ao articulado e 866 aos estados numéricos, que fan un total de 932 emendas presentadas.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do 24 de novembro de 2025, designou as seguintes persoas ponentes: por parte do grupo dos Populares, dona Cristina Sanz Arias, como titular, e don Alberto Pazos Couñago, como suplente; por parte do Grupo Nacionalista, Noa Presas Bergantiños, como titular, e dona Olalla Rodil Fernández, como suplente; por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, María Elena Espinosa Mangana, como titular, e Patricia Iglesias Rey, como suplente. Por parte do Grupo Mixto, o señor Armando Ojea Bouzo.

A sesión da Ponencia tivo lugar o 25 de novembro de 2025. Nela rematouse o informe que contén as recomendacións que lle fixo a Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Popular. En relación coas restantes emendas, a Ponencia, por maioría, recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polos grupos parlamentarios Nacionalista e Socialista. As emendas aos estados de gastos presentadas por estes grupos quedaron pendentes para a Comisión.

A Comisión, reunida os días 4, 5 e 9 de decembro de 2025, aprobou por maioría o informe emitido pola Ponencia e rexeitou as presentadas ao estado de gasto polos grupos parlamentarios da oposición. Do Grupo Parlamentario do BNG: 31 ao articulado e 544 aos estados numéricos, que fan un total de 575. Do Grupo Socialista: 40 ao articulado e 310 aos estados numéricos, que fan un total de 350. En total, foron rexeitadas 71 emendas ao articulado e 854 aos estados numéricos, que fan un total de 925, que quedan pendentes de tramitación para este pleno de hoxe.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado ascende a 16.343.488.562 millóns de euros.

O texto articulado consta dunha exposición de motivos seguida de 62 artigos agrupados en 6 títulos, 17 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 6 anexos. O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de créditos; o título II regula os gastos de persoal; o título III é o referido ás operacións de endebedamento e ás garantías; o título IV regula a xestión orzamentaria; o título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais; e o título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúe un único precepto en relación cos criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria se contén no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que proximamente se vai tramitar no pleno.

Finalmente, determínase o prazo de vixencia da futura lei, así como a súa data de entrada en vigor.

Grazas.



O PRESIDENTE: Grazas.

Debate do articulado

O PRESIDENTE: Pasamos, polo tanto, á rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

Grazas.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Bo día, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Antes de empezar co debate, e xa que está presente, queremos transmitirlle de parte do noso grupo unha pronta recuperación a Cecilia Vázquez.

Bos días, conselleiro. Bos días a todos e a todas.

Preguntámonos: ¿Galicia calidade? Señor Corgos, non pense que me equivoquei con este enunciado. Normalmente, cando estamos en debate dos orzamentos falamos primeiro dos números, polo menos globais, e logo falamos dos conceptos.

Hoxe vou tratar de darlle un pouco a volta, porque o Instituto Nacional de Estatística publica un índice que é o indicador multidimensional da calidade da vida, o que coñecemos como IMCV. Parte da idea de que a medición do progreso das sociedades e do benestar non poden basearse unicamente en indicadores puramente económicos, como pode ser o produto interior bruto. Por esta razón, elabora este instrumento de medición da calidade de vida a través de nove dimensións: condicións materiais de vida, traballo, saúde, educación, seguridade física e persoal, gobernanza e dereitos básicos, contorna e medio ambiente e experiencia xeral da vida. En termos globais, Galicia está á cola dos niveis de calidade de vida, só superada polas Illas Canarias e Andalucía. Calidade a nivel económico, Galicia conta cunha menor renda media. Temos unha menor taxa de emprego, pero as diferenzas con respecto á media nacional son notablemente elevadas cando falamos de calidade de emprego, cando observamos que os salarios son máis baixos e as xornadas excesivamente longas. Tamén puntuamos por baixo da media na contorna ambiental. Nos indicadores de saúde, de novo a nosa valoración está por baixo da media nacional: temos maiores necesidades e menor accesibilidade na atención primaria e na de coidados. Hai que sinalar que non se analiza a saúde mental, porque, de analizar a atención sanitaria e a saúde mental, seguramente empeoraría máis. Si contamos con nota positiva sobre seguridade física e persoal e con menores taxas de delincuencia, violencia ou vandalismo.

¿Pode dicirme, señor Corgos, que os orzamentos que teñen unha función claramente política non teñen nada que ver con estes resultados? Porque, a través deles, a Xunta expresa cal é o seu proxecto de país, que prioridades establece e a que sectores quere dedicar os seus re-



cursos. Deberían ser o instrumento para transformar a realidade social, económica e territorial. E os orzamentos que a Xunta de Galicia vén elaborando ano tras ano lévannos a situármonos nos antepenúltimos de España, segundo o indicador multidimensional de calidade de vida. Esta é a realidade.

E eu preguntome: ¿poderíamos facer máis? Ou diría: ¿podería a Xunta facer máis? Por suposto. ¿Poderíamos dispor de máis recursos? Por suposto. Imos só con algúns datos. O Partido Popular anunciou —e así o cumpriu— que as comunidades autónomas nas que goberna non apoiarían a proposta de déficit que o Goberno de España ía presentar ao Consello de Política Fiscal e Financeira a finais do mes de novembro. É certo que Galicia non puido votar, porque vostede, señor Corgos, estaba neste Parlamento —e así o recoñecemos—, pero en ningún momento Galicia manifestou o contrario. Naquel momento, e logo no Congreso dos Deputados, rexeitaron a proposta do déficit do 0,1 por cento para cada exercicio. Unha capacidade extra que no caso de Galicia supoñería dispoñer de 281 millóns de euros para financiar servizos públicos. En definitiva, Galicia terá case 300 millóns menos para gastar en tres anos, ao caer, de momento a axenda do déficit.

Este seguidismo de Rueda a Génova tería na axenda de déficit un novo capítulo que engadir ao da condonación da débeda, da que tanto falamos nesta sede parlamentaria. Porque Galicia pechou o ano 2024 cunha débeda pública de 11.936 millóns de euros. Pero esa débeda pública galega incrementouse, segundo os datos coñecidos onte mesmo, durante os nove meses do ano, situándose en 12.051 millóns de euros, o que representa o 14,2 por cento do produto interior bruto de Galicia. Non sei, rise, señor Corgos, pero son os datos que publicou o Banco de España onte. Son exactamente eses datos, porque eu inicialmente ía intervir —e tamén o recoñezo— cos anteriores, que eran un pouquiño máis altos, pero son os datos de onte.

Pero, se facemos o cálculo, esa débeda per cápita sitúase case en 4.737 euros por habitante. E doulle un dato: cando vostedes entraron no Goberno, despois xa do Goberno de Emilio Pérez Touriño, a débeda era de 1.758 euros por habitante en Galicia. Para que o Partido Popular non nos diga que somos incoherentes, fun ao Instituto Nacional de Estadística e actualice esta cantidade. Os 1.758 euros situaríannos hoxe en 2.413,73 euros; é dicir, que a débeda hoxe é o dobre de cando gobernaba Emilio Pérez Touriño. *(Aplausos.)* Pero tamén, para que o Partido Popular non diga que facemos mal as contas, acudín á Airef, que tamén botou as contas do que se podería aforrar ás comunidades autónomas no pago de intereses se aceptasen a condonación da débeda. E a Airef —non o digo eu, dio a Airef— no caso de Galicia diría que o aforro ascendería a 767 millóns e que suporía unha mellora significativa na sustentabilidade financeira de Galicia.

Pero seguimos. Hoxe o señor Corgos non fai máis que dicir que non. Se quere, despois xa lle digo onde están estas declaracións, porque eu, dende logo, copieinas textualmente.

Pero seguimos. No contexto de crecemento económico a recadación dos impostos que xestiona directamente a Xunta quedará practicamente conxelada no ano 2026, debido fundamentalmente á política de rebaixas fiscais. Porque o incremento do 1,6 por cento dos recursos cos que contará a Xunta de Galicia no ano 2026 nútrese principalmente das achegas do modelo de financiamento autonómico, mediante o cal o Estado reparte entre as comuni-



dades autónomas o que recada no territorio, aplicando mecanismos correctores e de solidariedade entre autonomías. Si, o Goberno de España, o que sempre critica o Partido Popular, achegará 10.239 millóns das entregas á conta do Estado, un 9,2 por cento máis que o ano pasado; un 9,2 por cento máis. (*Aplausos.*) Contía que foi aprobada mediante un real decreto-lei para actualizar as entregas á conta das comunidades autónomas e tamén das entidades locais para o ano 2025. E Galicia recibirá do Estado a maior entrega á conta da historia. É dicir, que aos 10.239 millóns de euros hai que sumarlles a liquidación pendente, que son 680 millóns, ata alcanzar unha contía de 10.834 millóns. Polo tanto —insisto—, Galicia recibirá un 9,2 por cento máis que o ano pasado do Goberno de Pedro Sánchez.

E así se escribe a historia. Mentres Galicia non acepta a condonación da débeda, mentres Galicia non apoia a proposta de déficit, mentres Galicia rebaixa os seus impostos, unha parte importante, a quen non o necesita, o Goberno de España incrementa un 9,2 por cento a súa achega á Galicia. ¿Ven como se podería facer máis con estes orzamentos? Pero, para iso, hai que remar no mesmo sentido.

Un orzamento, señor Corgos, e vostede sábeo, onde a Xunta pode chegar a incumprir a regra de gasto para o ano 2026 polos beneficios fiscais e rebaixas de impostos que reducen a recadación efectiva. Beneficios fiscais que, non nos cansaremos de dicilo, non nos gustaría que fosen valorados como fan vostedes. Queremos que sexan valorados como pedimos nós na nosa emenda número tres. Porque, se tantos beneficios producen como di o Partido Popular e como di a Xunta de Galicia, ¿por que se negan ano tras ano a marcar uns obxectivos para estes beneficios fiscais e valoralos? Porque o único que atopamos é un escurantismo total. Porque, por dicir, tamén llo di a Airef, que sinala que o cumprimento da regra de gasto, da que antes falei, está condicionado ao impacto das medidas de rebaixas fiscais que finalmente adopte a Comunidade, cuxa valoración non foi facilitada. E isto tamén llo di a Airef. Esta si que é unha emenda recorrente ano tras ano, unha das 41 que presentamos e das que ata agora non aceptaron nin a primeira.

Máis alá de que o Partido Popular diga que son as mesmas de todos os anos, dirémoslle que unhas si, porque cremos que seguen achegando ao articulado destes orzamentos; outras decaeron con respecto ao ano pasado; e outras incorporámoslas novas.

A Xunta nestes orzamentos establece as súas prioridades, como se distribúen os recursos públicos e que modelo de Galicia quere construír. No seu articulado define as normas e regras que deben rexer a execución. Todo parece normal que nas prioridades non coincidamos, porque a ideoloxía súa non é a nosa, pero hai outras emendas que propomos ao articulado que tratan de facilitar a presentación da información, a transparencia da mesma, como son as emendas 4, 5 e 11, por sinalar algunhas que tampouco aceptan. Outras si teñen carácter ideolóxico, como pode ser a emenda 17, onde queremos que teñan en conta o persoal dedicado á defensa dos incendios forestais, que parece que desde o verán a esta data xa se lle esqueceu á Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) E outras, coma a 13, onde pedimos que en ningún caso se deberán facer axustes de créditos que diminúan os programas que financien servizos públicos básicos.

Ou as 29, 30 e 32, referentes á dotación e distribución do Fondo de Cooperación Local. Porque, un ano máis, volvemos falar dunha inxustiza que a Xunta de Galicia perpetúa co aban-



dono financeiro dos concellos. Os concellos, que son a primeira liña de servizos públicos, pero son os grandes esquecidos do Goberno galego. É máis, afógaos economicamente e trasládalles competencias sen financiamento e lavándose as mans. Verémolo esta mesma tarde no debate do Proxecto de lei de protección de saúde dos menores. Non vale que a Xunta diga que aumentou o Fondo de Compensación Local, porque é claramente insuficiente, ao arrastrar déficit de moitos anos e estar deseñado para manter desigualdades entre os concellos. Por iso, nas nosas emendas pedimos cambios, repartición xusta e transparencia.

Quizais na quenda de réplica me dea tempo a entrar nalgunha emenda, pero eu vou empezando a rematar dicíndolle, señor Corgos, que os orzamentos para o 2026 non sorprenden a ninguén. Son uns orzamentos maquillados, con pequenas partidas de escaparate para lavar a cara e dicir que apoian o rural tras os incendios do verán, cando a realidade é que nin sequera son quen de aprobar en prazo o Pladiga, como se verá tamén mañá neste pleno. Uns orzamentos que venden grandes titulares, como esta publrreportaxe institucional absolutamente inaudita nunha administración pública. (*A deputada María Elena Espinosa Mangana amosa un titular de prensa.*) Parece que nin sequera lles chega con toda a cor azul que lles proporciona a Televisión de Galicia.

Pero Galicia non precisa nin máis maquillaxe nin máis propaganda. Galicia precisa saír dese antepenúltimo lugar do indicador multidimensional de calidade de vida do que falaba ao inicio da miña intervención. Galicia precisa políticas públicas que se executen e dean resposta aos problemas reais da xente. Se fose así, se isto se cumprise, seguramente poderíamos falar, señor conselleiro, de «Galicia calidade». Pero, de momento, para a xente, para os galegos e para as galegas, non podemos dicir iso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Ben, desde o Bloque Nacionalista Galego non podemos comezar este pleno como se nada acontecese nos últimos días. Desde o BNG insistimos en enviar unha mensaxe moi clara de tolerancia cero co machismo. Sempre, sempre estaremos do lado das mulleres que denuncian, sexa quen sexa o acusado. (*Aplausos.*) A política ten que estar hoxe á altura das circunstancias, porque é tempo do feminismo. (*Aplausos.*)

Señorías do Partido Popular, pasou hai un ano e volveu pasar este domingo. Da mesma maneira que igual que hai 23 anos contra o *Prestige*, milleiros de galegos e galegas enchemos este pasado domingo a Praza do Obradoiro demostrando que este é un país vivo, que non se resigna, que sabe o que quere e que di, alto e claro, pese a quen lle pese: «Altri non, Galiza si»; «Altri non, futuro e vida si». (*Aplausos.*) Citaba este domingo Xurxo Souto a Manuel



Rivas, e citaba ben: «Dignidade, conciencia libre, un pobo vivo, a honra de Galiza». Fronte a un Partido Popular que nos demostra neste proxecto de orzamentos que están dispostos a vender Galiza a prezo de saldo para os *lobbies* económicos e enerxéticos, segue en pé unha resposta forte e contundente. E así vai seguir ata que rectifiquen, porque vostedes só acertan cando rectifican e xa é boa hora de que vaian rectificando ese erro histórico de intentar poñer unha bomba ambiental no corazón do noso país.

Señorías do Partido Popular, insistimos neste debate, como faciamos ao comezo do debate de totalidade, en que para gobernar e acertar hai que rectificar. E vostedes demostran con Altri, coas folgas que temos agora mesmo nos servizos públicos ou con este trámite orzamentario dos dous últimos meses que xa non é que non queiran rectificar nada, é que non recoñecen a máis mínima cuestión de autocrítica, non recoñecen a máis mínima vontade de escoita. Confunden unha vez máis maioría absoluta con absolutismo. Xa non é que estean pechados na súa torre de marfil; é que teñen as persianas baixadas e parece que puxeron os tapóns dos oídos.

Hoxe remata un debate que pon negro sobre branco como non quixeron escoitar absolutamente nada. De 31 emendas ao articulado e 544 ao estado de gastos, que fan un total de 575 emendas que presentou o grupo líder da oposición, o BNG, non quixeron aceptar ou dialogar sobre ningunha delas. De 575, o Partido Popular non atopou unha soa cuestión que entendese que lle merecía a súa reflexión ou o diálogo. Cero de 575. Pero, ¿quen son os do non, señorías do Partido Popular? Os do non son vostedes, unha vez máis. (*Aplausos.*) Fan vostedes espello de si mesmos. Fan espello de vostedes mesmos e mesmas cando usan o dedo acusador, dicindo contra os demais que somos os do non. A realidade é que nesta bancada estamos os do si: os do si aos servizos públicos, si aos dereitos sociais, si á ciencia e a innovación, si ao autogoberno e a defender os intereses de Galiza. Os do non, evidentemente quedou claro de novo nesta tramitación, son vostedes. Este articulado que debatemos neste punto da orde do día deixa ás claras como iso é así, porque este articulado di non: di non ao futuro, non á defensa de Galiza, non á blindaxe dos servizos públicos, non ao avance dos dereitos sociais. O problema de fondo é que non é un non ao BNG, non é un non ás propostas que fai o BNG, senón que realmente están facendo vostedes un non a facer avanzar Galiza.

Nós insistimos en que esas partidas de gasto son o músculo que ten un Goberno para poñerse en movemento, pois o articulado vén a ser o esqueleto, as normas que lle permiten ese funcionamento e poñerse en marcha. Polo tanto, é evidente que, ao rexeitar as decisións que toman vostedes unilateralmente no proxecto de orzamentos canto ao estado de gastos —sendo mimético, ademais, respecto a outros anos este articulado—, vémonos na obriga de emendar tamén este articulado un ano máis e de rexeitalo, ao non ter aceptado ningunha das nosas propostas. Por certo, propostas que si, son semellantes ás doutros anos, porque o articulado que nos presentan é idéntico ao dos anos anteriores. Fíxense vostedes se é idéntico que manteñen para 2026 medidas regresivas que vostedes puxeron a partir do ano 2012, impulsados, ademais, por un señor chamado Cristóbal Montoro, que lles soará, porque non só foi alto cargo e ministro do Partido Popular anos e anos, senón que está de plena actualidade porque está sendo investigado por presunta corrupción e por ter empregado, ao mesmo tempo que construía as normas de déficit, que tan lesivas son para o noso autogoberno, moito do seu tempo —é certo que é un señor moi polifacético— en crear toda



unha trama de corrupción ao servizo —¡oh, sorpresa!— dos *lobbies* enerxéticos e gasísticos. (*Aplausos.*) Pois ben, vostedes manteñen esas medidas sen ningún tipo de pudor. Presuntamente, a crise financeira quedou atrás, aínda veu unha crise da pandemia, aínda veu unha crise dos prezos, pero vostedes manteñen esas mesmas medidas lesivas para traballadores e traballadoras do sistema público e, en xeral, para os servizos públicos. Polo tanto, nós mantemos a nosa oposición a ese marco e unha batería de 31 emendas que van arredor de tres ámbitos e que sinalan unha alternativa.

Un primeiro bloque para o rescate dos servizos públicos, un segundo bloque para avanzar en dereitos sociais e un terceiro bloque de defensa do autogoberno e para que Galiza aproveite, si, esa oportunidade histórica da quita da débeda.

En primeiro lugar, insistimos, como avanzaba, en que hai que rescatar os servizos públicos en tres eixos: frear a privatización, blindar o seu orzamento de recortes e mellorar as condicións laborais e tamén salariais do persoal ao cargo. Eu quero recordar, brevemente, que neste orzamento avánzase nesa liña de privatización, aumenta a desviación para a sanidade privada case 300 millóns de euros: a metade do orzamento de dependencia vai para prazas na privada e bonos para externalizar os coidados e precarizar sobre todo as mulleres e privatiza novos servizos como os centros de crise 24 horas ou os CIM móbiles.

Aínda que o nodo en que converteron definitivamente os medios públicos deste país conte outra milonga, non hai servizo no día de hoxe sen problemas e sen protestas. Hai unha folga histórica nos coidados, vimos de ver unha folga histórica na sanidade pública, e, hoxe mesmo —para mostra un botón, é unha fortuna que nos acompañe nesta parte do debate o conselleiro de Educación—, é a cuarta xornada de mobilización, e mañá a quinta, o cuarto paro no ensino público galego, nunha mobilización sen precedentes, no que vai de curso, contra a situación límite na que está o ensino do noso país. Porque teñen o número de profesorado conxelado nos últimos anos, sabendo que non se cobren as necesidades. Porque hai un abandono activo por parte da súa consellería, señor Román, das necesidades de apoio especial para o alumnado que máis o precisa. Porque aínda non se recuperaron os horarios lectivos e os dereitos precrise financeira e porque sabe vostede tamén que hai unhas *ratio* absolutamente inasumibles no día de hoxe. E, ¿o Goberno que fai? Xa era bastante malo que conxelasen vostedes as cifras orzamentarias para o profesorado, que temos aquí a imaxe da vergonza. (*A deputada Noa Presas Bergantiños amosa unha fotografía.*) De verdade, non sei ao seu Goberno e non sei ao señor Rodríguez como non lles dá vergonza. Isto é a representación sindical maioritaria do profesorado deste país, a semana pasada, pechada pedindo que o conselleiro a recibira. Xa estabamos acostumados e acostumadas a que a señora García non recibise a ninguén —nin traballadoras das residencias, nin dos centros de menores etc. etc.—; xa era a conselleira de Política Social, Igualdade e Covardía deste país. Pero agora vén sumarse vostede tamén, señor Rodríguez, a esta práctica do Goberno galego. (*Aplausos.*) Ao final o problema vai ser do conxunto do Goberno: un Goberno covarde e autoritario, absolutamente autoritario. En todo caso, iso que di o nodo non lles vai servir para tapar esta grave situación de crise que hai nos servizos públicos.

Ante iso, nós dicimos: «demostren vostedes que van en serio coas súas palabras». Un ano máis incluímos unha emenda de adición ao artigo 9 para poñer unha salvagarda, que se hai



algún momento no que vostedes teñen que recortar orzamento, que non poidan facer recorte nas aplicacións dos programas que afectan créditos dos servizos públicos básicos. Eu insisto en algo que falabamos as últimas semanas: acaba de rexeitarse de novo o marco orzamentario de déficit do Goberno do Estado. Nós, xa sabe, somos nacionalistas, somos críticos, señor Corgos, con ese corsé que ten o noso autogoberno; pero, estando vixente este modelo, hai que negociar por este país. A realidade é que no día de hoxe temos un marco rexeitado e que o Partido Popular simplemente lle dá o botón do «non». Porque, se vostedes fosen a Madrid negociar e dicir «oia, se están en xogo 280 millóns de euros para Galicia entre o 2026 e o 2028, nós queremos apostar porque sexan máis millóns de euros», estaríamos de acordo. Pero o problema é que o Partido Popular aplica a mesma receita que coa quitación da débeda: o «non polo non», porque é un si á submisión ao señor Feijóo e un non a negociar polos dereitos de Galiza e porque as nosas finanzas se vexan saneadas. Nós non podemos dicirlle unha vez máis que están equivocándose. Rectifiquen na cuestión da quitación da débeda, porque cando teñan que facer un recorte, de onde o van facer, como se explica aos galegos e galegas que vostedes rexeiten unha medida que podería aliviar as nosas finanzas. É absolutamente inasumible. Como é inasumible que non acepten esta emenda. Nós sabemos que, se non o fan, é polos seus antecedentes de recortes nos servizos públicos. Porque, un ano máis, temos que dicir que este orzamento tampouco se recupera do recortazo de máis de 1.700 millóns de euros que aplicaron vostedes, por exemplo, na atención primaria, da que tanto se fala nestes días. Pedimos compromisos coma este. Sabemos que o Partido Popular vota non porque sabe que, si, que cando teña que facelo non lle vai temblar a tesoura á hora de aplicala.

Tamén para blindar os servizos públicos, insistimos en que hai que coidar o persoal que traballa neles. Por iso rexistramos tamén emendas destinadas a evidenciar a necesidade de negociación para o incremento salarial, a necesidade de acabar con inxustizas como que o profesorado substituto non cobre no verán ou acabar coa suspensión de dereitos. Por exemplo, das e dos bombeiros forestais, porque este ano este país viviu unha vaga de lumes que non podemos deixar de lembrar, unha vaga de lumes histórica que deixou claro que non funciona o sistema de prevención e que non funciona o sistema de extinción e que o persoal que traballa ao seu cargo está tremendamente precarizado. Vimos en agosto moitos aplausos e moitos propósitos de emenda, pero acabaron os lumes, chegaron as choivas e ¿que vimos, ademais, de bastante incompetencia á hora de enfrontar a chegada á choiva? Vemos que se lles esqueceron as boas intencións. E, por exemplo —xa sen entrar, que o facemos nas nosas emendas, na necesidade de cambiar o modelo e de cambiar tamén como son as condicións do persoal—, vemos que se mantén neste orzamento a precariedade e cuestións absolutamente inxustificables en pleno 2025 —case 2026—, como manter suspenso o artigo 19 do 5º Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta que afecta estes traballadores e traballadoras e que vai de algo tan simple como cuestións de organización laboral, de libranzas e de dereitos de descanso. Cando en agosto arde, moito aplauso, moita demagogia. Despois, o que vemos é irresponsabilidade e manter o recorte de dereitos máis de dez anos despois.

Por suposto, tamén nas nosas emendas abordamos algo fundamental para nós, como poñer punto e final á chapuza das colaboracións público-privadas, como a do Hospital Álvaro Cunqueiro. Porque se a débeda, señor Corgos, é un problema económico para este país, é un problema económico que está amplificado porque hai que sumarlle a factura das colaboracións



público-privadas ás que nos levaron vostedes. Si, si, nega coa cabeza, pero a realidade é que os catro ou cinco gobernos da Xunta do futuro deste país van ter esa hipoteca, porque llela puxo aí o Partido Popular. É un bo exemplo, dez anos despois da súa inauguración, o Hospital Álvaro Cunqueiro: pagamos nestas contas aínda 39 millóns de euros por esa construción que tivo un sobrecusto de 430 millóns de euros, por moito que manipulen vostedes os datos do Consello de Contas, e que poderíamos estar usando agora para outras cuestións, como aliviar, por exemplo, as listas de agarda da sanidade pública.

Pero é que, por riba, vimos nestas semanas noticias absolutamente dramáticas, absolutamente ilustrativas do capitalismo máis caníbal, co que está pasando co escándalo de Ribera Salud. Vimos con estupor a certificación de que en Madrid se daban instrucións para librarse de doentes, instrucións para engordar as listas de agarda, instrucións para obter máis lucro do sistema público. ¿Quen nos di que co modelo do Partido Popular, tan dado a copiar o modelo Ayuso, non pode estar pasando o mesmo en Galiza? Quen nolo di, porque, ademais, non sabemos onde están as letras pequenas dos contratos con Ribera Salud. Non se sabe que acordan vostedes con Altri, non se sabe tampouco isto. Polo tanto, insistimos: medidas neste articulado para frealo e transparencia nesta cuestión. Presentamos emendas para poñer freo a este uso dos cartos públicos, porque non poden empregar Galiza como se fose o cortexo medieval da sanidade privada nin de ningún ámbito deste tipo.

Presentamos tamén un segundo bloque de emendas para avanzar en dereitos. Por exemplo, quitar o veto que exerce este articulado á posibilidade de incrementar, exercitando o autogoberno, as pensións non contributivas neste país: 36.000 persoas que cobran unha pensión non contributiva, que non é, na maioría dos casos, nin a metade do salario mínimo interprofesional. Pero vostedes prefiren manter medidas de salvagarda fiscal para os 8.000 galegos máis ricos do noso país e que aforren case 6.000 euros ao ano no lugar de ter máis recursos económicos para reinvestir en cuestións coma esta. Creo recordar que tiveron o complemento autonómico, despois de intentar quítalos cando entraron no goberno, conxelado máis de dez anos e que despois aprobaron unha suba de 1,20 euros que deixaron en 1 euro, porque 1,20 parecíalles demasiado. Ese é o seu retrato.

E, por último —antes de que se me esgote o tempo—, quero insistir en que presentamos tamén emendas para reclamar a defensa do autogoberno e o exercicio do mesmo. Reclamar que Galiza aproveite e se adapte, que poida incluír unha salvagarda deste orzamento para adaptarse a futuro á aceptación da quitación da débeda. Porque nós seguimos insistindo en ter un pouco de confianza en que algo queda de defensa do autogoberno, aínda que estea nun centímetro agochado de San Caetano, por parte do seu goberno, e que van rectificar. Porque o certo é que a realidade avanza, hai unha proposta enriba da mesa que se vai debater no Congreso e hoxe Galicia ten unha hipoteca de máis de 12.000 millóns de euros. A débeda sobe neste orzamento, increméntase a contía para o xuros. Señor Corgos, por favor, que é a terceira consellería que ten vostede, a da débeda. Pode darlle a risa, pero risa non é ningunha. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, apelamos unha vez máis —e con isto remato, señor presidente— a que rectifiquen e acepten esa condonación. Porque, en conclu-



sión, como argumentamos no debate de totalidade, unha vez máis nestes orzamentos só vemos un goberno que mira o seu propio embigo, que non escoita; xa non o líder da oposición, senón que non escoita este país e as súas necesidades.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

PAULA PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Efectivamente, o Grupo Parlamentario Popular tampouco pode pasar un día coma hoxe, como se non pasase nada dende a semana pasada, dende o 9 de decembro, martes tamén, onde asistimos ao inicio dun espectáculo bochornoso. Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos trasladar todo o noso apoio e solidariedade a todas as vítimas de violencia de xénero. (*Aplausos.*) A todas, pero especialmente neste momento ás vítimas das agresións sexuais do señor José Tomé. A esas ás que o señor Besteiro —porque así o recoñeceu el— e as mulleres da cúpula do Partido Socialista de Galicia aínda non recoñeceron. Anuncian querelas, pero as querelas non se anuncian, as querelas interpóñense. (*Aplausos.*) E, mentres non se interpoñan, e mentres non se evidencie que é unha realidade, señorías, polo que se ve, escoitaron e, acto seguido, miraron cara ao outro lado e puxéronse do lado do agresor.

Un presunto agresor; e dígoo eu, presunto, porque nós seguimos crendo na presunción de inocencia. Aquí os que parece que non cren na presunción de inocencia son os propios socialistas, que xa levan circulando estes días un manifesto con sinaturas de mulleres socialistas e de homes socialistas pedindo a cabeza de toda a cúpula do Partido Socialista de Galicia precisamente por mirar cara a outro lado. Non só un manifesto, agora xa hai dous manifestos. Por tanto, a presunción de inocencia, señorías, rómpena vostedes, os propios socialistas.

Un presunto agresor, insisto, que seguirá como alcalde de Monforte e que seguirá dirixindo a Deputación de Lugo pola porta de atrás, grazas ao apoio cómplice do Bloque Nacionalista Galego, que veu aquí hoxe como comentarista da actualidade. A señora Noa Presas hoxe vén aquí comentar a actualidade cando vostedes, no día de hoxe, 16 de decembro, 10.45, aínda forman parte do Goberno do señor José Tomé, señores do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Ademais, porque nós visibilizamos iso, que forman parte dun goberno dun presunto agresor sexual, chámannos «carroñeirismo político». Mire, ¿saben que é carroñeirismo político, señores do BNG? Carroñeirismo político é intentar manterse no poder á custa de calquera prezo, incluso co apoio dun agresor sexual. (*Aplausos.*) Porque, claro, non vaia ser que perdamos o sillón da Deputación de Lugo e perdamos a posibilidade de seguir alimentando con convenios os concellos do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. Iso si, logo vimos aquí e presentamos emendas aos orzamentos para que a Xunta de Galicia financie mellor eses concellos, porque din que nós non somos obxectivos. Miren vostedes



como está a asignación de convenios na Deputación de Lugo. Claro, non queren perder ese forte financiamento.

Pois, mire, vostedes están poñendo por riba dos dereitos das vítimas o seu interese partidista. Eu supoño que a CIG estará xa organizando una manifestación diante das sedes do Partido Socialista. Non sei cando van poñela en marcha. *(Aplausos.)* Tanto que lles gustan as manifestacións, tan multitudinarias que son esas manifestacións, señora Presas, en vez de manifestarse este fin de semana en Santiago para o que se manifestan sempre, ¿por que non foron manifestarse en contra dos agresores sexuais, que vostedes tamén son cómplices deses agresores sexuais nas institucións? Porque, claro, dicía a señora Ana Pontón o outro día toda indignada: «claro, é que as vítimas teñen que loitar contra as barreiras invisibles das estruturas de poder». Claro, barreiras invisibles que lles poñen vostedes, e vostedes seguen mantendo esas estruturas de poder. *(Aplausos.)* Si, non lle gusta, señora Rodil. Saia vostede aquí despois e diga que racharon co Partido Socialista en España, ese Goberno dos prostíbulos, ese Goberno da Lei do só si é si que puxo agresores sexuais nas rúas, ese Goberno das pulseiras antimaltrato, ese Goberno do que tamén aquí vostedes son cómplices na Deputación da Coruña, na Deputación de Lugo e en tantos concellos de Galicia. Saian aquí e demostren realmente que lles importan as vítimas e que realmente están en contra desa ignominia do Partido Socialista contra a violencia de xénero. A violencia de xénero demostrase con feitos e non con palabras e non sendo comentaristas da actualidade, señorías. Vostedes forman parte desa actualidade.

E voume centrar xa nas... Si, claro, claro, xa sei que están desexando *(Risos.)* *(Murmurios.)* que empezase a falar das emendas, que isto gústalles un pouco menos, pero non pasa nada.

Mire, unhas emendas que —efectivamente, coincido con vostedes— reflexan moi ben o seu modelo alternativo para Galicia. Pero trátase dun modelo que non podía diferir máis do que compartimos o Partido Popular de Galicia e a maioría dos galegos. Señorías, detrás de cada cifra hai medidas concretas pensadas para a sanidade pública, para a educación, para o apoio ás familias, aos maiores, aos concellos e ao tecido produtivo. Son unhas contas, en definitiva, desde Galicia, para Galicia e ao estilo Galicia. Un estilo que se caracteriza pola previsión, pola planificación e polo sentidiño, que cada vez contrasta máis co bloqueo, a incerteza e a inestabilidade permanentes dun Goberno de España que nin nos seus mellores sonhos podería imaxinarse facendo o que hoxe estamos facendo nós aquí. Porque en España, señorías, o que temos é un Goberno incapaz de gobernar, un Goberno que está nos xulgados, no cárcere, nos informes da UCO e nas alertas de última hora, pero nunca no día a día dos españois. Un Goberno, en definitiva, que corroe todo aquilo que toca. Si, de tocar saben vostedes bastante, señorías. *(Murmurios.)*

Mentres nós apostamos por contratar cada ano máis médicos e por tomar medidas para paliar o déficit de profesionais, o que vostedes propoñen é: que haxa menos médicos nos centros de saúde, porque non sei se son conscientes de que cando propoñen que non se poida contratar persoal temporal, o que están propoñendo realmente é que haxa menos profesionais dispoñibles. Para que se fagan unha idea: cada semana o Sergas firma máis de 2.400 contratos deste tipo para cubrir baixas ou permisos de médicos, enfermeiros e celadores. *(Murmurios.)* ¿Que propoñen vostedes, que esas vacantes queden sen cubrir? ¿Que pechemos



os centros de saúde porque non hai profesionais que poidan prestar ese servizo? Claro, que os pechemos, que non haxa profesionais e despois poñémonos detrás da pancarta e dicimos que hai moitísima conflitividade neste ámbito. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Tamén, mentres nós apostamos por contratar cada ano máis profesorado, aínda que haxa menos alumnado, vostedes pretenden tamén recortar o profesorado. Iso si, pagan por ir á folga. Esas manifestacións... ¿Cantas dixo que ían xa, señora Presas, catro? Pois nada, coa caixa de resistencia poden ter ata 400. (*Risos.*) Pero, ao igual que na sanidade, impedir a contratación a tempo parcial nos centros educativos suporía deixar sen cubrir as substitucións e, ademais, limitar o dereito á conciliación daqueles docentes que solicitan unha xornada reducida. En resumo, aniquilan os dereitos das mulleres, recortan o persoal sanitario, recortan en profesorado e recortan en dereitos aos funcionarios.

E mentres nós apostamos por mellorar o financiamento nos concellos, vostedes seguen coas súas teimas. Por unha banda, o Bloque Nacionalista Galego, que quere que os fondos que se viñan transferindo aos concellos para a realización dunha determinada finalidade sexan agora incondicionados. ¿Será porque descubriron que xa teñen algúns dos seus alcaldes empregando fondos que recibe a Xunta para cuestións diferentes ás previstas? Haberá capítulos sobre iso... E por outra o Partido Socialista, que directamente quere que os fondos se atribúan a dedo. Iso si, atribúen só ao Partido Socialista, como fan nas deputacións nas que gobernan, ou como facía o Bipartito. Ese Bipartito do que non lles gustaba que nós falásemos aquí e este fin de semana resucitaron e saíron contentísimos dicindo que hai vinte anos daquel Goberno bipartito marabilloso. (*Murmurios.*) ¿Para que saíron estes do Bipartito o outro día? (*Risos.*) Para dicir que quen acabou realmente co Bipartito foron os coroneles, as coronelas, a UPG e a CIG. E, claro, aviso a navegantes: «coidado que vos estades pasando con tanta conflitividade social e non vaia ser que destrócemos este gran proxecto de moderación que temos e co que conseguimos 25 deputados grazas á descomposición do Partido Socialista, señorías». (*Aplausos.*)

Vostedes tamén propoñen recortar dereitos aos empregados públicos porque, claro, por unha banda, o BNG pretende negarlles o dereito a percibir o complemento salarial; e o Partido Socialista pretende negarlles o dereito a percibir o complemento de produtividade, o cal equivalería, para que se fagan unha idea, a deixar os liberados sindicais sen a nocturnidade. Explíquenllo a ese sindicato maioritario que teñen vostedes por aí.

Pero, se estas non fosen razón suficientes para rexeitar as súas emendas, logo atopámonos ademais con propostas que son brindes ao sol ou directamente rozan o absurdo. Brindes ao sol como todas as emendas coas que se pretenden erixir como os grandes defensores das melloras salariais dos empregados públicos, cando en realidade saben tan ben coma min que os incrementos retributivos veñen establecidos pola normativa básica estatal. E, se non o saben, pois home, deberían sabelo. Pero si que saben, o que pasa é que é mellor botarlle a culpa á Xunta. (*Murmurios.*) E propostas absurdas como a que comparten tanto o BNG como o PSOE en relación co persoal dedicado á defensa contra os incendios forestais. Atenda, señora Presas, mire. Vostedes presentaron —tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego— unha emenda ao artigo 16 referido á contratación de persoal temporal no ámbito das entidades públicas instrumentais. Pois miren, señorías, ¿saben vostedes que a



prestación do servizo en defensa contra os incendios forestais non corresponde a ningunha das entidades instrumentais? ¿Saben vostedes que a prestación deste servizo corresponde á Consellería de Medio Rural dende o ano 2018? ¿Ou non o saben? Así que, señorías, se realmente queren mellorar as condicións laborais do persoal de incendios, empecemos a demostrar un pouquiño máis de rigor e, polo menos, cando presenten emendas ao respecto, pois home, formúlenas no lugar que corresponde.

Pero, en calquera caso, non se preocupen, porque a Xunta si que ten moi claro como facer realidade esas melloras e por iso leva anos traballando de xeito ininterrompido por dotalos dunha maior estabilidade laboral. Grazas a iso, no día de hoxe o dispositivo está conformado por preto de 3.000 profesionais case todo o ano, cando en 2012 eran menos de 1.500. E, grazas a iso, tamén no día de hoxe dous terzos do persoal funcionario deste servizo traballan doce meses ao ano; e o resto foron incrementando os seus contratos, pasando de traballar seis meses ao ano en 2013 a oito meses ao ano neste 2025 e en 2026 serán nove meses.

Ademais, cómpre recordar que xa en 2024 a Xunta chegou a un acordo cos sindicatos que se traduciu en melloras como as gratificacións por cada hora prolongada en materia de servizos extraordinarios —tomen nota e váianllelo trasladando ás súas alcaldesas— ou a compensación económica por cada dous domingos ou festivos traballados. Non lle incrementa un céntimo nas horas extraordinarias. E dicía vostede, señora Presas, que piden organización laboral, libranza e dereitos de descanso. ¡Xusto o mesmo que piden os bombeiros de Santiago de Compostela e que o Goberno do Bloque Nacionalista Galego non é capaz de darlles! (*Aplausos.*) ¡Xusto iso! Fagan vostedes un pouquiño de formación interna e explíquenlle estas cousas a quen non as sabe aplicar. Así que veñen vostedes aquí, nin sequera saben de quen depende este servizo, así que escusen dar leccións, señorías.

E, xa para ir rematando, voume centrar en dúas das emendas do PSOE, que na miña opinión exemplifican moi ben o contraste do que falaba ao principio entre a Xunta e o Goberno de España. Porque, por exemplo, piden que se elabore un estudo sobre os efectos dos beneficios fiscais aplicados pola Xunta. Si, si, señora Espinosa. Pois mire, podémonos aforrar este estudo preguntándolles aos 9.500 galegos que non terán que pagar por recibir unha herdanza; ás familias que pagarán un 15 por cento menos de IRPF pola compra de material escolar e libros; aos enfermos de ELA que non terán que tributar pola axuda que reciben da Xunta —da Xunta, porque do Goberno de España aínda están agardando, señora Espinosa—; aos afectados polos incendios deste verán, que tampouco terán que tributar polas axudas que recibiron; ou ás familias monoparentais, que tanto din que lles preocupan e que por primeira vez desfrutarán de rebaixas fiscais para adquirir vivendas de segunda man. Estes son os verdadeiros beneficios fiscais, señorías do PSOE, e non as 90 subidas de impostos que leva aplicado o señor Pedro Sánchez dende que chegou á Moncloa. Se lles preocupa realmente o peto dos galegos, convénzanos dunha vez por todas para que reduza o IVE dos alimentos esenciais: da carne, do peixe e doutras moitas cousas que nós xa temos aprobado aquí e en Madrid.

E non me veña falar da Airef, señoría, porque vostede falou de moitas cousas da Airef pero o que non dixo é que a Airef (*A deputada Paula Prado Del Río amosa un documento.*) a condonación da débeda di que non se pode destinar a gasto, por moito que vostedes digan... Iso, bueno, pois parece que non leu esa páxina do informe da Airef. Despois, tamén que se axilice



a resolución das solicitudes de Risga. Curioso que pida isto quen comparte siglas cunha ministra da seguridade social que a principios deste ano tivo que suspender o pago do ingreso mínimo vital por atasco burocrático do Instituto Nacional da Seguridade Social, que acumula sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por negar esta axuda con escusas como non contar cunha fotocopia do DNI ou ter unha hipoteca, ou que nos últimos meses vén de revisar as contías ata o punto de rebaixarlle a axuda de 430 euros a apenas 50 euros a unha nai solteira de Cambados con dous fillos. Porque, dos creadores de «*soy feminista porque soy socialista*», agora comprobamos tamén a realidade dun Goberno que ata hai moi pouco presumía de non deixar ninguén atrás. Con estes dous exemplos, hai dúas formas de gobernar: unha, pensando en facilitar a vida da xente, e outra pensada en xerar máis problemas e dificultades. Creo que queda claro quen está en cada cousa.

Por iso, remato xa. Con estes orzamentos Galicia volve demostrar que hai outra maneira de facer política: con estabilidade, con rigor e pensando no interese xeral por riba de todo. Mentres outros se perden no ruído, na improvisación ou no tacticismo, aquí hai un Goberno que cumpre, que planifica e que dá certezas. Estas contas, polo tanto, son unhas contas útiles e que buscan mellorar a sanidade, reforzar a educación, apoiar as familias, os concellos, os empregados públicos e quen máis o necesita. É dicir, gobernar ao estilo Galicia. Por iso, rexeitamos unhas emendas que non achegan solucións reais e defendemos uns orzamentos que si responden ás necesidades da maioría dos galegos. Porque, fronte á incerteza de outros, Galicia avanza; fronte ao bloqueo, Galicia cumpre; e, fronte á política do non, Galicia goberna. Con este proxecto de orzamentos, Galicia goberna hoxe e seguirá gobernando mañá.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda para definirse sobre as emendas. Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señora Prado, paréceme xusto e necesario nestes momentos destacar que a práctica totalidade de medidas en favor da igualdade real da muller e na loita contra a violencia de xénero débense a accións de gobernos progresistas, fundamentalmente socialistas. (*Aplausos.*) Non aceptamos leccións do Partido Popular, e a proba vémosla neste Parlamento co exconselleiro de Pesca. É máis, os e as socialistas non podemos nin debemos permitir que esas condutas rexeitables e condenables sexan capitalizadas por quen acreditou pouco ou nada coa loita pola igualdade. (*Aplausos.*) E a mellor política, señora Prado, efectivamente, son feitos e razóns, e non descualificacións. Sempre existiu unha diferenza entre vostedes e nós, porque nós sempre puxemos por diante as vítimas, absolutamente a todas (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Vólvome referir ao que fixeron vostedes aquí neste Parlamento co exconselleiro de Pesca, que está quentiño, que é moi recente.

Pero, bueno, nesta quenda temos que posicionarnos sobre as emendas doutro grupo. Isto será o que farei, porque, señora Prado, tamén parece que vostede falou pouco dos orzamentos, interesábanlle pouco. Pero a nós si que nos importan, porque efectivamente neles figura o que vai ser o futuro de Galicia...



Ademais, tratou de terxiversalos, como fixo co fondo que os socialistas pedimos para os concellos. O que pedimos é un único fondo transparente e, dende logo, con criterios fixados; e non o que vostede aquí transmitiu.

Pero vou intentar centrarme nas emendas, porque Democracia Ourensana non presentou emendas aos proxectos de lei. A do Partido Popular queda incorporada no ditame da Comisión. E o que se refire ás 31 emendas rexistradas polo BNG, cómpre sinalar que varias delas presentan un contido practicamente idéntico ao das propostas formuladas polo noso grupo e outras resultan moi semellantes. Contan co noso respaldo á número 3, relativa á adecuación de créditos, e á 9, sobre contratación de persoal temporal no ámbito das restantes entidades públicas instrumentais e, en particular, o persoal dedicado á defensa contra os incendios forestais, en coherencia co xa exposto na defensa das nosas propias emendas. En materia de criterios retributivos, apoiamos tamén as emendas desde a número 11 á 20, ambas incluídas, que se refiren ao persoal funcionario laboral, ao que está ao servizo das institucións sanitarias, ao interino a tempo parcial nos centros docentes non universitarios, ás universidades públicas e ás entidades integrantes do sistema universitario. Tamén apoiamos as emendas 27, 28, 29 e 30. Do resto das emendas non mencionadas expresamente, a nosa posición será a abstención.

Pero agora permítanme que volva entrar un pouquiño no debate deste proxecto de Lei de orzamentos. E volvo preguntarme: ¿debate? Non, non houbo debate; como moito escasas referencias a algunhas emendas. Porque, unha vez máis, o Partido Popular trae unha proposta pechada e impermeable e calquera achega da oposición rexéitaa sistematicamente. Porque, insisto, non falamos de emendas caprichosas; en moitos casos non son nin propostas ideolóxicas. Falamos de achegas construtivas, razoables e pensadas para mellorar o texto que afecta directamente a vida da xente. Pero, para o Partido Popular, gobernar significa impoñer e pasar o rodete. Actitude que non é nova, é unha forma de entender a política baseada na maioría absoluta como cheque en branco, esquecendo que este Parlamento representa a pluralidade da sociedade galega. Rexeitar todas as emendas da oposición —e neste caso refírome xa ás que presentou o noso grupo— é rexeitar tamén a voz de milleiros de galegos e galegas que non pensan como o Partido Popular, pero merecen o mesmo respecto. *(Aplausos.)* Porque a democracia, ademais de ter os votos, constrúese co diálogo, coa negociación e a capacidade de incorporar propostas alleas cando son boas para o país.

E remato xa. O bloqueo constante que fai o Partido Popular aos orzamentos demostra medo ao debate e falta de vontade para mellorar as leis.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Carroñeirismo político, si, señora Prado; carroñeirismo político, o seu e o do seu partido. Volveuno demostrar hoxe aquí, que non lles importan a vostedes o máis mínimo as vítimas, o único que lles importa é facer carroñeirismo. O BNG



actuou e manifestouse de forma contundente desde o minuto cero, señora Prado, porque estamos sempre do lado das mulleres que denuncian e sempre fronte ao machismo, sexa quen sexa o acusado; *(Aplausos.)* sexa da sigla que sexa, señora Prado, aplicando a mesma vara de medir e poñéndonos do lado das mulleres que denuncian.

E mire, vostede pode darnos cero leccións. Cero leccións en materia de feminismo e cero leccións nesta situación. Porque, ¿sabe o que non fixo ninguén do BNG a semana pasada e xa lle prometo que non o vai facer nunca ninguén do Bloque Nacionalista Galego —e que, se o fai, será inmediatamente botado da nosa organización—? ¿Sabe o que non fixeron? O que non fixeron foi despedir entre aplausos nun acto oficial o presunto agresor, señora Prado. *(Aplausos.)* Iso foi o que non fixo o BNG: despedir entre aplausos nun acto oficial un acusado de agresión sexual. *(Aplausos.)*

Señora Prado, vostede dirixe o Partido Popular; é secretaria xeral, se non me engano no nome do cargo. ¿Canto tempo tapou vostede o señor Villares? ¿Canto tempo soubo vostede que o señor Villares estaba acusado de agresión sexual? *(A deputada Paula Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* O mesmo día, di, o mesmo día. Vostede igual si, eu confío na súa presunción de inocencia. Agora, o seu presidente da Xunta, o seu xefe, tapouno catro meses. *(Aplausos.)* Catro meses sentado no Consello da Xunta. Sentado no Consello da Xunta e de paseo por Galiza participando en ata tres actos de Igualdade, alguén que sabían que estaba denunciado por agresión sexual. *(Aplausos.)* Señora Prado, debería caerlles a cara de vergonza.

Pero tampouco sorprende nun partido que, no que vai de lexislatura, xa rehabilitaron un condenado por violencia machista para ser concelleiro exemplar, mandando unha nota do Partido Popular de Pontevedra dicindo que ese señor era exemplar na loita contra a violencia machista. Un Partido Popular que, só no que vai de lexislatura, vimos como metían no calabozo a un exconcelleiro do Partido Popular en Ribadavia por violencia machista, o señor dimitía, e, para un que dimite, temos que escoitar o señor Rueda na rolda de prensa dese consello da Xunta dicindo que dimitir en todo caso é unha cuestión persoal, rebaixando así ao mínimo este tipo de cuestións. Sorpresa cero dun Partido Popular, como cando se soubo que había un presidente da Deputación —unha Deputación coñecida tamén pola gran xestión económica que fai, como é a de Ourense— do que todos e todas escoitamos eses audios vergonzosos. ¿E que fixo o Partido Popular? Aplaudirle e promocionalo politicamente a seguinte vez que saltou a lei e que conduciu a unha velocidade inadecuada. En fin. *(Aplausos.)*

En todo caso, de comentarista da actualidade veu vostede aquí, señora Prado, porque tan pouco que defender dos orzamentos da Xunta de Galiza que veu aquí con tres cuestións. A primeira, os bulos do Partido Popular. No capítulo de hoxe tocounos escoitar o de que se paga por ir ás manifestacións. Ben, as caixas de resistencia son unha ferramenta de loita sindical rexistrada documentalmente desde o século XIX. Podían abrir vostedes algún día un libro. Pero, claro, o Partido Popular é máis de caixas B que de caixas de resistencia. *(Aplausos.)* Entón, están vostedes un pouco confundidos con este tema.

A segunda cuestión foron as obsesións do Partido Popular, no capítulo de hoxe —igual que nos 350 capítulos anteriores— co Goberno nacionalista de Santiago de Compostela. Eu non



sei se segue querendo candidatar-se como alternativa á señora Sanmartín. Non lle auguro moita sorte nese papel, pero, en todo caso, é vostede libre. Pero ¿sabe o que fai a señora Sanmartín cos problemas laborais e de organización laboral? Reunirse cos traballadores e coas traballadoras e facer propostas. Esta semana vaise falar unha proposta do ámbito que vostede sinalaba. Pero, por exemplo, hai uns días precisamente viamos como a señora Sanmartín se reunía coas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, que, se están nunha situación que hai que abordar, é precisamente polo infrafinanciamento da Xunta de Galiza, o que vostedes van perpetuar nestes orzamentos. Reunirse con esas traballadoras, que é algo que non fai a súa conselleira de Política Social, Igualdade e Covardía; que nin sequera en casos extremos, como a situación de residencias de maiores que vimos en Amoeiro ou en Xinzo, nin sequera cando vai a Garda Civil baixar a persiana dun centro do que é responsable a Xunta, se reúne esa señora coas traballadoras que ten ao seu cargo, que son as máis precarizadas de toda a Xunta. Polo tanto, leccións de feminismo... Era xa o que nos cumpría ver: leccións, agora, do Partido Popular de organización laboral e sindical e solidariedade coa clase obreira. En fin, señora Prado...

E a terceira cuestión na que vostede se centrou —porque cando non hai de onde tirar pois vaise por aí— é a gran deficiencia das emendas do Bloque Nacionalista Galego. Mire, eu asumo que o Bloque Nacionalista Galego fai as súas emendas de forma precaria co limitado marco de debate orzamentario. Pero mire, cando lles interesa e cando queren vostedes negociar algunha cuestión, fan propostas de transacción. É algo que podíamos ter feito neste proceso. Pero, claro, as propostas de transacción ao Partido Popular acórdalle habitualmente coa Lei de acompañamento, cando hai que meter máis eucalipto e cando teñen que corrixir esas chapuzas, porque están tan distraídos atacando o Bloque Nacionalista Galego que se lles pasan os prazos de emendas e que non a rexistran a tempo. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, en fin, debo lamentar unha vez máis esta dinámica, en xeral, de debate. E debo insistir en que hai algo positivo neste debate orzamentario que vimos no articulado, que vimos nas comisións, que vimos no pleno de totalidade e que veremos hoxe: que é que, afortunadamente, os galegos e galegas teñen unha alternativa seria, rigorosa e comprometida con este país nesta outra bancada. *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños sinala a bancada da súa esquerda.)* Seguiremos traballando en evidenciar as debilidades deste proxecto e as necesidades de cambio.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Di a señora Espinosa que o Partido Socialista é o partido que máis medidas de igualdade e máis políticas de igualdade puxo en marcha na historia do noso país e que grazas ao Partido



Socialista avanzaron moitísimo as políticas de igualdade. Supoño que sería iso o que lles dixo o señor Besteiro ás vítimas cando lle foron dicir que eran agredidas sexualmente polo señor Tomé: «non se preocupe, nós somos o Partido Socialista que impulsamos moitísimas medidas de igualdade e tal, pero, ben, vai para a casa e cala a boca». Supoño que sería iso. Por non falar das súas compañeiras que a acompañan no escano, señora Espinosa, que, como mulleres, iso de «*hermana, yo sí te creo*» ou iso da «sororidade» non entra dentro dos seus conceptos de socialista; «*soy feminista y soy socialista y todo se confunde*». (Aplausos.) Pero, non, «somos os dos prostíbulos; somos os das agresións sexuais, miramos cara a outro lado, tapamos acosadores e agresores sexuais». Iso si, vostede subiu a esta tribuna, señora Espinosa, e non tivo nin unha soa palabra para as vítimas de agresión sexual do Partido Socialista, nin unha soa. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, claro, na segunda quenda, cando se viu arrastrada polos dous grupos que falamos dese tema. Pero vostede, cando subiu a esta tribuna —que foi a primeira que subiu a esta tribuna esta mañá—, cero palabras para as vítimas de agresión sexual dentro do Partido Socialista. (Aplausos.)

E mire, señora Presas, ¿sabe que? ¿Sabe a que está abrazado o BNG? O BNG está abrazado a José Tomé, presidente da Deputación de Lugo. E, claro, vostede láíase aquí de que nós abrazásemos un conselleiro no momento no que se despide, pero é que vostedes nin sequera despiden o presidente da Deputación de Lugo, e iso está nas súas mans. Vostedes están abrazados a José Tomé. Señora Presas, dígaos como o diga e chámenos «carroñeirismo político» ou como queira, pero vostedes no día de hoxe, 16 de decembro, seguen cogobernando co señor Tomé na Deputación de Lugo. ¿E sabe cal é a diferenza entre o Partido Popular e como actuou o Partido Popular cun caso máis recente e como están actuando vostedes? Mire, primeiro, nós non mentimos; segundo, nós non... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, si, nós nunca mentimos; actuamos inmediatamente. (Murmurios.) Non, porque o señor presidente dixo a verdade. Actuamos inmediatamente o mesmo día que entrou no xulgado e ese mesmo día deixou todos os cargos, ¡todos! E vostedes, como o señor Tomé non deixa o cargo porque non lle parece oportuno, van seguir gobernando con el e dependen do seu voto para seguir no Goberno da Deputación de Lugo.

Di vostede que hai un asunto duns audios... Señora Presas, iso xa se xudicializou e xa hai sentenza, e a sentenza é absolutoria. O que pasa é que, como vostedes din que os xuíces son fachas e son fascistas, supoño que ese xuíz non lles vale; valeríalles outro calquera. En calquera caso, estaría moi ben que vostedes lles exixisen aos seus socios de goberno, ao partido que vostedes apoian en todas as institucións, que levasen á Fiscalía todas esas denuncias que teñen tanto no canal privado como nos despachos, de forma privada, con líderes do Partido Socialista, recoñecido por eles mesmos. (Aplausos.) Non o di o Partido Popular; recoñeceuno o señor Besteiro, que dende o mes de outubro tiña coñecemento desas denuncias. E vostedes seguen apoiando este Partido Socialista. Hoxe mesmo o veremos cando vostedes voten as emendas que presenta o Partido Socialista a este orzamento. E vémolos cada día na Deputación da Coruña, na Deputación de Lugo e en todos os concellos onde cogobernan.

E, mire, non é que teñamos ningún... Eu non teño ningunha obsesión co Goberno da señora Sanmartín, ¡eh! ¿Sabe que pasa? Que eu vivo en Santiago e vexo como está a nosa cidade. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non. Non, non, vostedes poden falar. Non, ría. É moi gracioso. Mire, aos bombeiros non lles fai graza, á Policía Local non



lle fai graza, aos traballadores dos centros socioculturais non lles fai graza; ás traballadoras do SAF non lles fai graza. ¿Sabe aos únicos aos que lles debe facer gracia? Aos asesores, aos dez directores de área que cobran 75.000 euros ao ano, que falamos de 800.000 euros que lles darían para pagar as horas extras que reclaman os bombeiros. *(Aplausos.)* A eses, señoría. E, mire, ¿sabe en que estou traballando eu? Estou traballando en que Borja Vereza sexa o alcalde que Santiago merece. E, si, o Bloque Nacionalista Galego non é que teña obsesión coa señora Sanmartín. *(Aplausos.)* ¿Sabe que pasa? Que ese é o modelo que vostedes propuxeron de goberno do BNG. Vostedes dicían «por primeira vez unha alcaldesa na capital de Galicia». Imos demostrar o ben que facemos o BNG as cousas. E, mire, nunca tan mal estivo Santiago. Nunca tan mal se xestionou Santiago. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, fíxese, aínda así fixemos moitas máis cousas e resolvemos moitos máis problemas porque gobernabamos para a xente, ¿sabe? Non gobernabamos para os nosos amiguítos da Rúa de San Pedro, nin para os dous ámbitos do BNG nin para as empresas amigas do BNG. *(Aplausos.)* Porque, tanto que lles preocupan os contratos menores, miren o Portal de Transparencia e miren cantos coinciden con afiliados e simpatizantes do BNG, da CIG e de todo ese parque temático do Bloque Nacionalista Galego, señorías. *(Aplausos.)*

Pero miren, eu xa dixen o que tiña que dicir sobre as súas emendas: falta de rigor, falta de seriedade e falta de compromiso cos problemas reais dos galegos e galegas. Por iso non podemos aceptar unhas emendas que van en dirección contraria ao avance e ao futuro de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

(A deputada Silvia Longueira Castro pide a palabra.)

Si, señora Longueira, ¿para que quere vostede a palabra? *(A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: ¿Con base en que artigo, por favor? *(A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? *(A deputada Silvia Longueira Castro: No artigo 76.)*

O PRESIDENTE: 76. ¿Que é exactamente? *(A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, calquera deputado pode pedir, pero si ¿con base en que? *(A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano da señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Pois eu creo que a señora Prado, nun momento de ofuscación, dixo que as compañeiras do escano socialista eramos «dos puteros». Eu, por favor, pediría que rectificase. Entendo...



O PRESIDENTE: ¿Uns...? Perdón, perdón, non entendín ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Dixo que era...?

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Unificounos cos puteros, parece ser. *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Non, eu non oín tal cousa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Si, si, por favor, repasen o que dixo a señora Prado. *(Murmurios.)* Eu rogaría, se me deixan falar...

O PRESIDENTE: Non, non, pero...

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Se me deixan falar. *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Pero eu...

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Se me deixan falar, eu rogaría que o retirase, por favor.

O PRESIDENTE: Vostede tranquila.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Eu estou tranquilísima.

O PRESIDENTE: Pero vostede tranquila, non se deixa tampouco influenciar por...

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Non, eu confío en vostede.

O PRESIDENTE: Eu, sinceramente, iso agora non me dou conta de escoitalo.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Pois, entón, non estaría atento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: É posible, pero imos miralo.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Pero para iso haberá xente que o recolla.

O PRESIDENTE: Imos miralo, imos miralo.

Non se preocupe, é posible que eu non estivese atento...

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Igualmente, si.

O PRESIDENTE: ...ou que ande mal do oído, que tamén é posible.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Pode ser, pola idade.

O PRESIDENTE: Ímolo mirar.



SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Mellor. Vale.

O PRESIDENTE: Vale, perfecto. (*Murmurios.*)

Debate conxunto sobre os estados de gastos

O PRESIDENTE: Pois, rematado o primeiro bloque, pasamos ao segundo bloque, que é o debate conxunto do estado de gastos.

Rolda dos grupos para explicar a súa oposición. Neste caso o Grupo Parlamentario Socialista, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

En primeiro lugar, e dunha forma clara e contundente, quero expresar todo o noso apoio, o noso afecto, a nosa solidariedade, todo o noso apoio total a todas as vítimas que sofren acoso, estean onde estean e sexan as que sexan. (*Aplausos.*)

O acoso e a denuncia non ten o carné político dun só partido, pero a contundencia e a protección das vítimas, si, e esa é do Partido Socialista. (*Aplausos.*) O único partido que deu un paso adiante na apertura e na protección contra eses delitos. E facémolo abrindo unha nova fronteira e, sobre todo, ademais, contemplando a protección sobre deixar fóra do foco a propia vítima. Algo co que vostedes, señores e señorías do Partido Popular, deberían estar calados e non dar leccións a ninguén, porque foron, precisamente, ante casos pasados, os que centraron o foco da atención na vítima. (*Aplausos.*) E iso é o que nos leva a nós á responsabilidade.

As miñas afirmacións en relación cos feitos que relataban vostedes son as que eu fixen, atidas á verdade sempre; pero, sobre todo, perseguindo algo moi importante, que é preservar o anonimato das vítimas. Por iso, non poñendo o foco nas vítimas, non como fixeron vostedes con outras vítimas no pasado. (*Aplausos.*) Por tanto, sacalas do foco é o fundamental, abrir un espazo de protección é o fundamental e, a partir de aí, é onde temos que seguir todos insistindo na mesma cuestión: na persecución dos feitos, pero, sobre todo, na denuncia deses feitos, para que o mecanismo poida funcionar. O mecanismo legal ou o mecanismo do que soamente o Partido Socialista se ten dotado: ese canal de denuncias anónimo onde se poden tramitar as mesmas. (*Aplausos.*) Eu invito a que outros partidos asuman ese paso adiante. Asímanos, fágano. ¿É doloroso? ¿Produce dolor nalgunhas cuestións? Si, pero é un avance na protección de todas as vítimas que sofren acoso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Rematabamos a nosa última intervención, a compañeira Elena Espinosa, sobre o proxecto de orzamentos da Xunta para 2026 cunha reflexión. Este Parlamento converteuse nun lugar onde o debate apenas serve xa para darlle forma ás decisións tomadas de antemán. E hoxe, que remata a tramitación dos orzamentos da Xunta, podémolo dicir absolutamente sen ro-



deos: vanse aprobar igual que entraron, tal cal; sen melloras, sen correccións, igual de curtos, igual de inxustos e sen escoitar nada do que pasa fóra destas catro paredes. Señorías do Partido Popular, aceptar emendas non é un síntoma de debilidade, é un exercicio de responsabilidade política. Porque aceptar emendas é entender que os orzamentos non son patrimonio única e exclusivamente dun goberno, senón unha ferramenta ao servizo da cidadanía do noso país. Porque, mentres aquí se felicitan, fóra hai máis de 22.600 persoas agardando por unha vivenda pública. Hai un ano eran 18.000, un crecemento dun 26 por cento. É o número máis alto da historia do noso país. E dáse o paradoxo de que é tamén cando o prezo da vivenda en compra e alugueiro está máis caro que nunca. A xente non pode máis, e a Xunta responde con anuncios e con maquetas, pero sen casas. Rueda, o presidente da Xunta, mira para outro lado como se o problema fose causado pola xente e non derivado das políticas que non se fan.

Na dependencia a situación é igual de sangrante. As persoas que esperan por unha axuda agardan unha media de 349 días, case un ano, o maior tempo de espera, tamén, da historia rexistrada. E, mentres, dende o 2017 máis de 7.000, máis de 7.000 persoas morreron sen recibir o que lles correspondía por dereito; 7.000, dúas por día. Dúas persoas cada día que faleceron agardando. E iso, coincidiremos todos, ao menos nós coincidimos, en que non é unha estatística; é un fracaso político. *(Aplausos.)*

E se falamos de sanidade tampouco mellora o panorama. Hoxe hai 360.000 persoas esperando por unha cita médica e 50.000 agardando por unha intervención cirúrxica. Pero nin sequera sabemos se é o peor dato da historia, porque a Xunta xa nin dá datos claros: cada vez menos transparencia e cada vez máis propaganda. E o máis grave é que, cando lles propoñemos solucións, tamén din que non. Propuxémoslles blindar por lei o dereito a ser atendido nun máximo de 48 horas en atención primaria, para que ninguén estivese semanas ou meses esperando por unha consulta. ¿E que fixeron vostedes? Rexeitárona. Rexeitárona, mentres hai xente que desespera nas listas de espera, mentres quen pode paga unha consulta privada, a quen vostedes están a favorecer con esa planificación calculada de destrución da sanidade pública. E, os que non poden, quedan á súa sorte, agardando, sufrindo e perdendo dereitos. Porque a sanidade é un dereito. Vivenda, dependencia, sanidade; ese é o triángulo do seu fracaso. Así o reflicten as sondaxes de opinión, onde cada ano do seu mandato crece a preocupación da cidadanía en todos estes ámbitos.

Ese é o país que nos deixan con estes orzamentos: unha Galicia que podería avanzar, pero que leva anos parada entre o autobombo e o abandono. O problema non é que falten recursos, senón que chegan hoxe aquí, co motor da soberbia a tope, pisando a fondo e dispostos a aprobalo todo a golpe de maioría; pasando por riba da realidade coma quen non a ve, coma quen non a oe ou coma quen non quere saber.

En vivenda presentan vostedes uns orzamentos que soben partidas xusto onde o diñeiro do Estado chega con regularidade. Para a construción de vivenda nova, por exemplo. Porque, sexamos sinceros, a vivenda pública en Galicia faise cos terreos dos concellos e cos cartos do Estado; de fondos propios, máis ben pouquiño. *(Aplausos.)*

Nós desde o principio propuxemos outra cousa. Na nosa emenda transversal pedimos máis fondos para construír vivenda pública e vostedes votaron en contra. Propuxemos crear un



banco público de alugueiro para que a Xunta puidese intervir, que a Administración interviñese no mercado e garantise un marco de mínimos, onde a xente destinase non máis do trinta por cento do seu salario para vivir no teito baixo o que vive. E que, ao mesmo tempo, os propietarios tivesen seguridade e garantías. Tamén o rexeitaron. Rexeitaron máis fondos para a rehabilitación, que permitirían poñer máis vivendas no mercado e aliviar os prezos. Rexeitaron todo o que podía facer cambiar algo verdadeiramente, de verdade. E, mentres tanto, seguen vendendo como solución iso de vivir en 25 ou 30 metros cadrados. Eu vexo o Goberno e non vexo ninguén capaz de vivir un día nun piso de 30 metros. E a razón está en que porque para vostedes 30 metros cadrados é un despacho, non é unha vivenda. *(Aplausos.)* E, claro, así é imposible entender o problema da xente que vive con angustia cada fin de mes para pagar o disparado alugueiro da súa vivenda.

Sanidade. Presentan vostedes uns orzamentos con moito, absolutamente, continuístas en sanidade. De feito, se un mira o peso global ata perde algo de peso relativo; é dicir, importa menos do que xa viña importando. Eu pídolle a este Goberno que mire o sistema sanitario, pero con honestidade. ¿De verdade cren que están a mellorar en eficiencia? ¿Que resolve mellor os problemas? ¿Que afronta os cambios que fan falta? Os datos din que non. E vostedes, aínda así, rexeitan todas e cada unha das propostas que nós facemos. Coa emenda transversal esta os socialistas galegos propuxemos incrementar a partida para sanidade en 212 millóns de euros. Un investimento pensado, sobre todo, para a atención primaria, pero tamén para a saúde mental e un plan de choque contra as listas de espera. Todo rexeitado. E, coas que agora están incluídas no estado de gastos, xa sabemos tamén que van facer: rexeitalas. Mellorar centros de saúde, dotar de máis recursos, reforzar a atención primaria... A todo din que non. E, mentres tanto, todos sabemos o que pasa: cando unha persoa chega a unha consulta aténdena profesionais magníficos, pero cada vez é máis difícil chegar a esa consulta. Cada vez o sistema é menos accesible, menos universal. A atención primaria vive esperas insoportables, e o que debería ser o eixo do sistema convértese nun foco de frustración e de malestar.

Este Goberno leva anos afastándose dos profesionais e da cidadanía e, aínda así, segue instalado na soberbia, convencido de que todo vai ben. E, cando a realidade os supera, ¿que fan? Anuncios, titulares, promesas, que logo se perden no aire. ¿Que foi dos cribados de cancro de mama para as mulleres de 45 a 50 anos que Rueda prometeu hai dous anos? ¿Por que bloquean dous millóns que chegan do Ministerio para loitar contra o cancro? ¿Ata onde chega ese delirio de confrontación, que lles importa máis discutir co Goberno de España que coidar a xente? *(Murmurios.)* Na súa primeira sesión de investidura, o presidente da Xunta falaba de máis tempo por paciente; 30 pacientes ao día por médico de primaria é a vella reivindicación dos profesionais deste país. Pois ben, ¿cantos profesionais teñen hoxe ese máximo en Galicia, para garantir unha mellor asistencia? Hai que buscalos con lupa, porque apenas existen. E iso que este Goberno moita palabra, moita foto, moito anuncio, pero detrás a realidade é que a sanidade pública segue afundíndose, e vostedes nin a ven nin a queren ver.

Política social. O desastre en que teñen convertida a política social en Galicia fala por si só. Hai un momento no que xa non fan falta adxectivos, abonda con mirar os datos. Falámoslles antes das axudas á dependencia e, ¿que incorporaron vostedes nos orzamentos para esas axudas? Nada, absolutamente nada. Debe ser que para este Goberno en política



social todo vai francamente ben. (*Aplausos.*) Voulles ler algunhas das áreas destes orzamentos que deberían financiarse como prioridade: prestacións ás familias e á infancia, prevención da dependencia, discapacidade, persoas maiores, solidariedade, apoio ás mulleres que sofren violencia machista, conciliación, servizos sociais comunitarios. ¿Saben que teñen en común todas estas partidas? Que todas baixan nos orzamentos da Xunta de Galicia; todas, e algunhas de maneira escandalosa. A solidariedade, por exemplo, cae un 22 por cento. A isto súmase outra cousa que son os servizos con menor execución orzamentaria, igual que pasa en vivenda. O que aproban non se executa e o que anuncian non se cumpre.

E, mentres tanto, parece que lle están facendo caso a Vox sen precisar dos seus votos —aínda—. Porque moitas destas baixadas semellan calcadas das políticas da ultradereita. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Hai quen dentro do Partido Popular galego mira con envexa o que fai a dereita máis extrema e está a aplicalo por adiantado. Nós, dende o PSdeG, fixemos o contrario: aportamos propostas concretas reais que melloran a vida da xente. Falabamos de residencias de maiores en Cambados ou en As Nogais; de centros de día en Betanzos ou en Outeiro de Rei; de espazos de lecer inclusivo en Pontedeume, (*Murmurios.*) ou unha escola infantil en Chapela; dun incremento de vivendas para menores tutelados; do desenvolvemento dun plan integral contra a pobreza; dun reforzo dos equipos de valoración de discapacidade e dependencia e deseño dun plan de servizos sociais coordinado cos concellos. Falabamos de gratuidade nos servizos de cero a tres anos; do reforzo da inspección de centros de atención residencial e de día e da gratuidade do SAF. Falabamos de propostas para aumentar os fondos do pacto de Estado contra a violencia machista ou para habilitar casas de acollida para persoas con adicións. Hai moito por facer, moito proposto, moito traballo serio detrás. E, ¿que fixeron vostedes con todo iso? Rexeitárono todo, proposta por proposta. E logo falan de «compromiso social». Pois ben, aquí está o seu compromiso: recortes, parálise e soberbia. (*Aplausos.*)

Educación. Falemos de educación, porque unha educación pública, forte, inclusiva e con futuro non debería ser un luxo. É a base de calquera país que queira avanzar. En Galicia iso significa coidar os centros educativos desde infantil ata secundaria; ter edificios dignos, seguros e preparados para ensinar e aprender. Pero tamén significa entender que a educación non se sostén só con paredes; sostense coas persoas. Por iso é imprescindible repoñer os cadros de persoal, reforzar o profesorado especializado en necesidades educativas especiais e garantir a presenza de coidadores e coidadoras; e tamén dar estabilidade a quen investiga e ensina, cun plan galego de estabilidade laboral que asegure continuidade e calidade ao sistema educativo e científico. (*Aplausos.*)

Defender a educación pública é garantir igualdade, sen lugar a dúbidas. Axudas aos comedores escolares, programas para previr o abandono escolar e libros de texto gratuítos en formato dixital ou en papel, para que ningunha familia quede atrás por motivos económicos. E, se queremos mirar ao futuro, temos que apostar pola innovación. Un programa específico de I+D+i ligado á educación que impulse novas metodoloxías, investigación pedagóxica e mellora continua do sistema. Porque educar ben é a mellor política do futuro. E un país que inviste na súa educación inviste na súa xente e na súa dignidade. ¿Saben que fixeron con todas estas propostas? Rexeitáronas.



Infraestruturas. Vostedes non son coherentes nin sequera coa xestión das infraestruturas, porque foron e fomos os e as socialistas galegos en solitario quen conseguimos as bonificacións das peaxes das autoestradas estatais aquí no noso país, en Galicia, e seguimos traballando cara a esa gratuidade tan desexada. E xa é curioso que aquí todo o mundo reclama, pero no Congreso non se vota. (*Aplausos.*) Pero o asunto das autoestradas galegas... ¡Ai, aí nin tocalo! Diso nin falamos nin tocamos o tema, porque aí somos un exemplo de coherencia. (*Aplausos.*) Digo que o asunto das autoestradas galegas, que poderían ter as mesmas bonificacións —supoño que non haberá ningún problema legal para ter as mesmas bonificacións, ou máis das que ofrecen as de titularidade do Estado aquí no noso país—. Esas dependen exclusivamente da Xunta de Galicia. ¿Están incluídas esas partidas? Non, iso si que non se toca, non vaíamos falar diso. ¿Están incluídas as partidas para mellorar o transporte público? Tampouco. ¿Que fixo o Partido Popular coas emendas que plantexamos sobre estes asuntos? Rexeitáronas. Do mesmo xeito rexeitan as achegas para párkings públicos nos hospitais ou os millóns que pedimos para arranxar viais autonómicos que hoxe son un perigo para quen conduce por eles. Rexeitadas tamén as humanizacións de rúas que cruzan poboacións; as melloras nas estacións de autobuses de Ferrol, O Porriño, Vilagarcía ou Valdeorras; ou a conexión da A-6 co polígono das Gándaras na cidade de Lugo. ¡Todo rexeitado! E o mesmo co investimento en cascos históricos, como no caso de Pontedeume ou co Castelo de Maceda. ¡Tampouco! Polo visto, a vostedes todo iso sóbralles.

Enerxía. Seguimos coa mesma historia. Un país con potencial para ser líder mundial na enerxía sostible, pero cun Goberno paralizado, sen planificación, sen vontade nin capacidade para aproveitar o que ten diante dos ollos. O caso da comercializadora pública de enerxía é o mellor exemplo. Aquel invento que ía revolucionar o mercado, garantir a enerxía limpa e barata para todos e converternos en referencia mundial... ¿Lembran todo aquilo que se dixo o ano pasado? Pois foron dúas semanas de euforia mediática, unha catarata de notas de prensa, entrevistas, titulares... Parecía que se acababa de descubrir o lume. O señor Rueda brillaba nos telexornais convencido de que acaba de tocar o teito da modernidade, e despois nada, absolutamente. (*Aplausos.*) Aquel proxecto desapareceu como bágoas na chuvia, fume e máis fume. Outra idea vendida a bombo e prato que acabou sendo o de sempre: propaganda sen contido.

Economía e industria. Tamén deberíamos falar do impulso á economía galega; ou máis ben da súa ausencia, porque vostedes non saben nin o que é iso. Poucas veces se viu un Goberno tan impasible, tan quieto, tan cómodo mentres o país se move sen dirección. En Galicia seguimos por debaixo da media española en emprego, e os datos de emprego xuvenil son aínda peores. Iso quere dicir que moitos mozos e mozas seguen sen poder construír o seu proxecto de vida aquí, no seu país. E, se miramos o PIB, pasa o mesmo: Galicia medra menos que o conxunto do Estado. Non é un problema conxuntural; é unha consecuencia directa de falta de políticas activas para dinamizar a economía, apoiar as pequenas empresas e reter talento. Mentres a Xunta presume de estabilidade, a realidade é que a estabilidade non chega aos fogares galegos. E gobernar é iso: facer que o progreso se note na vida da xente, non só nas roldas de prensa.

Miren, Galicia pechou outubro como a comunidade con peor evolución industrial de toda España. Un goberno pode optar por políticas procíclicas ou anticíclicas; pode apostar pola



macro ou pola microeconomía, pode acertar e ata pode errar. (*Murmurios.*) Hai moitas opcións, pero vostedes foron máis alá: inventaron a «non política económica». Iso, desde o meu modesto punto de vista, si que é ser pioneiros. (*Aplausos.*) A súa única aposta visible foi chegar a apaños cunha macrocelulosa, un proxecto que xa lles dixemos —e repítollo hoxe— que é un proxecto morto, que non ten vía de implantación. Vostedes sábeno, pero aínda así desenvolveron a medida unha reforma legal que pode conlevar que lle paguen unha indemnización millonaria a Altri con cartos públicos. O señor Rueda fixo de Altri a súa grande aposta industrial, o seu proxecto estrela, e miren o resultado. Entre a fusión das caixas, de Pemex e Altri, o seu modelo económico parece unha colección de fracasos; (*Aplausos.*) iso si, con nome propio.

E, mentres tanto as propostas serias, as que traían industria e emprego, todas rexeitadas. Neste orzamento presentamos emendas para investir en polígonos industriais: das Pontes á Sionlla, en Santiago; de Pontenova a Lousame; de Vilagarcía, de Boiro ao Barco de Valdeorras... Todas absolutamente rexeitadas. Na nosa emenda transversal propuxemos investimentos para fixar produción industrial, para impulsar novos proxectos, para dar aire ao sector enerxético galego; en especial ao eólico, un sector no que Galicia podería —creo que coincidiremos niso— ser líder. Pero vostedes, unha vez máis dixeron, que non. Non a todo. Porque o seu modelo é sempre o mesmo: esperar, resistir e vender fume.

A vostedes en materia de débeda gústalles falar de «orzamentos históricos». Pregúntome por que non falan de récord histórico de débeda, porque practicamente son o mesmo número: 13.000 millóns de euros, case un ano enteiro de contas públicas. ¿Non lles parece importante? A nós si. As contas galegas destinarán este ano máis dun 10 por cento do seu orzamento só para pagar débeda. Póñanse a pensalo. Se o pago da débeda fose unha consellería, sería a terceira de maior orzamento, por diante da de política social, tanto como a atención primaria de Galicia. Imaxinen o que sería dispoñer do dobre dos cartos para dependencia, para a sanidade, para servizos sociais, para contratar máis profesionais, para reducir as listas de espera, para reforzar o coidado das persoas, ou para reforzar a financiación do mundo local. (*Aplausos.*) Porque, sen concellos con recursos, non hai servizos públicos de calidade. Pero non o facemos, porque un de cada dez euros vai directo aos bancos.

E o máis grave, que isto podería cambiar se este Goberno e o seu presidente non fosen reféns da política frontista que o Partido Popular practica en Madrid, esa estratexia de confrontación constante. Vémoslo aquí neste Parlamento: o 80 por cen dos debates xiran en torno á confrontación co Goberno de España. E iso serve para unha cousa: disimular a falta de xestión que hai aquí en Galicia. (*Aplausos.*) Cando un Goberno dedica máis tempo a discutir co Estado que a gobernar o seu país, acaba esquecendo o que lle importa e o que é verdadeiramente importante: a nosa xente. Os datos están aí. Ano tras ano hai partidas que quedan sen gastar mentres faltan recursos nos servizos públicos. Non se pode pedir máis cartos a Madrid cando se deixan millóns sen executar nos propios orzamentos da Xunta. ¡Iso non é ser reivindicativo, iso é ser un irresponsable! Galicia non precisa máis confrontación. Precisa seriedade, xestión e compromiso co que é noso. E, por desgraza, estes orzamentos tampouco responden a iso. Non son uns orzamentos pensados para Galicia, senón para contentar a sede de Génova central do Partido Popular. (*Aplausos.*)



O señor presidente da Xunta fai o que lle mandan, e iso significa que a Xunta renuncia a pedir por si mesma. O exemplo máis claro témolo na condonación da débeda. Mentres outras comunidades van aproveitar a oportunidade, Galicia queda atrás. Poderían ter aceptado esa condonación dun terzo da débeda co Estado, pero non o fixeron. Por iso ao señor Rueda as contas de Galicia nunca lle cadran ben; non porque falten recursos, senón porque insisto: sobra obediencia a Madrid e falta valentía para defender o noso país. *(Aplausos.)*

En Facenda hai algo que sempre nos chama a atención nos seus discursos sobre economía. Pasan o día falando de impostos, pero nunca falan de asumir responsabilidades, de recadalos e de xestionalos aquí, en Galicia; nunca falan diso, nunca falan de aumentar as competencias e de recadar —de forma eficiente, ademais— outros impostos diferentes. Iso tamén é autogoberno e iso tamén, desde o meu modesto punto de vista, pasados os anos de autonomía en Galicia, debe responder a unha madurez política nese sentido. E, mentres tanto, repiten unha e outra vez a mesma consigna: que baixar impostos é a solución para todo. Pero, mire, nas sociedades máis avanzadas do mundo, nos países máis igualitarios e prósperos, non baixan impostos, distribúenos mellor. España ten unha presión fiscal de sobre un 34 por cento, moi por debaixo de Francia, de Suecia ou de Dinamarca, onde supera o 40 por cento, e alí, curiosamente, funcionan os servizos públicos, hai menos desigualdade e máis oportunidades. Por iso, a súa fórmula non se sostén. Baixan impostos aos que máis teñen, renuncian a recadar e logo piden ao Estado que compense o que vostedes mesmos deixaron de ingresar. Iso non é autogoberno; iso é pedir que outros paguen as súas decisións. *(Aplausos.)* Se de verdade cren en Galicia, fagan o que fan os países serios: asuman a responsabilidade dos seus ingresos e dos seus gastos, porque gobernar non é prometer o que non se pode cumprir, é facerse cargo do que toca con honestidade e con coherencia.

Falemos de igualdade e de violencia machista, con seriedade, *(Murmurios.)* porque este tema non vai de titulares nin de anuncios nos orzamentos, vai de vidas. A realidade é moi clara: o incremento de 1,2 millóns de euros do orzamento vén do Estado. Galicia achega menos da metade. Iso non é compromiso decidido, é maquillaxe orzamentaria. *(Aplausos.)* É certo que hai reforzos de persoal, e iso é positivo, pero non chega. Mentres tanto, redúcense á metade, con fondos propios, os orzamentos para as casas de acollida —140.000 euros— e desaparece a partida de infraestruturas. E aquí hai preguntas que non poden quedar sen resposta: ¿vaise ampliar a rede de acollemento si ou non?, ¿que pasa coa casa para mulleres con adiccións que estaba prevista no Porriño? Porque máis do 60 por cento das mulleres en tratamento por adiccións sufriron violencia machista. Isto non é un debate teórico, é unha necesidade urxente. Hai tamén unha responsabilidade pendente coa educación afectivo-sexual. A mocidade precisa ferramentas para protexerse da desinformación e dos modelos de relación tóxicos que se espallan, por exemplo, a través do porno. Educar é previr, educar é coidar, educar é construír futuro.

Dende o noso grupo pedimos algo moi básico: compromisos reais, e vostedes rexeitáronos todos. Porque a loita contra a violencia machista non é opcional, é unha obriga legal, institucional e moral. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

En Cultura volvemos atoparnos co mesmo de sempre: estancamento e desequilibrio estrutural. Os orzamentos consolidan un modelo excesivamente centralizado que aposta polos



grandes proxectos e esquece a creación de base, o tecido cultural local e as iniciativas que nacen no territorio, e isto ten consecuencias moi claras: máis desigualdade territorial e máis dependencia de proxectos estrela que apenas xeran retorno social nin cultural. O exemplo máis evidente é a Cidade da Cultura, que absorbe máis de 12 millóns de euros, mentres se deixan morrer proxectos de tanta envergadura como pode ser o Museo da Romanización de Galicia, en Lugo, ou mentres a maioría dos concellos non teñen financiamento suficiente nin sequera para manter abertas bibliotecas ou programar actividades culturais estables. (*Aplausos.*) Falan de modernización, pero os números falan doutro modelo: dunha política cultural de escaparate, máis preocupada polo márketing que por fortalecer o tecido cultural real. A cultura non se sostén con iconas, sostense con persoas, con proximidade e con continuidade.

En política lingüística pasa exactamente o mesmo: un orzamento que prioriza convenios e campañas simbólicas fronte a programas estruturais e verdadeiramente transformadores. Para facernos unha idea: os proxectos de educación lingüística apenas superan o 10 por cento do orzamento total destinado á lingua. Isto non é unha estratexia de normalización, é unha política de decorado. Organismos fundamentais como o Consello da Cultura Galega sobreviven grazas ao compromiso dos seus especialistas, non teñen un apoio decidido da Xunta de Galicia. E o orzamento global para a normalización lingüística sitúase arredor dos 11,9 millóns de euros, moi lonxe dos 17 millóns cos que contou o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. (*Aplausos.*) O resultado é unha política lingüística fragmentada, baseada en campañas publicitarias e en convenios sen continuidade nin avaliación do seu impacto real na nosa cultura.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Defender a lingua non é facer actos nin anuncios, é garantir presenza estable na educación, na cultura, nos servizos e na vida cotiá.

Non quero rematar sen defender outro modelo de medio rural, porque o que lle pasa ao noso rural di moito do que somos como país. Este verán vimos o mellor e o peor de Galicia. O mellor, a xente, a veciñanza, os traballadores e os voluntarios que deixaron a pel loitando contra o lume; (*Aplausos.*) o peor, a fraxilidade dun territorio que segue sen política forestal seria nin planificación. Máis de 100.000 hectáreas arrasadas e ningunha lección aprendida. Non hai modelo, non hai prevención, non hai aposta polo rural vivo; un rural que debería ser a verdadeira alma do noso país: agricultura, ganderaría, silvicultura, vida e futuro; e, en cambio, o que temos é abandono, improvisación e políticas que chegan tarde e mal.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Ante todo isto —e remato xa—, vostedes seguen pasando o rodillo, convencidos de que os seus orzamentos son absolutamente impecables, pero os datos están aí e as realidades tamén. ¿Iso non lles fai pensar nin por un momento que algo pode non estar funcionando? Permítanme, soamente para rematar, un dato: este ano presentamos 435 emendas e nos últimos tres orzamentos este goberno recibiu máis de 3.600 emendas.



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: ¿Saben cantas aceptaron? Oito; e das 8, 4 foron só correccións de redacción; 8 de 3.606 emendas. Iso non é ter criterio; iso é crer que un é absolutamente infalible, e a infalibilidade non é unha virtude democrática. Cando un goberno rexeita 3.600 propostas alternativas, non está dicindo que todas sexan malas, está dicindo que non queren escoitar. Porque neste país hai moitas maneiras de facer as cousas, hai ideas, hai talento e hai vontade de mellorar. O problema é que vostedes confunden maioría con verdade, e a maioría dálles poder, si, pero non lles dá a razón.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: E como dicía Quevedo —o clásico, non o músico—, a soberbia nunca baixa de onde sobe, pero sempre cae de onde subiu.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día de novo a todas e a todos.

«O maior perigo para o noso futuro é a indiferenza». Isto díxoo a primatóloga e activista ambiental Jane Goodall, que ademais faleceu apenas uns días antes de que entrase nesta Cámara o Proxecto de orzamentos, do que hoxe imos rematar o seu debate. E a min isto de que o maior perigo para o futuro é a indiferenza, recórdame moito o Goberno galego en xeral, e a súa actuación política, e de forma moi concreta o debate orzamentario que estamos enfrontando nas últimas semanas, nos últimos meses, porque precisamente ese trámite orzamentario que se vai saldar hoxe —salvo acontecemento histórico extraordinario—, con máis de 500 emendas do BNG rexeitadas e sen un só cambio significativo, pois para min basicamente é iso, ¿non? Son uns orzamentos indiferentes dun goberno que permanece indiferente e impasible ante os grandes problemas dos galegos e das galegas e ante os grandes retos que ten neste momento o noso país. Paréceme que teñen unha actitude indiferente, porque son insuficientes nas cantidades; que son indiferentes porque as propostas que incorporan son unha calcomanía das anteriores e non abordan os grandes retos máis urxentes, como a crise dos servizos públicos, como a resposta á crise climática ou como o grave problema da vivenda; e que son indiferentes tamén porque, sobre todo, hai diante un goberno que actúa así, indiferente ante o que lle din os demais. É un goberno que non quere escoitar, que se parapeta na súa maioría absoluta e que non quere escoitar ningunha das 544 propostas que ten enriba da mesa.

Polo tanto, se o punto de partida xa era malo porque o orzamento é insuficiente, pois o termo de chegada tampouco está a ser moito mellor, porque vén sendo exactamente o mesmo. Nós entendemos que son erradas tamén as propostas que formula o grupo de goberno, e que



vaian saír hoxe sen un só cambio, dende logo, é unha mala noticia. E antes de avanzar algunhas das propostas do Bloque Nacionalista Galego e de insistir na falta de argumentación para o seu rexeitamento, eu quería recordar precisamente esta cuestión como aspecto inicial, e é que este do que estamos a falar é un orzamento que é insuficiente, un orzamento que, en realidade, é un orzamento decrecente. Quero recordar que a suba do 2 por cento do gasto non financeiro —286 millóns de euros— non compensa sequera o 2,7 por cento de suba da inflación que houbo no ano 2024. Isto xa sen ir á perspectiva de 2009 ou sen ter en conta a perspectiva dos últimos meses ou tamén a baixada de crecemento que se prevé para os próximos anos e que, desde logo, vai influír. Polo tanto, por moito que maquillen a realidade, o certo é que co que nos presentan hoxe, co que se vai ratificar, necesitaríamos cando menos 119 millóns de euros máis para poder falar dun orzamento conxelado e xa non só recortado.

Polo tanto, é evidente que se hoxe é máis caro prestar servizos públicos, e de feito o gasto corrente aumenta un 4,2 por cento realmente debido a isto, pois un orzamento que medra menos do que vai subir a carestía da vida, desde logo, é xa un orzamento que nace mal, que nace recortado e que non se vai poder facer, por moito que intenten pintar máis con menos recursos. E a pregunta é: ¿que fai ante isto o Goberno do Partido Popular? Porque poderían estar vostedes cunha estratexia de captación de recursos, poderían estar vostedes abertos a negociar por este país, pero realmente non o están facendo. Insisto, primeiro, antes de máis, renuncian ás oportunidades de ingresar máis recursos, como cuestión previa, cunha política fiscal antisocial; unha política fiscal que drena máis de 800 millóns de euros para o próximo exercicio das nosas arcas públicas. Unha parte importante deses 800 millóns de euros poderían corresponder a outra política fiscal e, a través desa maneira, reinvestir no noso país máis recursos e, polo tanto, ter unha parte coa que contribuír a aumentar a marxe de orzamento —iso xa está desbotado por parte do Goberno do Partido Popular—. Pero é que, en segundo lugar, e moi preocupante tamén, están vostedes —e insistía na primeira parte do debate— cunha política de folga de brazos caídos ante calquera oportunidade que poida ter este país de obter máis vías de financiamento ou de obter medidas que beneficien as nosas arcas públicas. Vémoslo ao non negociar nada no ámbito do Estado ante o debate que está habendo sobre as novas regras de gasto e demais. Galiza podería perder máis de 280 millóns de euros entre o 2026 e o 2028, e vostedes danlle ao botón do Partido Popular acriticamente. Pero é que xa non é o que pode perder, é que podería gañar máis tendo un goberno que negociase no seu nome. E o segundo exemplo pois é, evidentemente, algo que non pode deixar de facer parte deste debate, como é a aceptación da quitación da débeda. Eu insisto unha vez máis: hai unha quitación enriba da mesa, hai unha proposta para debater e o señor Rueda, que estivo un ano sen negociar por este país, agora parece que lle está poñendo velas a todos os santos para que se tombe a quitación da débeda no lugar de aproveitar esta oportunidade histórica. Titular de onte: *(A deputada Noa Olalla Presas Bergantiños mostra un documento.)* «Rueda confía en que o Congreso tombe a quitación de 4.010 millóns da débeda galega». ¡Isto é absolutamente inaudito! Un goberno, un presidente, que ten a oportunidade de ter máis recursos para o seu país, e que o que desexa é que se perda esa oportunidade. ¡Isto é un escándalo, señor Rueda! *(Aplausos.)* ¡É indigno de ser presidente da Xunta! Un presidente que avala uns orzamentos cos que —volvo insistir—, por moito que digan que non é un problema económico, por moito que fagan as piruetas numéricas que queiran, a realidade é que triplicaron a débeda durante os seus gobernos, ao mesmo tempo, por certo, que recortaban 1.700 millóns de euros de atención primaria e ao mesmo tempo que tamén, nun



período moi concreto que estudou o Consello de Contas até o ano 2019, recortaron 2.500 docentes. Despois, claro, son os malos os que están hoxe en folga, pero esa é a realidade que deixaron mentres triplicaban a débeda. A realidade é que temos unha factura de máis de 12.000 millóns de euros enriba da mesa e a realidade é que este orzamento ten a terceira consellería, que non é a de Política Social, que é realmente a terceira consellaría, a da débeda. Sobe ata os 1.643,7 millóns de euros e increméntanse os xuros da débeda en máis de 95 millóns de euros, ao que hai que acrecentar a chapuza —insisto— das colaboracións público-privadas. Unha hipoteca —volvo insistir, vólvelle dar a risa ao señor conselleiro—, pero é que os catro próximos gobernos da Xunta van ter iso da súa man, constrinxindo a súa capacidade de decidir politicamente. Eu estou preocupada por esa cuestión en xeral, pero sobre todo porque cada vez estou máis convencida de que non van ser vostedes quen lideren eses próximos gobernos. Polo tanto, fóra brincadeiras, realmente é un problema que haxa esa hipoteca no noso país; é, desde logo, un problema económico e político. Teñen vostedes diante da mesa unha axuda á que poder agarrarse e seguen vostedes querendo tirala ao lixo. É difícil facelo peor, señores do Partido Popular.

Outra cuestión que temos que recordar —agora que quero centrarme nas nosas propostas— é que para vostedes basicamente o gran mérito de presentar este orzamento, tendo a maioría absoluta e sendo o máis ordinario na historia do sistema democrático galego —algo que só non pasou en sete de corenta e tres orzamentos do autogoberno—, nas súas defensas nas últimas semanas, nos últimos meses, foi o feito de presentalo. Parece que son vostedes dignos de recibir unha medalla olímpica por iso, pero a realidade é que non pasan a máis mínima proba do algodón.

Son uns malos orzamentos para Galiza, son malos na contía, porque son insuficientes, malos pola perspectiva de non ampliarse no futuro polo sectarismo do Partido Popular e malos polas decisións políticas que inclúen, xa sen ir á falta de execución e xa sen ir á previsión de modificacións orzamentarias que farán que a realidade, unha vez feita esa transmutación do orzamento, sexa moi distinta da que nos presentan hoxe aí.

Pero, miren, nós pensamos que están vostedes tan afeitos xa a manipular a antiga CRTVG que xa cren as súas propias ficcións. E vou poñer tres exemplos para aterralo no concreto do que levamos visto neste orzamento e da alternativa que propoñemos. O primeiro exemplo é que Galiza viviu a peor vaga de lumes da súa historia recente; segundo Copernicus: máis de 143.000 hectáreas, comarcas enteiras, persoas feridas, casas e explotacións destruídas... Un dano brutal, ambiental, social e económico. ¿E que fai o Partido Popular? Unha réplica do modelo que fracasou —unha réplica diso—: conxelar as partidas de Medio Rural e baixar as que teñen que ver coa crise climática. Nin unha soa proposta de cambio de modelo. A realidade é teimuda, a realidade é obxectiva: hai un problema neste país, houbo unha catástrofe sen precedentes e o Partido Popular mira para outro lado.

Segundo exemplo. Temos tamén —e insistía á primeira hora da mañá— unha enorme crise nos servizos públicos, e a estratexia do Partido Popular é tamén mirar a outro lado; estratexia combinada con culpar os demais. Claro, sempre son culpables as traballadoras, son culpables as organizacións sindicais, é culpable o BNG..., é culpable o cosmos; sempre hai algún responsable, non quen estivo gobernando os últimos dezaioito anos. ¿E que fai o Partido Popular,



por exemplo, co servizo de axuda no fogar, que é central nestes debates? Pois o que fixeron durante o ano foi recortar o orzamento do servizo de axuda no fogar en máis de 17 millóns de euros nos últimos meses. ¿E que fan nestes orzamentos? Pois fan un incremento que non ten credibilidade de 8 millóns de euros pírricos, e que sabemos que despois vai ter modificacións orzamentarias. Fan unha proposta ridícula a traballadoras e aos concellos, e o que fan é xogar realmente co benestar de 23.000 persoas.

Terceiro exemplo, ámbito da vivenda —moi brevemente—. Ben, eu creo que está fóra de discusión xa que é o principal problema para a vida de milleiros de galegos e galegas. ¿Que ofrece o Partido Popular? Pois dá igual que aspecto da política de vivenda se mire; dá igual, son promesas incumpridas. Por exemplo, vivenda protexida: promesas grandilocuentes, titulares recentes; a realidade é que non pasan a proba do algodón. En 2024, cinco vivendas protexidas —cinco vivendas protexidas—; en 2025, no que vai de ano, tres. É que me sobran os dedos das dúas mans para poder retratar a súa política de vivenda. O resumo é que se lles medrase o nariz como a Pinocho cada vez que fan unha promesa en materia de vivenda, non collerían vostedes pola porta deste Parlamento. *(Aplausos.)*

E fronte a iso, desde o BNG presentamos emendas que denuncian as carencias deste orzamento, que denuncian as súas ausencias e que atisban as medidas necesarias e incorporan propostas para corrixir as medidas equivocadas. Eu vou sinalar tres breves para estes ámbitos que acabo de mencionar. No ámbito do medio rural, propoñemos, por exemplo, 20 millóns de euros para comezar a impulsar o plan Da cinza á vida. De verdade que, despois do que pasou neste país en agosto, despois dos intensos debates que tivemos os tres últimos meses, é para nós inaudito que o Partido Popular siga na súa torre de marfil sen abrirse a aprobar e a impulsar o plan Da cinza á vida. Porque —insistimos— cómpre reparar o dano feito polos lumes, pero cómpre, sobre todo tamén, cambiar de modelo para ter un monte realmente multifuncional, realmente diverso, realmente resiliente aos embistes do cambio climático e tamén produtivo. ¿E que di o Partido Popular? Non. E poderase argumentar: vale, dicimos «non» á proposta do plan Da cinza á vida, pero é que din «non» ao resto tamén. Din «non», por exemplo, a propostas concretas para recuperar zonas especialmente afectadas, como é o caso de Valdeorras. ¿Que di o Partido Popular? Presentamos unha emenda concreta e din «non», porque, claro, para levar de paseo, en plena crise incendiaria, o señor Feijóo a Valdeorras, si que se acordaban desa parte do país; agora ben, para aprobar un plan específico para reclamar e recuperar unha das zonas máis afectadas do noso país, na que, ademais, hai máis reincidencia nos últimos anos nesta afectación, para iso non se acordan vostedes de nada. *(Aplausos.)*

Ou, por exemplo, propoñemos tamén 10 millóns de euros para un plan de reordenación forestal con madeiras autóctonas, diversificación, loita contra a enfermidade e pragas. Propoñemos tamén 7 para a mobilización de terras agrarias, para fomentar a remuda xeracional, para a comercialización da compra pública co plan Da granxa á mesa, etcétera. ¿Cal é a alternativa do Partido Popular? Dicir «non» ás propostas do Bloque Nacionalista Galego é seguir alimentando nestes orzamentos os intereses das pasteiras, promover a moratoria *fake bis* do eucalipto, porque lles pareceu pouco que se incrementase, en dous anos de aplicación, en 25.000 hectáreas a superficie desta especie, e, desde logo, rexeitar propostas que cambiarían o modelo. Está ben claro cales son os seus intereses. Un día imos espertar e imos ver



no *Diario Oficial de Galiza* que cambiaron vostedes o cáliz do escudo por un eucalipto xa directamente. (*Aplausos.*)

Para o problema do SAF, do servizo de axuda no fogar, insistimos en que é unha desas cuestións na que é inaudito que non poida haber un consenso nestes orzamentos. Propoñemos 15 millóns de euros máis para incrementar o seu financiamento. Propoñémolos detraéndoo, ademais, do seu modelo fracasado de bonos de coidado. Vostedes —insisto— seguen sen abrirse a negociar esta cuestión, enredando os concellos en negociacións e sen ter unha proposta solvente que axude a esta crise. Insistimos en que hai que subir en dous anos, até dentro de dous anos, até os 20 euros hora. Puideron vostedes, por exemplo, no debate de totalidade, coller a metade do que lles perdoan aos máis ricos deste país en imposto de patrimonio e terían así unha fonte de orzamento, pero incluso neste trámite nós estabamos abertas a que puidese haber unha negociación, e vostedes rexeitárona.

E no ámbito da vivenda, por citar algunha das propostas, propoñemos 20 millóns de euros para un novo modelo de vivenda protexida VPA en réxime de alugueiro; é moi importante que teña a cualificación permanente, outra cuestión á que vostedes se negan. E incorporamos tamén unha vintena de propostas neste ámbito para que corrixa o seu modelo fracasado.

Estes tres exemplos que eu puña agora mesmo —medio rural, servizo de axuda no fogar e vivenda— son paradigmáticos do que dicía ao comezo da miña intervención: un goberno que está indiferente ante os graves problemas que teñen os galegos e galegas. ¿Peor vaga de lumes? Miran para outro lado. ¿Situación de colapso nos servizos públicos? Miran para outro lado. ¿Crise habitacional? Propaganda e propaganda. Porque hai que falar tamén neste debate orzamentario de cando a propaganda nin sequera coincide co recollido no orzamento, que é algo que vimos tamén neste debate orzamentario máis que en ningún outro. Aínda non entrara o orzamento nesta Cámara e xa nos prometeron esa fin de semana que, por fin, coa moción de censura do Partido Popular, ía haber —maxicamente, case posta polo xenio de Aladín— unha residencia en Ribeira. E logo nin sequera ten unha partida orzamentaria concreta no orzamento que nos presentaron 24 horas despois de facer esa promesa. E así con todo. Fixeron o mesmo, por exemplo —eu, que son de Ourense—, co Centro de Saúde de Mariñamansa. Non hai unha partida concreta, non aparece nin citado na memoria —que é gratis poñer cousas na memoria dos orzamentos—. Así con todo, hai exemplos de todo tipo ao longo do país: á comarca da Coruña, por exemplo, o ano pasado prometíanlles un albergue e desapareceu dese orzamento. ¡Así con todo!, así, sen credibilidade; e algunhas cuestións, anos e anos. Estou vendo o meu compañeiro Iago Tabarés e non podo deixar de lembrarme do edificio administrativo que teoricamente vai facer a Xunta en Ourense. ¡Cinco anos, cunha partida de 2 millóns de euros! ¿Que hai hoxe na parcela? Silvas. Señor conselleiro, hai silvas nesa parcela. (*Aplausos.*) É unha gran metáfora dos plans que ten a Xunta de Galiza, e moi singularmente para o reequilibrio territorial. (*Aplausos.*) E así con todo. (*Aplausos.*) Porque, falando de plans, podemos falar tamén do macroprometido reiteradamente Plan de competitividade e sostibilidade 2024-2025 da Consellería do Mar; nunca se soubo máis. ¿Onde está o plan? ¿Onde están os 136 millóns de euros? Así con todo. Ese é o *modus operandi* do Partido Popular precisamente no ámbito dos sectores produtivos e no ámbito industrial.



Por iso, desde o BNG dámoslle a volta na nosa proposta alternativa e presentamos propostas concretas de actuación, con nomes e apelidos, con concreción orzamentaria e cun plan ambicioso detrás. Sinalamos necesidades urxentes que ten este país. Por exemplo, só pensando no ámbito da mellora da mobilidade, da loita contra a sinistralidade viaria a favor de estradas seguras, presentamos máis de cen propostas; máis de cen propostas tamén necesarias de ampliación, de reforma ou de creación de novas infraestruturas sanitarias, especialmente, en atención primaria, pero tamén de dotación no ámbito hospitalario; ou máis de sesenta propostas de ampliación de centros de día e escolas infantís. Son medidas tamén para os distintos ámbitos económicos. Por exemplo, no sector do mar, insistimos en cubrir ausencias do seu goberno, e practicamente na «Consellería de Propaganda» —podían cambiarlle o nome— propoñemos fomentar a investigación para enfrontar así a crise climática; e hai propostas tamén para favorecer a remuda xeracional ou a rexeneración das rías. E no ámbito industrial, incluímos ausencias que non son xustificadas, por moito que sexan reiteradas, como un centro de reparación naval de Vigo, o Complexo Integral de Construción Naval de Ferrol —outra vez ausentes neste proxecto—, ou, por exemplo, a nosa proposta —insistimos— de 20 millóns de euros para impulsar un plan plurianual na Ulla, Ulloa e Arousa para a dinamización dos sectores produtivos. Aquí vense ás claras os dous modelos: o modelo do Partido Popular, de favorecer o *lobby* enerxético e os intereses das pasteiras; e o modelo do BNG, que é escoitar o país, escoitar Galiza, escoitar o que di de «Altri non, futuro si» para unha comarca produtiva que merece apoio no lugar de que lle poñan unha perna enriba. (*Aplausos.*)

E abordamos tamén urxencias nas que o Partido Popular mira para outro lado. Insistimos nas últimas semanas en que tamén hai unha enorme crise no sector da automoción; hai unha enorme crise, en concreto, no Centro Tecnolóxico, e a Xunta debe deixar de buscar culpables e debe poñerse a traballar. Por iso, nós insistimos na creación dunha verdadeira mesa da automoción e en que se leven a cabo medidas de impulso para este sector e tamén plans de emprego e estratéxicos en ámbitos coma este e noutros do sector económico e industrial que están en crise.

Insistimos tamén na cuestión de fondo, porque hai que atender as urxencias, pero hai que ir tamén ao cambio de modelo. É fundamental mudar o modelo produtivo. Por iso, presentamos tamén unha batería de emendas que teñen por obxecto poñer o noso país a producir cun desenvolvemento que estea autocentrado e baseado na ciencia, na tecnoloxía, na innovación e no impulso da I+D+i; por exemplo, unha empresa pública de enerxía, medidas ao respecto e tamén a creación dun fondo soberano para unha Galiza innovadora que permita, até o ano 2032, mobilizar 1.200 millóns de euros.

Insistimos en que tamén, se hai un ámbito no que o Partido Popular permanece precisamente indolente e indiferente, é a crise que estamos a vivir no ámbito dos servizos públicos. Insistimos, é que non hai un servizo público esencial xestionado e gobernado pola Xunta de Galiza que non estea acarreado protestas de usuarios, de usuarias e de traballadores e traballadoras. Iso é así porque están nunha situación límite, non por outra cuestión. O BNG recolle todo isto nas súas emendas.

E recolle tamén clamorosas ausencias, ausencias dolorosas, como unha vez máis a falta de medidas concretas para enfrontar a perda de falantes da nosa lingua, para enfrontar o in-



cumprimento sistemático do propio Plan xeral de normalización lingüística da Xunta. Pero quería insistir en algo, precisamente falando dos dereitos esenciais dos galegos e galegas, falando dos servizos públicos; aínda que poderíamos deternos nas propostas que recolleemos para as casas niño, para centros de menores, para centros de ensino en todas as etapas, para os centros de saúde, etcétera. Vou sinalar catro exemplos ilustrativos en concreto: no ámbito do ensino, da saúde mental, dos maiores e dos dereitos das mulleres.

Comezando polo ensino —insistimos—, hai hoxe unha folga sen precedentes no noso país, e iso non é por nada: Galiza non recuperou horario precrise, Galiza non ten unha cifra de profesorado suficiente; de feito, conxelan as nóminas ao profesorado que recollen estes orzamentos no ano 2022. Comparando desde o ano 2022 os orzamentos, vemos que non hai un aumento —fóra do propio aumento que teñen que recoller polo tema salarial— de profesorado; a cifra que cobren de profesorado é exactamente a mesma; hai unhas *ratios* abusivas; e non hai recursos para atender especialmente o alumnado que precisa máis reforzos educativos. Por iso hoxe é a cuarta xornada de mobilización, e mañá a quinta. Nós propoñemos medidas para contratar máis profesorado, para recuperar dereitos, medidas de atención específica á diversidade, etcétera; e tamén, fronte a un Partido Popular que patrocinou a privatización do sistema universitario galego e que abriu a porta á creación da Universidade Abanca —e levantan vostedes os ollos—. Pero quero recordar só que hai nada Abanca anunciou a que sería a novena titulación de Enfermería, algo que contradí, igual que no ámbito do dereito, do turismo e demais, a lei, porque hai duplicidade, e agora está anunciando tamén Biomedicina, e vostedes permíteno. Fronte a isto, a nosa aposta é mellorar o financiamento universitario máis de 50 millóns de euros para a universidade pública. (*Aplausos.*) Nós temos claro, señores do Partido Popular, entre Abanca e o país, do lado de quen estamos.

Outro ámbito absolutamente clamoroso e que, pola súa importancia social, non podemos deixar de remarcar desde o BNG é o ámbito da saúde mental. Miren, vostedes prometeron hai nada contratar 21 psicólogos e psicólogas, cando aínda non contrataron os 14 que xa prometera o señor Rueda anteriormente. É dicir, a palabra do presidente da Xunta xa sabemos o que vale, absolutamente nada. Deben de estar no mesmo sitio que están os cribados de cancro de mama para as mulleres maiores de 45 anos que nos prometeran nos titulares ficticios do Partido Popular e non na realidade do Sergas.

En todo caso, centrándome no ámbito da saúde mental, insistimos na nosa proposta: contraten 100 profesionais máis, doten todas as áreas sanitarias dunha unidade de hospitalización infanto-xuvenil para tomar en serio o problema da saúde mental na mocidade, e 21 millóns de euros máis para un plan urxente de saúde mental e prevención do suicidio, porque xa quedou desmontado polas profesionais e polo propio Consello de Contas o pastiche de plan que trouxeron como propaganda nos últimos anos, que nin contratou persoal suficiente nin se executou. Trescentos suicidios en Galicia no ano 2024, ¡300! É unha absoluta barbaridade e hai que reaccionar. ¿Que ten que pasar neste país para que o Partido Popular tome a saúde mental como un problema prioritario, abandone a propaganda e faga propostas como as que defenden as profesionais, que son as que traslada hoxe aquí o BNG.

Da mesma maneira teríamos que preguntarnos que máis ten que pasar na atención aos maiores nos ámbitos residenciais de todo tipo. Vivimos unha pandemia absolutamente brutal



e demoledora que amosou as costuras do sistema e reclamamos unha e outra vez traendo a este Parlamento incluso proxectos de lei desde o BNG para mudar o modelo. O Partido Popular dixo non polo non reiteradamente, e as consecuencias seguimos véndoas hoxe en día. Vostedes non inspeccionan adecuadamente, non fan cumprir a lei, non fan o seu labor de tutela, non mudan o modelo e favorecen —peor aínda— un modelo privatizador. (*Aplausos.*) Vimos a vergonza de Amoeiro, a vergonza de Xinzo e a vergonza de Monforte só no que levamos de período de sesións. (*Aplausos.*) Polo tanto —insistimos—, necesítanse medidas de cambio de modelo, medidas de atención e de rescate dos servizos públicos, como o Plan Galiza Coida.

Quería referirme tamén —e así o avanzaba— ao ámbito dos dereitos das mulleres. Abordamos tamén nas nosas emendas carencias no ámbito dos dereitos das mulleres que son impresentables nestes orzamentos; como é impresentable —teño que dicir— que recorten —porque se recorta, non se incrementa— o Programa de atención ás mulleres vítimas de violencia machista, o Programa 313. Hai un recorte de millón e pico de euros. O partido que nos vén dar hoxe aquí leccións de nada recorta os fondos para as vítimas de violencia machista. ¡Desde logo, é unha vergonza! No trámite anterior pedimos unha rectificación que non houbo, e neste trámite pedimos medidas complementarias que non se están atallando neste orzamento.

Insistimos, por exemplo, en que hai que ampliar a planta e a mellora das unidades xudiciais de violencia sobre a muller. Insistimos, por exemplo, nun plan de ampliación e mellora da rede de centros de información á muller e en que desistan desa privatización dos novos CIM móbiles que vostedes van impulsar. Porque —insistimos— o ámbito da loita contra a violencia machista ten que ser prestado directamente desde o sistema público para evitar os problemas que estamos vendo, para evitar que se faga negocio cos dereitos das mulleres.

E pedimos tamén que ámbitos como o sanitario teñen que ser revisados desde a perspectiva de xénero. Un ano máis, insistimos na creación da Unidade Muller e Saúde, para garantir a abordaxe de xénero na atención sanitaria. Hai pouco votaron en contra disto nunha comisión. Hoxe teñen a oportunidade de rectificar, de rectificar e de impulsar unha medida tan necesaria. Porque os dereitos das mulleres van de dereitos, van de medidas e non de palabras e de promesas. E nós insistimos en que hai nas nosas propostas medidas ambiciosas que mellorarían a vida das galegas e que deben impulsarse de inmediato.

En definitiva, señor conselleiro, señores deputados e deputadas do Partido Popular, algúns destes exemplos que eu sinaléi, como o Plan de saúde mental, como o plan Da cinza á vida, a crise dos servizos públicos, singularmente do SAF, son algunhas das propostas que remarquei das máis de 540 que rexistrou o Bloque Nacionalista Galego e que defendemos, reorientando propostas fracasadas do seu Goberno para cambiar o que non funciona, que é moito.

Xa me anticipo ás súas críticas da nosa incapacidade de facer emendas técnicas. E, insisto, este é un trámite que permite e que favorece o diálogo. As contadas veces que nos últimos anos o Partido Popular tivo algún interese político concreto nun ámbito demostrou que podía facerse e que podía facelo, moi excepcionalmente, pero esa excepción confirma esa posibi-



lidade. E, polo tanto, se din «non» a todas estas cuestións é porque son vostedes un goberno cada vez máis instalado na soberbia, máis instalado na falta de autocrítica e máis amurallado. Iso non é bo para o noso país, porque —remato como comecei— vostedes se amosan cada vez máis indiferentes cos problemas dos galegos e galegas e, como dicía Jane Goodall, o maior perigo para o noso futuro é precisamente iso, a indiferenza.

Nestes dous meses vimos un goberno galego que só mira ao seu embigo, que desbota as propostas da oposición e que é indiferente absolutamente ante os grandes retos e necesidades que ten o noso país.

En todo caso, fronte á insistencia e o rodete que aplican «os do non», que son os da bancada do Partido Popular, vimos tamén e quedou demostrado unha vez máis como hai deste outro lado unha alternativa, unha alternativa a favor dos servizos públicos, unha alternativa a favor do desenvolvemento económico de Galiza e unha alternativa a favor dos dereitos sociais. Polo tanto, ese é o noso compromiso. Nós nunca imos caer na indiferenza, nós sempre imos estar traballando aí para darlle a Galiza o futuro que merece.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos de 3º e 4º da ESO do IES Urbano Lugrís, da Coruña, que hoxe nos visitan. Benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos co Grupo Parlamentario Popular, e para iso ten a palabra o señor Pazos Couñago.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Un saúdo tamén para os nosos invitados.

Señorías, hai escasos meses un grupo de catedráticos e xuristas de enorme prestixio presentaron un documento que deron en bautizar como *Memorial pola recuperación da normalidade democrática*. Nel alertan sobre os riscos de entender a política como unha actividade na que se prioriza a imaxe sobre o contido, a confrontación sobre o debate e a campaña electoral permanente sobre a acción de goberno. E advirten de que esta concepción conduce ao baleirado da substancia política, á infantilización dos cidadáns e á destrución dos incentivos para construír consensos duradeiros.

Explicaban os asinantes que elixiran o termo «memorial» en lugar do máis habitual de «manifesto» porque albergaban a esperanza de que servise de recordatorio imparcial a algúns dos principios que semellan obvios, pero que parecen ultimamente olvidados: que o Parlamento controle e lexisle, que o Goberno governe ao servizo do interese xeral, que os xuíces xulguen sen tutelas, que a lei sexa tan previsible como un bo reloxo e que as empresas non dependan do capricho político. ¡Que tempos serán os que vivimos que hai que defender o obvio!, aseguraba Bertolt Brecht.



Pois permitan que comece defendendo o obvio: que hoxe o Parlamento de Galicia celebra un acto de normalidade democrática aprobando en tempo e forma a Lei de orzamentos, cumprindo os rituais escritos e non escritos propios de calquera democracia e debatendo con luz e taquígrafos as contas públicas para a Galicia de 2026. Simple e llanamente estamos a cumprir co noso deber, pero nos tempos que nos tocou vivir, onde toda a obriga parece supeditada ao capricho persoal de gobernantes con enorme ego e con escaso escrúpulo, o cumprimento do deber constitúe un acto de rebeldía. E aquí estamos rebelándonos contra a normalización do anormal. Aquí estamos garantindo o cumprimento das nosas obrigas, garantindo a estabilidade das nosas institucións e garantindo un ano máis que Galicia continúe a ser unha illa de estabilidade no medio dun océano de incerteza. *(Aplausos.)*

Durante a tramitación desta lei os representantes da oposición esforzáronse moito en devaluar este feito. Afirman que isto é normal, obviando que somos a única comunidade autónoma capaz de aprobar en tempo e forma 17 orzamentos consecutivos; obviando que o Goberno de España leva tres anos de orzamento prorrogado; obviando que o Goberno de España leva tres anos incumprindo a obriga constitucional de presentar o Proxecto de orzamentos e obviando que o Congreso acaba de tombar a senda da estabilidade presentada polo Goberno por segunda ocasión consecutiva.

Os mesmos que presumen de gobernar sen orzamentos e de costas ás Cortes aféannos que presumamos de gobernar con orzamentos e co apoio da Cámara. «É que tendo maioría non ten mérito», afirman. E eu, pobre de min, pensando que o mérito estaba en conseguir esa maioría e pensando que aínda era maior mérito obter esa confianza maioritaria durante seis lexislaturas consecutivas. Pois resulta que non, señorías, o realmente meritorio é conservar vinte anos unha cadeira no Parlamento sen ter gañado nin unha soa elección, ou manterte como líder do teu partido, a pesar de levalo ao seu peor resultado electoral da historia. ¡Alá vostedes, señorías! Nós seguimos pensando que un gobernante ten maior lexitimidade cando conta co apoio maioritario do pobo que o elixe, e por iso nunca nos cansamos de agradecer aos galegos que nos teñan dado tanta confianza e durante tanto tempo.

E a maneira que temos de expresar o noso agradecemento é devolver esa confianza en forma de estabilidade política, en forma de confianza económica, en forma de normalidade democrática. Porque cómpre non esquecer que a alternativa á normalidade democrática non é outra que a anormalidade democrática. E teño o firme convencemento de que os galegos están desexando que en 2026 España recupere a normalidade da que, afortunadamente, xa desfruta Galicia.

Señorías, no seu poema máis coñecido Robert Frost subliñaba a importancia de escoller sabiamente: nun bosque bifurcáronse dous camiños e eu tomei o menos transitado, iso marcou a diferenza. Hai tempo que os galegos decidiron camiñar por sendeiros pouco transitados na España de hoxe e, sen dúbida, iso marcou diferenzas importantes. Galicia leva tres lustros percorrendo o camiño da estabilidade económica e política; un camiño que non sempre foi o máis cómodo, pero que se ten amosado como o máis seguro para chegar a cotas de benestar económico e social que nunca antes alcanzáramos. Unha evolución positiva freada pola chegada dunha pandemia que marcou un antes e un despois para o conxunto das sociedades e das economías do mundo.



Señorías, Galicia evolucionaba mellor que a media antes da pandemia, e Galicia segue a manter ese diferencial positivo tras superar a pandemia. O noso crecemento tras a crise da covid alcanza os 6,6 puntos, máis do dobre da media española e un punto e medio superior á media europea. A previsión de paro cara ao 2026 sitúanos por debaixo do 8 por cento, o que supón rozar o mínimo histórico de desemprego.

Pero nacionalistas e socialistas queren convencernos de que reducir o emprego en España un 23 por cento é un gran éxito das políticas progresistas, namentres reduciolo sete puntos máis en Galicia, ata un 31 por cento, é un fracaso das políticas do Partido Popular. ¡Pero que disparate, señorías!

A renda media dos galegos tamén creceu neste período un 30 por cento, tres puntos por riba da media nacional. E isto nos achega un pouco máis a un fito histórico: que Galicia equipare a súa renda per cápita coa renda nacional por primeira vez.

Son datos que deberían de ser motivo de orgullo para todos, porque acreditan que os galegos de hoxe estamos a construír un país mellor para os galegos de mañá. E penso que a maioría dos galegos aspiramos a legar aos nosos fillos unha Galicia máis xusta, máis próspera e con máis futuro que a Galicia que recibimos.

Todos e cada un dos datos que coñecemos acreditan que esa Galicia é posible. Todos e cada un deses datos acreditan que o esforzo que realizan os galegos cada día para construír esa Galicia mellor está a dar os seus froitos. Todos e cada un deses datos acreditan que os galegos o estamos facendo ben. (*Aplausos.*)

Pero existe unha excepción a esa satisfacción colectiva. A excepción son vostedes, esa oposición gris, cinza, pontoniana, eternamente aferrada á imaxe dun país que forma parte do pasado. Habitan vostedes unha Galicia caricaturizada, unha Galicia de señoritos e serventes, de amos e lacaios que nada se parece á Galicia moderna e puxante na que vivimos o resto dos galegos. E aí radica o seu gran erro. Vostedes aspiran a gobernar unha Galicia que non existe, para resolver os problemas dun tempo que xa pasou. Galicia xa non é o país de Fendetestas ou de Marica da Fame. Afortunadamente, vivimos nunha sociedade na que os dereitos dos cidadáns xa non dependen da vontade dos señoritos, senón das leis que emanan dun parlamento democrático. E este Parlamento vai dar luz verde aos orzamentos para 2026 porque así o decidiron, libre e democraticamente, a inmensa maioría dos galegos, señorías. (*Aplausos.*)

Señorías, as contas que imos aprobar tras finalizar este debate son consecuentes cos compromisos que o Partido Popular subscribiu cos galegos nas pasadas eleccións. Prometemos que seguiríamos apostando de maneira decidida por reforzar os servizos públicos e presentamos un orzamento no que tres de cada catro euros se dedican a fortalecer a sanidade pública, a mellorar a educación pública, a consolidar e ampliar o escudo social público e a reforzar as políticas públicas de emprego. Hai 10.587 millóns de euros dedicados a fortalecer os servizos básicos. Nunca na historia de Galicia se dedicaron máis recursos públicos a fortalecer os piares do estado de benestar deste país. Nunca un goberno amosou un compromiso cos servizos públicos comparable ao Goberno que preside Alfonso Rueda. ¡Nunca! (*Murmurios.*)



Se falamos de sanidade: a maior dotación económica que xamais recibiu a atención primaria; un dos calendarios de vacinación máis completos e avanzados do mundo; un programa de cribado simplemente excepcional; o maior número de profesionais sanitarios públicos da nosa historia; e un proceso de modernización da tecnoloxía e das instalacións sanitarias sen precedentes. Motivos suficientes para sentirmos orgullosos dunha das mellores sanidades do mundo. (*Murmurios.*) Xa sabemos que non é perfecta, que atravesa as mesmas dificultades para atopar profesionais de determinadas especialidades que o resto de servizos públicos de saúde, pero, a pesar de todo, segue a presentar datos sensiblemente mellores que os demais; tanto no que se refire, por certo, ás listas de agarda como na satisfacción amosada polos usuarios dos servizos sanitarios.

Se abordamos o ámbito educativo, os datos falan por si sós. A educación pública máis inclusiva de toda España e de toda a OCDE. Os informes de cualificación presentan unha mellora fóra de calquera dúbida, e os datos de fracaso escolar son incontestables: do 26 por cento de fracaso escolar que nos deixaron vostedes a menos do 10 por cento actual. E non son simples números, señorías; son nenos e nenas que finalizan os seus estudos con éxito para poder aspirar a unha vida mellor. Este Goberno e este partido ten a plena convicción de que a educación pública é o elemento central para acadar a cohesión social. Iso si, non a través da rebaixa da exixencia académica pola que vostedes apostan, senón reforzando os valores do esforzo e do mérito, para que todos os alumnos teñan as mesmas oportunidades e para que cada alumno obteña os resultados en función do seu traballo e das súas capacidades. (*Aplausos.*) Hoxe os galegos saben, os galegos sabemos, que os nosos fillos poden cursar toda a súa vida académica sen pagar un só euro de matrícula, desde a Escola Infantil ata culminar os seus estudos na Formación Profesional ou na Universidade, e só precisan vostedes —invitados— dous requisitos: devolver a oportunidade que lles damos aos galegos con esforzo e boas notas e ter a fortuna de vivir en Galicia. Iso si que é Galicia calidade, señorías. (*Aplausos.*) ¡Iso si que o é!

Señorías, tampouco podo esquecer o compromiso social que voltamos a reforzar neste orzamento. Seguimos a ser referente das políticas de conciliación e impulso demográfico, mantendo a gratuidade das escolas infantís para todas as familias galegas e ampliando o número de prazas ata situarnos no 65 por cento de escolarización entre cero e tres anos; quince puntos por enriba da media nacional e superando países que sempre foron referencia, como Suecia ou Dinamarca.

E si, señorías, as estratexias de dinamización demográfica dan resultado, e así se amosou. Primeiro, revertendo o saldo migratorio de Galicia, onde dende hai anos recibimos máis persoas das que saen do país. E, agora, damos un novo paso positivo, ao acadar o primeiro repunte en nacementos en dúas décadas. Un repunte moderado, pero esperanzador, que vai precisar do compromiso de todos para que se converta nunha tendencia sostida no tempo que nos permita corrixir o saldo vexetativo. Porque, en contra do que predicán algúns —que demonizan iso que chaman despectivamente «políticas natalistas»—, a natalidade é un elemento esencial para o futuro de Galicia e o deber dun goberno responsable é traballar para que a nosa terra continúe a ser o mellor lugar no que unha familia —calquera tipo de familia— poida traer un fillo ao mundo.

Do mesmo xeito que este Goberno está a facer un esforzo sen precedentes para impulsar a atención á dependencia. Un esforzo lexislativo, organizativo e orzamentario, que é directa-



mente proporcional ao esforzo do Goberno de España por impedir ese impulso. (*Murmurios.*) ¿Como é posible que a única resposta de Pedro Sánchez ao Plan de choque para dependencia impulsado polo Goberno galego sexa a paralización a través dun recurso? ¿Como é posible que se lle deban 2.900 millóns de euros da dependencia a Galicia e pretendan dar leccións nesta materia? Non, señor Besteiro, vostedes non teñen que dar leccións; o que teñen que facer é pedir perdón, pagar o que deben e deixar de poñer paus nas rodas, que iso si que axudaría as familias galegas con persoas dependentes. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E non quixera rematar este apartado sen recuperar unha das habituais perlas da nosa máis veterana profetisa parlamentaria. Aquela na que acusaba a Alfonso Rueda de ser un «Robin Hood ao revés», que cunha man retiraba recursos a quen máis o necesitaba e con outra regalaba millóns de euros aos máis ricos. Pois ben, señorías, transcorridos dous anos desde que a señora Pontón lanzase aquel negro augurio, o risco de pobreza en Galicia experimentou o maior descenso desde que existen datos, a tal punto que hoxe podemos afirmar que está en mínimos históricos; exactamente igual que a credibilidade da nosa ausente profetisa. (*Aplausos.*)

Pero se hai un terreo onde a esquerda asume estar en posesión da verdade absoluta é en materia de igualdade. Sete anos pasaron xa desde que Carmen Calvo nos aclarase que «*el feminismo no es de todas, bonitas, no*». Eu agradecín moito a aclaración da señora Calvo, porque eu estaba convencido de que as miñas compañeiras de bancada eran profundamente feministas, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pero vostedes din que non. Eu pensaba que nomear por primeira vez unha presidenta do Senado, como Esperanza Aguirre, ou unha presidenta do Congreso, como Luisa Fernanda Rudi, pensei que nomear unha vicepresidenta española da Comisión Europea —a primeira—, Loyola de Palacio, ou unha conselleira en Galicia, como foi Manolita López Besteiro, eran fitos importantes do feminismo, aínda que todas elas fosen mulleres do Partido Popular, pero parece ser que non. Despois, por fortuna, tiven o privilexio de asistir á conmemoración neste Parlamento do trinta aniversario da Conferencia Mundial sobre as Mulleres en Beijing e de escoitar unha representación das parlamentarias galegas —foron todas alí, de todos os partidos— que participaron nesa conferencia. E, despois de escoitalas con profundo respecto, teño a completa seguridade de que o feminismo non é patrimonio de ningún partido e si un compromiso inescusable que transcende siglas. Algo, por certo, que deberían comezar a asumir os que pretenden dar aos demais leccións que non son quen de aplicarse a si mesmos. (*Aplausos.*)

Señorías, un orzamento que busca atender as prioridades dos galegos non pode esquecer un dos seus principais motivos de preocupación: a vivenda. Os compromisos nesta materia foron desgranados no pasado pleno pola conselleira na súa comparecencia —da que evidentemente, polo que escoitamos hoxe, estivo ausente o señor Besteiro—. Nós prometemos duplicar o parque público de vivendas e no vindeiro ano estarán en marcha as 4.000 novas vivendas comprometidas. Prometemos blindar a súa protección pública con carácter indefinido e fixémoslo realidade. Por certo, para esas vivendas, a aportación do Estado, señoría, é do 17 por cento, e a da Xunta o 62,5 por cento; a ver se se pon vostede un pouco ao día cos datos. Nós prometemos novas solucións ao problema da vivenda: estamos impulsando o aproveitamento de baixos, o *cohousing*, o impulso da reforma e un longo etcétera de medidas encamiñadas a facilitar o acceso a este elemento básico para o futuro de calquera familia.



Nós prometemos e cumprimos. Señor Besteiro, vostede prometeu e demoleu as vivendas que construíra.

Nós prometemos que iamos facer un esforzo pola reindustrialización de Galicia e estamos impulsando os PIE e implementando medidas que fagan de Galicia un lugar atractivo para o investimento. Vostedes fixeron exactamente a mesma promesa, e desde o mesmo día da súa derrota electoral realizaron todos os esforzos posibles por boicotear calquera proxecto industrial en Galicia. Os mesmos que nesta Cámara se autoproclamaron garantes da chegada de Altri a Galicia, agora convocan manifestacións contra o proxecto que aseguraban garantir. Os mesmos que dicían que se Altri non se instalaba na Mariña sería un fracaso para Galicia e o seu Goberno, agora vetan a Altri na Mariña, en toda a provincia de Lugo e en calquera lugar do territorio galego. Chega a tal punto a súa hipocrisía que non lles importa condenar sen futuro industrial toda a provincia de Lugo con tal de impedir un proxecto industrial contra o que só teñen un motivo real de oposición: que non o lideran vostedes. Estamos ante un novo capítulo da eterna hipocrisía da esquerda galega: «Eólica si, pero non así»; «Ence si, pero non aquí». Eu pediría que nas próximas eleccións fosen vostedes sinceros cos galegos. Cóntenlles que vostedes están a favor da minaría, pero non de explotar minas; díganlles que queren converternos nunha potencia eólica, pero sen instalar muíños; e expliquen que van crear máis emprego industrial, pero sen abrir novas factorías. Vostedes toman por parvos os galegos e os galegos perdóano todo salvo que se lles tome o pelo, señorías. *(Aplausos.)* Galicia precisa de máis emprego industrial e ese é un obxectivo ao que non imos renunciar. Ímolo facer; con vostedes ou, como case sempre, sen vostedes.

Porque os galegos, señorías, hai tempo que asumiron que para as cousas importantes con vostedes non se pode contar. O último exemplo disto foi a consecución das competencias sobre o noso litoral; que non só acadamos sen a súa axuda, é que houbo que conseguila loitando contra vostedes. Loitando contra os que dicían que non podíamos ter esa competencia sen modificar previamente o Estatuto; loitando contra os que dicían que a nosa Lei do litoral era una declaración de independencia; loitando contra os que interpuxeron un infumable recurso de inconstitucionalidade contra esa norma sen ningún tipo de diálogo ou de negociación previa. E, se hoxe Galicia ten as competencias sobre o noso litoral, é grazas ao empeño do Partido Popular de Galicia, grazas ao apoio da sociedade civil galega e grazas a que vostedes fracasaron unha vez máis no seu intento de boicot, señorías. *(Aplausos.)* Este vai ser o ano en que desenvolvamos plenamente esas competencias, grazas á lei que vostedes non apoiaron e grazas ao orzamento do que vostedes van votar en contra.

Señorías, tamén será este un ano fundamental para o futuro do agro e do mar, e así o reflicten os compromisos orzamentarios contidos na lei que imos aprobar. Compromisos centrados na modernización de ambos sectores, no apoio á remuda xeracional ou na posta en valor dos nosos produtos. Pero resulta evidente que existen riscos. Riscos que teñen que ver, de maneira fundamental, co financiamento e coa regulación europea. Penso que ambos sectores percibirían moi positivamente unha postura común dos seus representantes na defensa dos seus intereses, pero confeso que non son optimista sobre este particular. Teño razóns para o pesimismo. Hai algúns meses —recordarán— a eurodeputada a tempo parcial do BNG asaltaba o presidente Rueda por non contar con ela na súa visita ao Parlamento europeo. Reclamaba a señora Miranda máis sentido institucional —iso si, asegurándose de que hou-



bese unha cámara para gravar o momento—. A semana pasada o presidente Rueda voltou visitar Bruxelas e convocou todos os europarlamentarios galegos a unha reunión de traballo. ¿A que non adiviñan, señorías, quen foi a única parlamentaria que non acudiu a esa convocatoria? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Pois, efectivamente, a señora Miranda, completando a metáfora perfecta sobre como entende o BNG a política: sempre presente no conflito, sempre ausente da solución, señorías. Esa é a natureza política do BNG: o ruído, a confrontación e unha irrefreable tendencia a apropiarse do patrimonio común de todos.

Señorías, este orzamento tamén amosa un profundo compromiso coa lingua e coa cultura galega, coa lingua e cultura de todos os galegos e para todos os galegos. (*Murmurios.*) Pero, unha vez máis, cando todos os grupos foron chamados a facer aportacións para revitalizar o uso do noso idioma, a resposta do independentismo foi ausentarse da mesa e poñerse detrás da pancarta. En fin, señorías, vostedes sigan tratando de apropiarse de Castelao, de Rosalía, da nosa lingua, dos nosos símbolos... Nós seguiremos a procurar que cada día máis galegos sintan que son símbolos e referentes que a todos nos representan. Esa é a diferenza esencial entre os que traballan exclusivamente para engrandecer o Bloque e os que traballamos exclusivamente para engrandecer Galicia.

Señorías, se o debate de orzamentos serve para coñecer un pouco mellor o proxecto deste Goberno, tamén serve para que coñezamos un pouco mellor a suposta alternativa. E debo dicir que nas últimas semanas escoitei algunhas cousas dignas de comentario. Como o señor Ojea non nos acompaña hoxe, simplemente farei unha reflexión sobre unha acusación que nos fixo pública e recentemente: que non aceptamos ningunha das súas propostas. Home, comprenderá a súa señoría que non se pode aceptar o que non existe, e Democracia Ourense non rexistrou nin unha soa emenda, nin unha. Así que onde queira que estea a súa señoría espero que me admita un consello: menos samba e máis traballar. (*Aplausos.*)

E, falando de traballar, señor Besteiro... ¡A que debe estar caendo hoxe no PSOE fóra desta Cámara para que o señor Besteiro leve con nós aquí toda a mañá no hemiciclo! (*Risos.*) Mire señoría, eu recoñéceme incapaz de saber o tempo que a vostede lle queda nesta Cámara, do mesmo xeito que son incapaz de adiviñar onde está o solo electoral do seu partido. (*Murmurios.*) Confeso que, cada vez que penso que tocaron fondo, vostedes insisten en cavar un pouco máis profundo a súa propia tumba. É realmente desconcertante. Señoría, hai escasamente dous plenos vostede fixo unha pregunta ao presidente da Xunta de Galicia que eu hoxe lle quero formular a vostede: señor Besteiro, ¿cales son os seus principios? Porque levamos semanas escoitando representantes socialistas sentando cátedra nesta Cámara sobre o humano e o divino, para asombro de todos. É que levamos semanas recibindo leccións de transparencia dun partido que vive asolagado por un tsunami de corrupción que afecta todas e cada unha das esferas da vida de Pedro Sánchez. No ámbito do Goberno de España, sometido a investigación polos casos Ábalos, Servinabar, Plus Ultra, mascarillas, hidrocarburos, forestal, Sumelzo, SEPI, Correos, Mercasa... Non sigo, que teño só media hora. No ámbito do Partido Socialista, unha investigación en marcha polos inexplicables pagos en metálico en sobres de Ferraz, con dous secretarios de organización que xa visitaron as instalacións de Soto del Real e cunha fontaneira que ameaza con tirar da manta se o PSOE a deixa tirada. (*Murmurios.*) No ámbito institucional, co primeiro fiscal xeral da historia condenado penalmente; con ministros acusando os tribunais de prevaricar e que aínda continúan a ser mi-



nistros; e coas gravacións da señora Leire Díaz que acreditan un intento de suborno realizado en nome de Pedro Sánchez para acadar información sensible contra xuíces, fiscais e altos mandos da UCO. (*Murmurios.*) E, se falamos do seu ámbito persoal, co irmán do presidente a punto de sentarse no banquillo acusado de tráfico de influencias e prevaricación; coa muller do presidente investigada por tráfico de influencias e corrupción nos negocios —entre outros delitos— e co propio presidente sinalado por Koldo García por utilizar inmigrantes para facer pitufeo nas primarias socialistas e ocultar que estaba sendo financiado polo seu sogro dono de saunas onde se practica —practicaba, alomenos— a prostitución. E vostedes pedindo transparencia ao Goberno galego. (*Risos.*) Señor Besteiro, eu descoñezo cales son os seus valores, ¡pero fai falta ter valor!

Fai falta ter valor, señoría, como hai que ter moito valor para dar leccións de feminismo neste Parlamento, despois da Lei do só si é si, das rebaixas de penas a violadores e do escándalo das pulseiras antimaltrato. Leccións de feminismo do mesmo partido que nomeou como secretario de organización primeiro a Ábalos, despois a Santos Cerdán e que pretendía que o terceiro fose Paco Salazar. (*Murmurios.*) É unha lista máis propia dun *casting* de Torrente Presidente que dun partido que quere gobernar España, señorías. (*Aplausos.*) É que vostedes seguen dando leccións de feminismo despois do goteo insufrible da acosadores que estamos a ver e da ocultación de denuncias que estamos a coñecer do Partido Socialista. É que vostedes seguen dando leccións de feminismo despois de que soubésemos como se xestionou —ou, mellor dito, como non se xestionou— o caso Tomé. Por certo, hoxe o programa que o descubriu anuncia novidades. Nin sequera teño claro que mañá siga vostede aquí, señoría. Señor Besteiro, creo que a única lección que pode dar vostede nesta materia pasa pola súa dimisión. (*Murmurios.*) E créame que o digo con tristura, porque esa será una pésima noticia para o meu partido, pero talvez sexa a última oportunidade para que o socialismo galego poida ser útil a este país nalgún momento. (*Aplausos.*)

E miren, señorías. Falando de cousas inútiles para Galicia, algún comentario sobre as aportacións do BNG. Eu levo dende hai algún tempo tentando entender a capacidade do BNG para illarse de todo o contacto coa realidade que o rodea. Porque é realmente admirable como son vostedes capaces de ignorar calquera cuestión que non forme parte do argumentario nacionalista. Temos exemplos recentes disto. Hai algunhas semanas unha deputada nacionalista asegurou que o Centro de Autismo de Friol comprometido pola Xunta nin sequera fora licitado. (*Murmurios.*) A conselleira de Política Social mostroulle a foto do centro, mostroulle os forxados, as paredes, a cuberta, invitouna a visitar o centro. Pero, iso si, cada vez que se recorda este feito na Cámara, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) escóitase un laio así de fondo que di: «é que non foi licitado...» Cousas de vivir na burbulla indepe, señorías. Grazas pola aportación, señora Rodil. (*Aplausos.*) (*Risos.*)

En fin, cando vives na burbulla, podes descualificar miles de manifestantes porque un deles porta a Cruz de San Andrés —manipulando o seu significado histórico, iso da igual—, ao tempo, iso si, que sacas peito do demócrata que es manifestándote entre centos de bandeiras nas que ondea a estrela vermella de cinco puntas. (*Murmurios.*) A mesma estrela vermella que aplastou a Primavera de Praga ou as manifestacións de Tiananmen; a estrela vermella que presidía gulags soviéticos onde morreron presos republicanos españois, señorías, entre eles, por certo, varias ducias de galegos. Pero iso son datos que se poden ignorar se vives na



burbulla nacionalista. Na burbulla nacionalista pódese insistir en defender un concerto económico para Galicia que foi desbotado por todos e cada un dos expertos que o teñen analizado, que o cualifican de «ruinoso». Pero todo iso dá igual, porque houbo outro veciño da burbulla que dixo que estaban todos equivocados, porque o BNG, ademais de falar benegués —ese idioma propio—, tamén ten as súas propias regras matemáticas. *(Aplausos.)* Unhas regras matemáticas que xustifican todo, ata unha operación de mutualización da débeda pública deseñada para satisfacer os socios indepes do Goberno e para que os demais asumamos o custo da súa mala xestión, da súa deslealdade constitucional e dos mil pufos que pretenden endosarnos. Todo vale se vives na burbulla nacionalista ou se a túa poltrona depende dos habitantes da burbulla nacionalista.

Señorías, este Goberno e este grupo van seguir gobernando para todos os galegos; para os que viven na burbulla e para a inmensa maioría que eliximos vivir na Galicia real e fóra da burbulla nacionalista. Este Goberno vai seguir apostando por unha fiscalidade moderada que permita mellorar cada día os servizos públicos sen necesidade de empeorar a economía das familias galegas. Este Goberno vai seguir apostando por rebaixas fiscais que buscan aliviar a situación dos galegos e galegas que atravesan situacións difíciles e que vostedes descualifican dicindo que reciben privilexios de ricos. Nós seguiremos apostando por que Galicia continúe a ser esa illa de estabilidade na que —como nos recordaba ao principio ese grupo de xuristas— o Goberno governe ao servizo do interese xeral, na que os xuíces xulguen sen tutelas, na que a lei sexa tan previsible como un bo reloxo e na que as empresas non dependan do capricho político. Ogallá que moi pronto esa estabilidade se contaxie, e ogallá que moi pronto poidamos dicir que España e o seu Goberno se parecen a Galicia e ao Goberno de Alfonso Rueda. Nós imos aprobar este orzamento, porque nos achega un chisco máis a ese momento que nós e millóns de galegos e de españois desexamos que chegue o máis pronto posible.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pola señora Longueira foi pedido que revisáramos, e procedemos xa á revisión dese sistema —chamémoslle como o VAR do fútbol— e en ningún momento do texto aparece a palabra —agora que non hai aquí nenos— «puteros». Si aparece «prostíbulo», pero iso é outra historia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Non, non, xa sei... Non é o mesmo, non, non. Non é o mesmo, non é o mesmo. Non nos imos pór aquí a dar unha conferencia sobre iso, pero non é o mesmo, non é o mesmo. *(Murmurios.)* Entón, eu non podo retirar unha cousa que non existe. Non existe a palabra «putero», non a podo retirar.

¿Si, señora Longueira? *(A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Déanlle voz ao escano da señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Seguramente, pola reiteración que usan a palabra que non se dixo quedou fixada na miña memoria. En calquera caso, «prostíbulo» para nós é equivalente, ata onde eu sei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*



O PRESIDENTE: Pero non é o mesmo. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non é o mesmo, é cuestión de... Agora non imos dar aquí unha conferencia sobre iso, ímolo deixar aí. *(Murmurios.) (A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Iso vai depender da señora Prado, se vostede quere... Eu non teño inconveniente, pero non é unha palabra que haxa que retirar obrigatoriamente. *(Murmurios.) (A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Correcto. Eu iso... Vostede pódello pedir e eu traslado esa petición, e, se ela o quere retirar, perfecto. Pero, quero dicir, non é unha situación na que eu teña que intervir e ter que chamar á orde por iso. Se ela voluntariamente o quere retirar, perfecto. *(Murmurios.) (A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Correcto, e eu trasládollo á señora Prado.

Señora Prado, a señora Longueira pide se se pode retirar a palabra «prostíbulo». Déanlle voz ao escano da señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Efectivamente, eu non falei de «puteros», esa palabra utilizouna no seu día a señora Paloma Castro, voceira de Igualdade do Grupo Socialista —que, por certo, hoxe está ausente—. Eu falei dos prostíbulos. Falei dos prostíbulos en referencia a Tito Bernie, a Ábalos, e a que as primarias do Partido Socialista de Pedro Sánchez foron pagadas polo seu sogro, propietario de prostíbulos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Por tanto, eu entendo que ao Partido Socialista lle gustaría tapar todo isto pero, sinceramente, señor presidente, nós non o imos retirar do *Diario de Sesións* pero tampouco, por desgraza, da realidade de España...

O PRESIDENTE: Grazas.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...van tapar esa realidade dos prostíbulos...

O PRESIDENTE: Grazas.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...na que está inmerso o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.) Non, non imos entrar agora no diálogo disto. Está claro isto. Está claro, señora Longueira. Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Xa non sei se é peor as palabras ou a explicación sobre as palabras, a aclaración. *(Risos.) (Aplausos.) (Murmurios.)* ¿Cal é mellor? Pero, bueno, en todo caso, volvo reiterar —con todo o convencemento, ademais— nesta segunda intervención todo o noso apoio, todo o noso afecto, todo o noso agarimo e toda a nosa solidariedade para as vítimas de acoso, estean



onde estean e sexan quen sexan. *(Aplausos.) (Murmurios.)* E con esa declaración creo, ademais... E, sobre todo, esperando o chamamento que eu facía na miña primeira intervención a que todos os partidos abracen ese mecanismo, que pode xerar problemas, que terá que ser depurado, que pode ser unha evolución, pero realmente creo que avanzando nesa protección é como imos depurando os mecanismos. Afortunadamente, o Partido Socialista —como en tantas outras cousas— é a vangarda na protección deses dereitos, que, volvo lembrar, a protección ten que estar centrada na vítima. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Por iso, eu non vou vulnerar ningunha norma que vulnere o anonimato das vítimas. O que vou facer é apartar o foco delas, que é o que deberían ter feito vostedes noutras ocasións e non fixeron. E aínda non pediron perdón por esa forma de proceder. Sacalas do foco e, por tanto, ser contundentes con esas prácticas que rexeitamos todos —ou, cando menos, quero pensar que a inmensa maioría de todos nós—.

Falaba vostede —ao señor Pazos, refírome— sobre unha cuestión da economía, a marcha da economía. Se facemos unha consulta á outra Cámara, que é a do Congreso e a do Senado, veremos cantas preguntas fai o Partido Popular sobre a marcha da economía e a súa preocupación pola economía. Creo que non me atrevo a dicilo, pero creo que hai unha de todo o que se pregunta. *(Risos.)* De economía non pregunta. ¿Por que? Porque, evidentemente, sabe onde non ten que preguntar, porque os resultados son realmente fantásticos, menos para vostedes. *(Aplausos.)* Un Goberno que, tamén botando man das estatísticas, leva o 91 por cento de votacións gañadas —pero ben, iso será un dato— ou 52 leis sacadas adiante. *(Aplausos.)*

Falaba da economía, porque é importante, porque os orzamentos son economía. Serán moitas outras cousas, pero fundamentalmente son economía. España crece o 2,9, é o país da Unión Europea que máis crece e dobra o seguinte, e aí quedo aínda curto. Pero, claro, iso é unha xestión pésima. Claro, iso é porque... Non o sabemos moi ben, será polas comunidades autónomas do Partido Popular... O Goberno non ten nada que ver... Hai 120.000 empregos máis, máis de 3 millóns dende o ano 2018. Máis de 27.000 empresas creadas desde o ano 2018. Hai 22 millóns de afiliados á Seguridade Social; récord histórico. *(Aplausos.)*

E a hucha das pensións —que non é un tema menor—, máis alá de regularizar e garantir as pensións. Claro, eu fálolles da hucha das pensións e a vostedes sóalles a chiste porque, claro, ¿sabe o que fixeron vostedes coa hucha das pensións cando gobernaban? ¡Romper a hucha! ¡Non existía a hucha das pensións! A final deste ano, 14.000 millóns na hucha das pensións. Pero, claro, iso é unha xestión de M. Rajoy. *(Aplausos.)* Oian, son cifras polo menos para non cuestionalas. Porque, en todo iso ¿que supón que a economía vaia ben? ¿Que supón que o sistema de recadación funcione dunha forma harmónica? Pois que hai máis recadación, e esa recadación chega tamén a Galicia: no conxunto do Estado, máis de 350.000 millóns que chegaron ás comunidades autónomas nos últimos anos. ¿Iso é unha cifra boa ou é unha cifra mala? Bueno, escoitándoos a vostedes, é unha cifra mala; pero eses cartos estanlles chegando, ¿verdade que si? Sobre iso non hai queixa. Máis de 350.000 millóns en todo o contorno do Estado para as comunidades autónomas, tamén para Galicia.

Falabamos na miña primeira intervención do seguidismo que este Goberno lles fai ás políticas de Feijóo; é dicir, o que lle interesa a Feijóo é o que fan vostedes, sen se reparar en se é bo ou é malo para Galicia. E falabamos do exemplo —ao que volverei despois— da condo-



nación, que para min é o efecto máis sangrante dese seguidismo feroz que fai a Xunta de Galicia, o Partido Popular de Galicia, en relación co Partido Popular de España. (*Aplausos.*)

Pero falabamos de cartos, de recursos públicos, e por iso eu esperábame que aquí houbera unhas palabras sobre o sistema de financiamento ou a aposta deste Goberno sobre cal debe ser o sistema de financiamento. Falando de Facenda, si, pero falando de que sistema de financiamento é o que desexa o Partido Popular de Galicia. Diso, ningunha palabra, non sabemos como imos afrontar o ano 2026 politicamente —non numericamente, pero politicamente— nas mans do Partido Popular aquí en Galicia. Non sabemos a que sistema de financiamento aspiran. ¿Por que? Porque xa lles dixeron que vostedes non podía falar dese tema; «*dese tema no se habla*», iso foi o que dixo Alberto Núñez Feijóo. Veto total para falar diso: non á condonación, non ao novo sistema de financiamento... Porque, se non, o lóxico —se falasen— é que o trouxesen aquí a esta Cámara no debate de orzamentos. A previsión de como debe ser o futuro sistema de financiamento de Galicia. A min paréceme un dato relevante, pero diso non lles deixan falar.

Falabamos do modelo fiscal en materia de ingresos. E nós cuestionamos —xa non hoxe, senón hai un mes— que a política de impostos en Galicia era un imposto pensado para os que máis teñen, á marxe dalgunhas bonificacións saudables que poidan existir aí. Pero o groso das bonificacións vai dirixido a beneficiar os que máis teñen. Por iso falabamos de que beneficiaban aquel número de 115.000 galegos —que non o demos nós, que o deu o propio Goberno da Xunta de Galicia—; eran 115.000 os galegos aos que favorecían esas bonificacións fiscais. E o groso das bonificacións fiscais eran 793 millóns de recursos públicos que se deixan de ingresar. Esa é a realidade. E relacionado coa condonación da débeda, que nos impide ter máis ingresos e que nos impide ter máis recursos para servizos sociais, para a sanidade e para as políticas que nosoutros criamos que eran realmente importantes. (*Aplausos.*)

Cuestionabamos o Plan de vivenda porque esa orde que se lle trasladaba por parte de Feijóo era torpedear o plantexamento de vivenda. A primeira declaración que fixeron foi «non cumprimos coa Lei de vivenda», esa foi a primeira declaración que fixo este Goberno; por tanto, escollo tras escollo.

Aportar a favor do negacionismo climático. Estamos vendo como o Partido Popular de España aquí e os eurodeputados —tamén galegos— no Parlamento votan en contra dos obxectivos de medio ambiente para os próximos anos. ¡Votan en contra! Si, e esa é unha realidade, pero aquí, chitón. Negacionismo climático, fracaso do desenvolvemento eólico. Diso tamén temos que falar aquí, despois de 16 anos onde houbo un verdadeiro parón eólico, porque os responsables do parón eólico non foron outros partidos nin outros gobernos; foron vostedes. ¿Cando este país padeceu un parón eólico? Cando vostedes gobernaban. E agora entramos en tropel nun proceso que o único que xera é inseguridade xurídica; inseguridade xurídica, que é o perfecto inimigo dos investimentos públicos ou privados que se puideron facer ou que se poderían facer no noso territorio.

E, finalmente, o negacionismo da violencia machista, cos comportamentos que tanto temos denunciado nesta Cámara, e do que falamos hai tempo, precisamente na última sesión de control.



Todo iso amparado por unha lei ómnibus da que se discutirá posteriormente, onde se modifican nada máis e nada menos que trinta leis. Trinta leis que modificarán, por certo, sen debate sectorial, sen informes, sen participación da sociedade civil... Pero van ser modificadas trinta leis pola porta de atrás, polo procedemento exprés. ¿E todo iso para facer axustes orzamentarios? Non, non, para facer verdadeiramente modificacións estruturais das propias leis. Iso é vergoñento, utilizar ese mecanismo. *(Aplausos.)*

E na primeira intervención —agora, lembrando un pouco a de hai un mes—, nosoutros centrámonos en determinadas cifras que nos parecían especialmente sangrantes e que politicamente nosoutros cuestionamos e discutíamos: 28.700 homes e mulleres que reclaman unha vivenda pública, 360.000 persoas que están esperando ser atendidas polo sistema de sanidade pública, 349 días de período medio —¡medio!— para recibir unha resposta en materia de dependencia. En definitiva, planteamentos que faciamos sobre criterios que considerabamos que eran absolutamente vertebradores do noso país e da oferta que unha administración pública como a Xunta de Galicia debería prestar en estándares de calidade.

Plantexamos emendas en todas esas cuestións. Unha significativamente nalgunha cuestión puntual que creo que di moi ben o que pasa con este Goberno. Por exemplo, unha delas, unha que afecta a miña provincia, que é o Museo da Romanización. O ano pasado fomos capaces de transaccionar unha emenda —creo que me expreso correctamente nese sentido—, propoñíamos 2 millóns por parte do Partido Socialista para ese museo e, ao final, transaccionouse en 500.000 euros. Iso foi hai hoxe un ano. ¿En que situación estamos hoxe —e é un exemplo clarísimo do que acontece aquí—? En que en decembro de 2025 a metade deses 500.000 euros foron para o bono alugueiro e os outros 250.000 euros non sabemos que foi deles. *(Aplausos.)* Pero hoxe van nos orzamentos 500.000 euros outra vez, a ver se para o ano que vén son metade para o bono alugueiro e metade para o que non se falou aquí, do bono peixe. A ver se a metade vai así. *(Aplausos.)*

Simplemente —xa para rematar—, recordo e lembro perfectamente que no anterior debate falamos e o Partido Socialista ofreceu nese sentido chegar a un acordo orzamentario sobre cinco cuestións que eran importantes: unha, a condonación da débeda; outra, sobre unha maior aplicación de fondos para a vivenda. Explicabámolo, ademais, porque entendiamos que a vivenda é unha cuestión que se ten que afrontar non soamente a través —si fundamentalmente, pero non soamente iso— da construción de máis vivenda pública. Para nós era importante introducir cantidades en materia de rehabilitación e en relación co bono público de alugueiro, que permitía ademais sacar ao mercado de forma rápida vivendas para conseguir con iso seguridade para o arrendador e garantías para o arrendatario e prezos moderados. Apostabamos nese acordo por aumentar en 100 millóns as políticas sociais, pero dirixidas fundamentalmente tamén a incrementar o posicionamento deste Goberno no Servizo de Axuda no Fogar, ese servizo que prestan os concellos.

Falabamos de aumentar en 400 os profesionais sanitarios. Falabamos de 200 millóns para contribuír ao equilibrio territorial, ao desenvolvemento rural e á prevención dos incendios. E lembraba hai un ano que nosoutros no ano 2018 apoiamos o seu partido, o Partido Popular, no ditame desa comisión de investigación. Confiamos en que o Partido Popular ía cumprir co ditame e coas medidas que se propoñían naquela comisión de investigación.



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Remato xa, presidente. Confiabamos no Partido Popular e, sete anos despois, o que vimos foi que pasou o que verdadeiramente pasou; e non vou repetir o que pasou, pero saben vostedes que nese sentido tiñan que ter cumprido co que nosoutros nos comprometemos tamén desde o Goberno, porque apostamos por darlle confianza ao Partido Popular e ao Goberno do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E, finalmente —e xa remato, señor presidente—, deixo para o final unha cuestión que creo que é extraordinariamente importante, que é a da condonación da débeda. Eu pido e apelo a que o Partido Popular en Galicia reconsidere a súa posición e acepte o ofrecemento do Goberno do Estado para aceptar esa condonación da débeda parcial de Galicia, que supón 4.010 millóns, e que o consideren como unha medida boa para este país. Pídlles que reconsideren esa posición, que é unha posición que mellora a situación —evidentemente e obxectivamente— da nosa débeda e nos permite avanzar cara a unha prestación de servizos mellor e máis eficiente. Pídlles, de verdade, de todo corazón que reconsideren esa posición, porque sería un erro histórico.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Ben, eu teño que dicir que non sei se é o espírito preNadal, pero eu hoxe xa vou ir un pouco máis contenta para a casa e xa vou ter un pouco máis de esperanza de que podo chegar nalgún futuro a algún acordo co señor Pazos. Porque hoxe, que comezou citándome un marxista, pois xa me sinto un pouco máis tranquila. Tamén lle digo, señor Pazos: ao señor Bertolt Brecht gustábanlle bastante as estrelas vermellas, gustábanlle bastante. *(Aplausos.)*

Tamén lle digo que isto pode axudarnos a empezar a falar, pero vaia maneira de acabar o Ano Castelao desprezando a simboloxía que tanto defendeu Castelao, desprezando esas estrelas roxas que el mesmo incorporou nese escudo de «Denantes mortos que escravos». *(Aplausos.)* ¡Vaia maneira de acabar o ano Castelao! *(Aplausos.)* Pero, bueno, empezamos o Ano Castelao negándonos que era nacionalista, así que tampouco sorprende moito.

En todo caso, e para dar por pechado de momento outro dos debates que saían no día de hoxe, eu, cando escoitaba o señor Pazos falar de Brecht, recordaba outra cita que creo que tamén podemos aplicar ao debate sobre os dereitos das mulleres e a violencia machista que estamos escoitando nos últimos días. Brecht dixo aquilo de «o que non sabe, é un imbécil; o que sabe e cala, é un criminal». Iso tamén podemos aplicalo a todos os que amparan o machismo. *(Aplausos.)*

Ben, a argumentación do señor Pazos para desbotar as emendas do Bloque Nacionalista Galego, como previsible, unha vez máis, cualificounos de «oposición gris» e de «falar da Ga-



liza do pasado». Mire, señor Pazos, está facendo vostede espello outra vez no BNG do que son os seus propios defectos. Todo o contrario, e iso é o que o ten tan nervioso a vostede e ao Partido Popular, en xeral. Eu preguntolle: ¿é o infrafinanciamento e o colapso do servizo de axuda no fogar un problema do pasado ou da Galiza do presente? ¿É a falta de psicólogos e psicólogas na atención primaria, que practicamente non existen en xeral no sistema sanitario, un problema do pasado? ¿É o incumprimento dos seus propios plans de saúde mental algo do pasado? ¿É un problema do pasado a necesidade de máis investimento neste ámbito? ¿É un problema do pasado a necesidade dunha unidade de silicose, por exemplo, no Hospital de Valdeorras? ¿É un problema do pasado a necesidade de dotar todas as áreas sanitarias de unidades de hospitalización infanto-xuvenil? ¿É un problema do pasado a necesidade dun plan de atención á ludopatía? ¿É un problema do pasado a necesidade de rescatar servizos privatizados do ámbito sanitario ou de ter, cando menos, un PAC por comarca que teña servizo de atención pediátrica? ¿É un problema do pasado a dotación de urxencias pediátricas? ¿É un problema do pasado a necesidade de dotar de máis logopedas? No sitio onde eu vivo, para máis de 300.000 persoas hai unha —unha—, en todas as comarcas de Ourense. ¿É un problema do pasado a necesidade de máis profesorado para atender os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo? ¿É un problema do pasado necesitar recursos económicos para restituír dereitos laborais e salariais do profesorado, que hoxe está en folga? Mire, hai moitos destes problemas e destas urxencias que sinala o BNG que veñen bastante desde o pasado, dos últimos 18 anos de Goberno do Partido Popular, pero son problemas do presente. *(Aplausos.)*

Por iso, presentamos emendas que responden a urxencias; emendas que eu mesma cualifiquéi de «rescate das urxencias». Pero presentamos tamén emendas para ir ao fondo, para ir aos cambios de modelo ambiciosos que necesita o país. Porque nós si cremos nun país con futuro e presentamos emendas de futuro. Emendas de futuro, como unha empresa galega de enerxía; como un instituto galego de coñecemento, precisamente, da enerxía; emendas como un plan de reindustrialización; emendas como o Pacto galego pola ciencia; emendas como ese fondo soberano para mobilizar 1.200 millóns de euros ata o ano 2032; emendas, tamén, para avanzar en dereitos sociais, dereitos sociais como empregar o autogoberno para axudar a quen peor está e incrementar o complemento galego das pensións non contributivas; emendas como un plan para as persoas autónomas en crise neste país; como está en crise tamén o comercio local, para o que propoñemos un plan; emendas, por exemplo, para o ámbito da vivenda digna.

É que que veñan vostedes aquí presumir de que vostedes teñen mellores propostas en vivenda... Mire, señor, sería como esa canción dos piratas, de «*Promesas que no valen nada*». Aínda estamos esperando que alguén nos explique en todo o debate orzamentario onde foron esas 1.800 vivendas que ían estar listas en 2026. *(Aplausos.)* Ninguén o sabe. Prometeron 4.000 máis e aínda non se sabe onde están esas 1.800. Non están construídas apenas mil, señor Pazos.

Propostas grises son as súas; grises son vostedes. A súa única proposta de desenvolvemento económico é a instalación dunha industria de enclave, dunha industria de espolio enerxético. Recorda moito ao gris, recorda moito á política industrial dos grises, dos que defendían os grises, daquel ministro da censura e do señor baixo de bigote. *(Aplausos.)* Efectivamente, ese



era o modelo industrial gris do pasado. Nós non queremos ese pasado; queremos futuro para o noso país.

E, para ter futuro para o noso país, insistimos —aínda que non ía nesta parte do debate, xa que vostede fixo mención— na cuestión da política fiscal. Miren, Robin Hood vostedes non son, precisamente. Eu reafirmo as palabras que dicía a miña portavoz nacional. Claro que son un Robin Hood ao revés. E pónolle exemplos. Mire, datos da Axencia Tributaria: os 8.345 contribuíntes galegos máis ricos aforraron 5.941. ¿Sabe canto aforrou algunha desas traballadoras do SAF, contando algunha das que en mellor posición económica estean, que están moi distantes de cobrar 2.500 ao ano? Cincuenta, señor Pazos, cincuenta. Claro que son Robin Hood á inversa. *(Aplausos.)* Benefician máis as rendas máis altas e menos as máis baixas.

Por non falar de todo o que drenan neste orzamento para derivacións á privada. Máis da metade do orzamento de dependencia vai para a privada e para bonos. Máis fondos neste orzamento para a sanidade privada, 300 millóns de euros, e privatizan novos servizos que comprometeron, como eses centros de crise e os CIM móbiles.

Por iso non hai, señor Pazos, un servizo público esencial neste país que non teña problemas, que non teña protestas. E non é a mobilización sindical que tanto os molesta; son as traballadoras, os traballadores e tamén as usuarias e os usuarios destes servizos, que piden medidas. Medidas como as que incorpora o BNG nas súas emendas, como ese Plan Galiza Coida para non ter que volver traer a este Parlamento as vergonzas de centros de atención residencial como o de Monforte, como de Xinzo ou como os que vimos, tamén, en Amoeiro, señor Pazos. Propostas que mellorarían a vida dos galegos e das galegas e que vostedes empregan subterfuxios e argumentos secundarios para intentar tapar que son realmente necesarias e importantes e que terían que ir incorporadas neste orzamento. Un orzamento que, ademais, sabemos e volvemos insistir en que o que aproban hoxe, o que vai quedar aprobado hoxe e publicado en poucos días no *Diario Oficial de Galiza*, e o que vai ser executado para o 31 de decembro de 2026 será totalmente distinto. E non se trata de sermos pitonisas e pitonisas; trátase de ver cal foi o seu precedente nos últimos anos de goberno, e é ese.

Eu non sei en que capítulo do seu curso de feminismo de CCC viña o gran consello de, como paradigma do feminismo, faltar sistematicamente ao respecto dunha organización e da portavoz nacional dunha organización que foi a primeira candidata muller á Xunta da historia e que foi a primeira voceira dun grupo parlamentario neste Parlamento. Debía vir despois do capítulo que recomendaba recortar o orzamento de violencia machista en 1,2 millóns de euros para axudar as mulleres. Debía vir nese capítulo. *(Aplausos.)*

En todo caso, nin oposición gris, nin pitonisas e pitonisas nin tampouco tristes e anódinos, como nos intenta pintar vostede. Están vostedes cada vez máis nerviosos instalados nesa campaña de difamación do Bloque Nacionalista Galego. Ao señor Rueda dálle a risa. Pois fan ben en tomalo con risa, porque fan ben en estar tan nerviosos, porque cada vez o Bloque Nacionalista Galego ten máis apoio social, cada vez están máis galegos e galegas mirando o BNG como o que somos, que é unha alternativa para darlle a este país o futuro que merece. *(Aplausos.)*



E, xa que vostede estaba inspirado con Bertolt Brecht, tamén dixo aquilo de que as conviccións son esperanza. Hoxe o nacionalismo galego é un proxecto unido, cohesionado, solvente, con conviccións, cun traballo político forte, con alternativas e, polo tanto, capacitado para darlle —e demostrámolo nestes meses de debate— esperanza a este país, a esperanza que merece.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: A verdade é que dixen na miña anterior intervención que escoitamos cousas nas últimas semanas dignas de comentario, e nesta réplica tampouco faltaron.

Quería dicirlle ao señor Besteiro, unha vez máis ausente desta Cámara, que... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, perdón, perdón. Se está traballando, por favor, que non o distraia ninguén, que isto non pasa todos os días. (*Aplausos.*) Non, por favor. Está traballando... ¡Home, claro! Non é traballo do voceiro quedarse escoitar as réplicas da intervención que el fixo. Non, non, iso non é traballo. (*Murmurios.*)

Pero ben, aproveitarei para dicirlle, alá onde estea, que o peor non son as palabras nin reiterar as palabras. O peor sempre son os feitos e, sobre todo, o peor é tapalos, que é o que fixeron vostedes nas últimas semanas. Eu quería informarlle tamén ao señor Besteiro que mecanismos e canles de protección para as vítimas de acoso temos todos os partidos, porque é obrigatorio e porque é o legal.

Pero tamén escoitei algunhas cousas interesantes. Falou o señor Besteiro do grande éxito económico do Goberno de España. Poderá ser opinable, supoño. Mire, subida do... —¡Home, benvido, señor Besteiro!— Subida do salario medio desde que goberna o Partido Socialista en España, 16 por cento. Mire, voulle falar da economía da xente. Subida dos ovos no mesmo período, 66 por cento; a tenreira, un 45 por cento; o café, un 50 por cento; o aceite de oliva, un 62 por cento; o azucre, un 45 por cento; a froita, un 54 por cento; o turrón, para algún galego que queira tomalo nestas Navidades, un 51 por cento. Ese incremento de prezos téñeno que pagar os galegos co 16 por cento máis de salario medio que lles proporcionou o señor Sánchez. *Porque Sánchez te lo da y Sánchez te lo quita.* Hai que ter moita cara para vir aquí falar de que a economía vai ben. (*Aplausos.*) ¡Aos únicos que lles renta este Goberno son aos que están asaltando a caixa pública a mans cheas, señor Besteiro!

Hai que ter cara para vir aquí falar de sistema de financiamento. ¡Pero hai que ter cara eh, hai que ter cara! Infórmoo, que vostede non estaba aquí. Hai eu creo que sete ou oito anos que acadamos un acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista para nomear un experto que fose a Madrid defender a nosa visión de como debía ser o novo sistema de financiamento. O experto foi e fixo o seu traballo, cos demais expertos designados polo resto de parlamentos e comunidades autónomas. ¿E sabe por que non temos resultado? Porque vos—



tedes colleron os informes deses expertos e meteron o sistema de financiamento nun caixón, onde leva escondido os últimos sete anos.

E ten vostede tamén, por certo, o desaforo de vir aquí falar das desgravacións para ricos. Levan semanas repetindo que fixemos bonificacións por valor de 793 millóns para os ricos. ¿Sabe cantas emendaron vostedes, señoría? ¿Sabe cantas emendou o PSOE? Ningunha. A única pega puxéronlla ao imposto de patrimonio, porque din que lles parece pouco o que recadamos; a vostedes, que o eliminaron ao cen por cento cando gobernaban Galicia. É que hai que ter máis cara que espalda, señoría.

Como hai que ter moita cara —vaimo permitir— para vir aquí acusar os demais de negacionismo machista. Vostede, que recoñeceu o venres pasado que coñeceu de primeira man a denuncia dunha vítima de acoso e que non fixo nada durante meses. E vén aquí acusar os demais de negacionismo. ¡Pero é que é increíble, é increíble a perda de contacto coa realidade que ten vostede, señoría! (*Aplausos.*)

Exactamente igual que vir aquí queixarse de falta de diálogo. ¿Pero como pode queixarse de falta de diálogo o representante dun partido que chamou a levantar un muro para illar o Partido Popular? Mire, señoría, a min si que me preocupa moito este tema. Onte coñecemos un atlas da polarización que arroxa como resultados que cinco millóns de españois romperon nos últimos anos relacións persoais. Que o 60 por cento da poboación española non se atreve sequera a debater de política na súa casa. Iso si que é enormemente preocupante. E voulle dicir unha cousa: que un partido e o proxecto dun partido se basee en polarizar premeditamente a sociedade para intentar obter un réditto político electoral é simplemente indecente; e esa é a indecencia na que viven vostedes dende hai sete anos. (*Aplausos.*)

¿Como se atreve vostede a falar aquí do Museo da Romanización? Houbo un acordo entre a súa compañeira e o presidente da Xunta. O presidente da Xunta o que acordou púxo o no orzamento. ¿Onde está a parte que teñen que facilitar vostedes? ¡É que hai que ter unha cara máis ancha ca espalda, de verdade! É unha cousa sorprendente.

Como que me veña falar a min con ese atrevemento da Escola Infantil de Chapela. Seis anos para que puxesen vostedes os terreos á disposición, e oito pasaron e aínda non son capaces de redactar o proxecto, que son os únicos dous compromisos que tiñan que facer para que se lles facilitase financiamento. Pero é que é increíble o seu, dígollo de verdade.

É tan increíble como que se atreva aquí a vir pedir desgravación nas autovías máis baratas que hai en España, que son as galegas. O mesmo señor que prometeu a gratuidade da AP-9 e aínda hoxe non tivo a santa decencia de vir a esta Cámara para dicir por que incumpre reiteradamente a promesa que fixo, enganando os galegos. ¡Home, xa está ben, señoría, xa está ben! (*Aplausos.*)

Mire, señora Presas. (*O deputado José Alberto Pazos Couñago amosa unha fotografía.*) Este é o edificio principal do campo de concentración de Karagandá. Aquí estiveron republicanos galegos encerrados, algúns acusados de delitos tan graves como roubar unha barra de pan. Alí, cando acudiron ao paraíso socialista que vostedes lles prometen. Pois aí o ten, presidindo a



estrela vermella da que vostede se sente tan orgullosa. Eu creo que se Castelao soubese o que pasaron os seus compañeiros neste campo, nunca tería reivindicado esa estrela. Vostedes, lamentablemente, si que o saben e ségueno facendo, para vergoña de todos os galegos. *(Aplausos.)*

Mire, machismo non é criticar un adversario político. Criticar un adversario político non é machismo. Agocharse na súa condición de muller para tapar as súas carencias e fracasos políticos si que é, é profundamente machista.

Pero acusou vostede o señor Rueda de ser un Robin Hood, ratificouno. *(O deputado José Alberto Pazos Couñago amosa un documento.)* Pois aquí os datos de Robin Hood: do 25 por cento que deixaron vostedes de pobreza ao 18,8 por cento, o dato máis baixo da historia de Galicia. E si, eu dígolle que Alfonso Rueda Robin Hood non será, pero en xustiza social a verdade é que mellorou moito o que conseguían algúns que van presumindo de que queren moito os pobres, e tanto os deben de querer que parece que tiran todos os días por intentar aumentar o número deles en España. Unha cuestión que, por certo, é bastante lamentable. *(Aplausos.)*

Mire, falaron vostedes tamén de privatización de servizos públicos. Isto é un clásico, isto é un clásico. Mire, voulle ensinar a listaxe de privatizacións aprobadas na Deputación de Lugo hai catro días. *(O deputado José Alberto Pazos Couñago amosa un documento.)*

Falaron vostedes tamén de privatización de servizos públicos. Isto é un clásico, isto é un clásico. Mire, voulle ensinar a listaxe de privatizacións aprobadas na Deputación de Lugo hai catro días. *(O deputado José Alberto Pazos Couñago amosa un documento.)* Todas elas centros de atención a maiores: o de Trabada, UTE Ourense Senior Servizos Asistenciais, Vilamoure; Ribas de Sil, Ourense Senior; Ribadeo, CK Senior; Pol, CK Senior; Pedrafita, CK Senior; Navia de Suarna, Ourense Senior; Meira, Ourense Senior; A Fonsagrada, As Rodas Vivenda Comunitaria; e Castroverde, CK Senior. Privatizaron vostedes todo o privatizable. Privatizaron vostedes ata un 6 por cento do gasto público en sanidade cando gobernaron e hoxe veñen afeiar e acusar de privatización un Goberno que, dezasete anos despois, aínda non foi quen de alcanzar o grao de privatización que tiveron vostedes cando lles correspondeu actuar. É cinismo puro o que practica o BNG.

Como tamén que veña aquí falar da CRTVG. Eu fágolle unha oferta, diante do presidente da Xunta. Eu creo que o presidente non se enfadará se a fago. Eu ofrézolle agora mesmo que, se quere, facemos unha reforma da lei para que o Parlamento de Galicia elixa os representantes da televisión pública exactamente igual que os elixiron vostedes no Congreso dos Deputados, onde a maioría que conformaron vostedes quedou co cen por cen e excluíu da elección dun só representante o grupo que máis votaron nas urnas os españois. Ese é o seu modelo de diálogo e participación pública. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O do SAF xa é un clásico. Eu creo que tremendo eh, eu dígolle a verdade, a min paréceme tremendo. O SAF é un servizo municipal porque así o decidiron vostedes, vostedes dous. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, pois, señora Rodil, pois nada, é que no Bipartito mandabamos nós e fomos nós os que aprobamos esa lei. Fixérono vostedes e decidiron que fose municipal, *(Murmurios.)* e agora presentan aquí emendas pedindo que sexa



asumido o cen por cen do custo pola Xunta de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nin o Goberno central, nin os concellos, que o asuma a Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Pero é increíble, é dicir... *(Interrupcións.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Silencio, por favor.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Mire, señora Rodil, eu dígollo de verdade: un mínimo de respecto. Se non mo ten a min, polo menos aos datos e ás propias emendas que presentan vostedes ao orzamento. Polo menos, se non respectan os galegos, respéctense a si mesmos, que se están faltando gravemente ao respecto, dígolle de verdade. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

En fin, eu remato xa, señoría, porque creo que a frase perfecta pronunciouna a señora Presas: «¿por que non solucionan as cousas, se non custa nada poñer unha partida nos orzamentos?» *(Risos.)* Efectivamente, ¿que custa poñer unha partida no orzamento? É debullar, despois facemos o que facían vostedes: deixan 2.000 millóns de buratos, pero iso dá igual. *(Murmurios.)* Señoría, por favor, a vostede explícollo despois en castelán, que sei que é o idioma no que habitualmente se pronuncia, pero agora mesmo estou falando para o resto da Cámara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Mire, eu, de verdade... *(O deputado José Alberto Pazos Couñago diríxese ao presidente do Parlamento.)* Non hai maneira, presidente. É que están moi falangueiros...

O PRESIDENTE: Está complicada a cousa.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Está a cousa complicada, eu xúrolles que non dixen unha palabra mentres escoitei as cousas que dicían...

O PRESIDENTE: Silencio.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...e as cousas que houbo que escoitar. Home, señora Pontón, non vai ter vostede o monopolio este de dicir «por favor, que non me interrompan e a poder ser que tampouco me insulten», que é algo que fan vostedes moi... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Pazos. *(O presidente pide silencio.)* Tranquilos, estamos rematando por hoxe.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Miren, señorías, Galicia merécese algo mellor, merécese algo mellor do que lle poden ofrecer vostedes, e por iso estamos aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Por iso temos corenta representantes que van garantir que sigamos pola senda *(O presidente do Parlamento, Miguel Santalices Vieira, pronuncia palabras que non se perciben.)* da previsibilidade, da estabilidade e do bo goberno que os galegos e as galegas levan ratificando en seis eleccións consecutivas. E, namentres, vostedes sigan aí, chamándonos e invitándonos aos demais a manter contacto coa Galicia real mentres seguen na súa burbulla, preguntándose día tras día por que son tan malos os galegos...



O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...que non os elixen a vostedes coas ideas...

O PRESIDENTE: Grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...brillantes que teñen. Eu dígolles de verdade que, con estes antecedentes, que hoxe alguén aquí tivese a felicidade de acusarnos a nós de estar encastillados é simplemente para que nalgún momento fagan vostedes unha asemblea, desas que tanto lles gustan, e empecen...

O PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...a pensar nos galegos, en vez de como...

O PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...sobrevivir ás cuchilladas permanentes das súas respectivas organizacións. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Están con nós, e saudámoslos, os integrantes da Fundación Esplai Cidadanía Comprometida, asistentes, neste caso, de Verín, Nigrán e Ferrol. Benvidos ao Parlamento e que pasen un bo día.

E agora imos votar. Pechen as portas, por favor.

Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026

O PRESIDENTE: O esquema das votacións é o seguinte. En primeiro lugar, imos votar emendas de cada un dos grupos emendantes ao articulado. Logo votaremos as emendas de cada un dos grupos emendantes ás seccións e ás entidades públicas instrumentais. Logo votaremos o articulado. Por último, será una votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais.

Comezamos, polo tanto. Votacións de cada un dos grupos emendantes ao articulado.

Votación das emendas ao articulado

O PRESIDENTE: En primeiro lugar, votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que son da 1 á 41.



Votamos.

Votación das emendas ao articulado números 1 a 41 do G. P. Socialista de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da 1 á 31.

Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O PRESIDENTE: ¿Perdón? Ai, si, si, perdón, hai unha petición de... Non vale, volvemos.

Imos votar as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que son da 1 á 31, pero aí pediuse unha votación separada do Grupo Socialista; en concreto, das emendas 3, 9, da 11 á 20 e da 27 á 30.

Votamos, polo tanto, estas emendas por separado.

Votamos.

Votación das emendas ao articulado números 3, 9, da 11 á 20 e da 27 á 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas ao articulado non votadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 39; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais

O PRESIDENTE: Agora imos votar as emendas de cada un dos grupos parlamentarios emendantes ás seccións e ás entidades públicas instrumentais.

En concreto, sométense a unha votación conxunta as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. Socialista de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Votamos as emendas do grupo parlamentario —tamén de xeito conxunto— do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas ás seccións e ás entidades públicas instrumentais do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación do texto articulado, coas emendas incorporadas, se é o caso

O PRESIDENTE: Agora imos votar o articulado. Para iso, sométese a votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais coas emendas aceptadas. Neste caso, hai unha votación por separado, que pediu o Grupo Parlamentario do Bloque



Nacionalista Galego, das seguintes seccións. *(O letrado oficial maior faille unhas apreciacións á Presidencia do Parlamento.)* Desculpen, imos votar agora o articulado. Hai que votalo.

Votamos.

Votación do texto articulado do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto articulado.

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, coas emendas incorporadas, se é o caso

O PRESIDENTE: E, agora si, votamos de xeito conxunto, salvo as que vou ler agora, que son por unha petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por separado, as seccións Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia. Votamos estas por separado.

Votamos.

Votación conxunta das seccións Parlamento de Galicia, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo de Galicia do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas seccións.

O PRESIDENTE: Votamos agora as restantes seccións e entidades públicas instrumentais. ¿Téñoas que ler todas, letrado? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? ¿É necesario? *(Negación.)* Non. Pois, entón, xa as coñecen todos. Votamos, polo tanto, as restantes seccións e entidades públicas instrumentais. *(Murmurios.)*

Votamos.

Votación das seccións e das entidades públicas non votadas do Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas seccións.

O PRESIDENTE: Con esta votación queda aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. *(Aplausos prolongados.) (Murmurios.)*

Pois penso que somos a primeira comunidade que aproba os presupostos. Pois si, hai que presumir un pouco diso tamén, home. *(Murmurios.)*

E agora continuamos. Punto único, que é un texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O PRESIDENTE: Para a presentación do ditame ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, a señora Presas Bergantiños.

NOA OLALLA PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Procedo á presentación do Ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. O Proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 20 de outubro de 2025. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 20 de outubro, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galiza* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e Socialista de Galicia presentaron emendas á totalidade, que foron cualificadas o 10 de novembro de 2025 e rexeitadas na sesión do pleno do 17 de novembro de 2025. Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 48 emendas; o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, 35; e o Grupo Socialista, 84. Foron cualificadas o 21 de novembro de 2025.

A Comisión 3ª, na sesión do 24 de novembro de 2025, designou as seguintes persoas ponentes: por parte do Grupo Parlamentario dos Populares, Julio García Comesaña, titular, e José Alberto Pazos Couñago, suplente; por parte do Grupo Nacionalista, Olalla Rodil Fernández, titular, e Noa Presas Bergantiños, suplente; por parte dos Socialistas, Patricia Iglesias Rey, titular, e María Elena Espinosa Mangana, suplente; por parte do Grupo Mixto, Armando Ojea Bouzo.

A Ponencia, reunida o 25 de novembro de 2025, estudou o texto articulado do proxecto xunto coas emendas presentadas e rematou o informe que contén as recomendacións que lle fixo a Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular, coa excepción da número 32, que foi retirada. Recomendouse tamén a aceptación das emendas 41, 42, 44 e 45 do Grupo Socialista. Rexeitáronse por maioría as restantes formuladas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e Socialista de Galicia. A Comisión, reunida o 9 de decembro de 2025, aprobou por maioría o informe da Ponencia.



O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos seguida de 89 artigos. O articulado vai seguido de cinco disposicións adicionais, catro disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras. O articulado agrúpase en dous grandes títulos: o título I, referido a medidas fiscais, e o título II, relativo a medidas administrativas. O título I, dividido á súa vez en dous capítulos, establece no seu capítulo 1 modificacións na normativa que regula os tributos estatais cedidos e no capítulo 2 regula as taxas e os prezos públicos. O título II, dividido en 13 capítulos e referido a medidas administrativas, regula aspectos diversos das materias seguintes: seguridade pública, mobilidade, espectáculos públicos, estatística, medio ambiente, educación, política social, economía, industria, emprego público, facenda e administración pública, xogo e patrimonio, vivenda e infraestruturas, sanidade, cultura, consumo e comercio e medio rural. Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras.

Grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame. Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

O primeiro de todo, dende aquí o meu agradecemento a todos os agarimos e as palabras de cariño polo falecemento do meu pai. Estou realmente agradecida. Tamén apoio a Cecilia neste periplo que vas empezar agora.

Hoxe non debatemos só unha Lei de medidas fiscais e administrativas. Hoxe debatemos un síntoma dun Goberno soberbio —cremos nós—, sen proxecto, sen rumbo. Un Goberno de propaganda sometido a un seguidismo político irracional que mira cara a Feijóo —ese Feijóo que nós pensamos que esta desnortado— e que marca dende Madrid unha folla de ruta cada vez máis próxima á extrema dereita negacionista. Con iso tamén nos xogamos aquí en Galicia moito. Saían onte os datos do barómetro, onde dicía que realmente ese voto á extrema dereita na poboación xove tamén estaba aumentando moito en Galicia. Por tanto, esa extrema dereita que vén, que é un contexto global e que estamos a vivir, tamén está en Galicia. Quero recordar que ese negacionismo da violencia de xénero, ese negacionismo do cambio climático, con quen pacta aquí en España, e tamén en Bruxelas, é o Partido Popular. Pacto coa extrema dereita. (*Aplausos.*) Porque, cando Feijóo perde o norte, quen perde é Galicia, e os datos vounos dicir.

Como, se non, se explica —se non é por esa obediencia cega— que Galicia rexeite 4.000 millóns de euros de débeda pública que lle ofrece o Goberno de España, que permitirá aforrar en xuros máis de 700 millóns, segundo apunta a Airef. É boa para Galicia, e non hai ningún tipo de matiz e explicación coherente. Ou que se declare en rebeldía no Consello de Política



Fiscal e Financeira. Séntese, imos falar e negociar un novo sistema de financiamento autonómico. Claro que ten que haber unha proposta, hai que gobernar. Ou que vote «non» no Congreso dos Deputados á senda de estabilidade orzamentaria que implicaría un incremento de gasto, que poderíamos ter maior investimento en sanidade, en educación, en política social. Ou que se cuestionen eses fondos do Plan de Vivenda, mentres miles de familias non poden chegar a adquirir unha vivenda ou alugar un alugueiro accesible.

Evidentemente, cos concellos, unha política fácil a que exerce a Xunta de Galicia: ceden os terreos para construír, o Goberno central financia e a Xunta, propaganda en materia de vivenda.

Ou como, se non, se explica que recorran ao Tribunal Supremo para cuestionar a repartición dos nenos e nenas migrantes que chegan aquí a Galicia sen pais nin nais fuxindo da traxedia e fuxindo das guerras. A min paréceme que iso é acercarse moito ao negacionismo. A min paréceme que iso é acercarse moito á extrema dereita.

E despois está esta lei. Esta lei ómnibus que quebra o debate parlamentario. ¿Por que? Porque é un caixón de xastre. Unha lei que modifica, como dicía hoxe o noso voceiro, máis de trinta leis distintas: vivenda, enerxía eólica, patrimonio cultural, emprego público, administración local, minaría, política industrial, medio rural... Todo xunto, sen informes sectoriais, sen participación, sen luz nin taquígrafos... Unha técnica lexislativa que cremos nós que é impropia dun país que aspire a ter institucións fortes. (Aplausos.) E o colmo de todo —xa o dicía no anterior debate á totalidade o señor Corgos—, que dicía nesa entrevista que concedeu á Cadena Ser: «*Bueno, pues quiero que se modifique el Estatuto de autonomía de Galicia para introducir la figura del Real decreto lei*». Non para ter máis autogoberno, non para ter máis competencias na Xunta de Galicia; para introducir —aínda máis— e cuestionar a función deste Parlamento. ¿Queren un Parlamento convertido nun convidado de pedra? É evidente que si, porque o amosan todos os días. ¿Respectan a separación de poderes, señorías? Eu penso que non. A lei de acompañamento, que debería limitarse a axustes orzamentarios, convértese nunha ferramenta que acumula, aínda máis se cabe, máis poder no executivo, furtando o debate democrático nesta Cámara.

E, ¿cales son as medidas fiscais que se introducen neste proxecto de lei? O seu titular é: unha política fiscal regresiva, incoherente e antisocial. Din que baixan impostos... Falaba tamén o señor Corgos de «impostos e rebaixas selectivas». Selectivas si, para algúns, evidentemente. É unha baixada para uns poucos e unha hipoteca para a maioría. O 96 por cento da poboación galega non recibe ningún beneficio das súas rebaixas, señor Corgos. Galicia —é o certo, e os datos están aí— deixará de ingresar nas arcas públicas 793 millóns de euros —que se di pronto— no 2026. Ao mesmo tempo, esa política incoherente, pois rexeitan a quitación de 4.000 millóns de euros, que é boa para Galicia —como dicía—, sen matices. É como se che toca a lotería e non vas recoller o premio. ¿Por que? Polo seguidismo vergoñento que practica Rueda de Feijóo.

E, ¿a quen benefician esas rebaixas selectivas? Pois ao 4,2 por cento máis rico; os que aglutinan patrimonios millonarios; os que teñen máis dun millón de euros de patrimonio neto, que se benefician da bonificación do imposto de patrimonio. Pero isto é unha práctica... Fa-



laba hoxe o señor Pazos do tema de que se eliminou o imposto de patrimonio no Bipartito... Pois dígolle máis, señor Pazos: nas comunidades autónomas gobernadas polo PP non hai en moitas o imposto de patrimonio e moitas aplican esa bonificación. ¿Por que? Porque é o *modus operandi* que practica a dereita neste país: ideoloxía liberal consciente para favorecer sempre as clases privilexiadas. Esa é a súa ideoloxía.

Mentres tanto, claro que teñen consecuencias esas rebaixas fiscais selectivas. ¿Cales son? Pois batemos récords de listas de espera en sanidade; máis privatización á sanidade privada e máis fondos para Povisa con menos pacientes —a través do Grupo Ribera, que incrementou beneficios en Galicia nos tres últimos anos—; 349 días de lista de espera para ter a primeira resolución de dependencia da Xunta; máis de 20.000 persoas agardando unha vivenda; concellos afogados con competencias impropias e un fondo de cooperación local, na súa parte indiferenciada, conxelado desde o 2011. A iso eu chámolle só dunha maneira: «irresponsabilidade fiscal». É unha ideoloxía ultraliberal en estado puro e que ten moitas consecuencias negativas para o noso estado de benestar, para o noso país.

Os grandes bloques da lei... ¿Que se modifica? Temos no fondo... Pois cremos que é unha fotografía do fracaso do PP. Modifícase a enerxía eólica: 14 modificacións da lei do sector eólico—. Unha confesión de culpabilidade, unha confesión nítida dun fracaso absoluto. E non hai mellor proba do fracaso que un modelo eólico que pretende reescribir a mesma lei ano tras ano. Resultado, inseguridade xurídica sen precedentes xamais vistos: 90 parques eólicos paralizados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia —moitos por motivos medioambientais—. E, ¿por que? Por unha incompetencia absoluta responsabilidade directa do Goberno galego do PP, que leva case dezasete anos na Xunta. Cero autocritica. Conflito social no desenvolvemento eólico e cero retorno real para o territorio. Dende o PSdeG presentamos emendas parciais para corrixir criterios ambientais, participación veciñal, gañar seguridade xurídica... E vostedes, en cambio, seguen improvisando e improvisando.

Vivenda: máis discrecionalidade e menos garantías. Queren adxudicar vivenda pública sen sorteo, aumentando a discrecionalidade aos promotores e favorecer esa política que tanto lles gusta, a política de amiguetes. Crear aloxamentos compartidos en solo dotacional que non cumpren as condicións mínimas para ter unha vivenda digna. E, todo isto —o máis grave—, sen ter un plan real para aumentar o parque de alugueiro no país; sen plan real para rehabilitar as miles de vivendas baleiras nas que a Xunta podería xogar un papel moi importante como garante e protagonista en todo o ciclo de vida: na promoción, na construción, no alugueiro... Proponemos —como se sabe— dende o Partido Socialista o banco público de alugueiro. E algo que tamén convén moitas veces lembrar —e que parece que se esquece neste debate—: a competencia en materia de vivenda é exclusiva da Xunta de Galicia.

Modificación en materia de Lei de patrimonio cultural: unha aberración absoluta. Queren reducir a protección e trasladar toda a responsabilidade aos concellos. Concellos que non teñen nin medios nin persoal técnico. É unha irresponsabilidade e un perigo, porque poñen en risco real a protección do noso patrimonio cultural; en sintonía co que se está a facer con esa amplitude de autorización dos usos no dominio público marítimo-terrestre, coa competencia e a lei do literal, que se está vislumbrando esa desprotección onde realmente se está cuestionando a protección medioambiental neste país.



A falsa moratoria do eucalipto: un truco, unha cortina de fume. Porque chegaron ao extremo de presentar unha autoemenda extemporánea para corrixir outra chapuza. Non hai plan forestal nin vontade real de ordenar o territorio no rural. No día de hoxe, 16 de decembro, segue sen presentarse o novo Pladiga; tiña que estar presentado en outubro e segue sen presentarse. ¿É o que lle importa ao señor Rueda o que sufrimos coa vaga de lumes neste país, con máis de 100.000 hectáreas destruídas? ¿Algunha lección aprendida? Eu penso que ningunha, ningunha.

Emprego público e administración local: un modelo roto, absolutamente roto, señor Corcos, do que vostede é responsable, da función pública; non só dos orzamentos. Concurso de traslados atrasados, atasco e sen saír en décadas; abuso das comisións de servizo e das interinidades; improvisación constante e absoluta polo emprego público, que é o principal activo da Xunta de Galicia; concellos asfixiados asumindo competencias que non lles corresponden. Temos que a Deputación da provincia financia máis os concellos da provincia da Coruña que a propia Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) ¡Que a propia Xunta de Galicia! Despois teñen esa política de amiguete e de caciquismo que tanto practica o Goberno galego do PP para ter máis control político e, sobre todo, mermar a autonomía municipal. ¿Que fan? Abuso das concesións directas de axudas. ¿A quen? Aos concellos amiguete do Partido Popular. Esa é a política de caciquismo que practica a Xunta na súa política de fomento.

E nós por iso presentamos 84 emendas parciais a este proxecto de lei de medidas e pretendemos propoñer unha fiscalidade progresiva, un modelo eólico ordenado, unha industria sostible, en consonancia co Pacto Verde Europeo. Por certo, ese Pacto Verde Europeo que votou en Bruxelas hai un mes o Partido Popular español, saíndose da dereita clásica europea, votando da man de Meloni, de Orbán... ¿Por que? Porque estaba fraguándose ese pacto da vergonza en Valencia. Iso é como responde tamén —que é o mesmo partido— o Partido Popular en Galicia. Propoñemos tamén unha protección máxima do patrimonio cultural, banco público de alugueiro, reforzo dos servizos sociais, mellora da seguridade xurídica e transparencia institucional. Porque nós cremos que hai alternativa, e Galicia pode avanzar con ambición, con equidade e con xustiza social.

Señorías, este proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas non é o que Galicia precisa; é o que Feijóo precisa. Por iso lles pido —xa sei que non vou ter sorte e que non vou ter resultado— que retiren o proxecto e comecemos de novo. Galicia merece un proxecto de país e non un manual de instrucións de Génova.

Nada máis pola miña parte, polo de agora. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pola quenda do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas.

Bo día a todas e a todos.



Eu tamén lles quero trasladar o agarimo e o apoio a Cecilia e a Argimiro tamén. Eu creo que a mellor maneira en que podemos apoiarnos —temos pouca capacidade— é seguir defendendo a sanidade pública deste país. En todo caso, aí está ese apoio; vaia, por suposto, por diante.

Nós hoxe imos votar en contra —a non ser que haxa así un xiro inesperado dos acontecementos— deste texto lexislativo, desta Lei de medidas fiscais e administrativas que encara xa a última votación e o último debate nesta Cámara; unha lei que reforma medio cento doutras leis, quince decretos que nada teñen a ver —como se referenciaba incluso agora na exposición do propio ditame— cos orzamentos e que terán consecuencias directas na vida das galegas e dos galegos e non para melloralas, senón todo o contrario.

No BNG intentamos, ao longo deste proceso de tramitación —como saben—, tanto coa presentación dunha emenda á totalidade como nas emendas parciais que rexistramos, evitar que saíse adiante. Presentamos unha emenda á totalidade e as emendas parciais para impedir que se leve a cabo o que é un atropelo democrático con que o Partido Popular —para sorpresa de ninguén, ao longo de todo este proceso de tramitación— o único que fixo foi pasar o rodillo para sacar adiante esa —insisto, non hai xiro inesperado dos acontecementos— Lei de acompañamento para o ano 2026.

E vai cambiar a vida da xente —vai cambiar a de todas as que estamos aquí e a das galegas e a dos galegos que están fóra— ao día seguinte mesmo da súa entrada en vigor coa publicación no *Diario Oficial de Galiza*. ¿En que vai cambiar a vida dunha galega ou dun galego de a pé, do común, dunha traballadora ou dun traballador deste país? En tres cuestións, tamén en moitos máis aspectos, pero, sobre todo, en tres cuestións importantes. En primeiro lugar, esta lei de acompañamento vai supoñer menos protección para o territorio e para a paisaxe; é un ataque á biodiversidade en favor das empresas amigas do Partido Popular, especialmente, de empresas do *lobby* eléctrico e, por suposto, da santísima trindade das pasteiras, que é a que esta fregando as mans con esta lei de acompañamento.

Con esta lei, no día despois de se publicar no *Diario Oficial de Galiza*, un parque eólico e as súas liñas de evacuación van estar por enriba das áreas de especial interese paisaxístico, así recoñecidas e protexidas nas Directrices da paisaxe. O que —até que se publique esta lei no *DOG*— debía ser conservado e debía ser protexido ou mesmo debía ser elevada a súa protección ao máximo nivel europeo, a través da declaración da Rede Natura 2000, vai pasar a ser unha minucia ao lado do interese económico das empresas que promovan parques eólicos. Imos poñer exemplos concretos porque non falamos de grandes teorías políticas, senón de espazos naturais e territoriais concretos onde vive a biodiversidade que nos dá a vida aos demais e nos cales habitan tamén moitas galegas e galegos: a serra do Suído, por exemplo, sen ir máis lonxe, cos seus hábitats prioritarios, que até a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza, en 2009, estaba prevista ser declarada Rede Natura 2000. Pois agora —despois de que saia publicada no *DOG* esta lei de acompañamento— vai quedar supeditada porque pasan por riba e declárase de interese superior poñer un parque eólico e as súas liñas de evacuación nel.

O Partido Popular non protexe nada, vende, máis ben, a prezo de saldo os recursos naturais deste país para seguir cebando o apetito insaciable dun puñado de empresas que se están



—esas si— facendo de ouro á custa das galegas e dos galegos. O *lobby* manda e o PP obedece. Nas leis de acompañamento sempre é así. Tanto ten se falamos do sector eólico, do mineiro —que tamén se debaterá na sesión plenaria ordinaria que comezará con posterioridade— ou da política forestal deste país. Ese é o gran cambio realmente, a gran medida que introducen, xunto coas reformas, na materia de vivenda, nesta Lei de acompañamento para o ano 2026. Con esta lei o PP fai que onde había piñeiro, onde había pinos, vaia empezar a haber eucaliptos e onde a terra xa non valía para seguir repoboando —porque esta especie, este cultivo é o que ten; provoca e ten un prexuízo tan grande sobre o territorio, que chega un punto no cal non lle chega, nin a el mesmo, nin lle serve esa terra para seguir reproducíndose—, o que lles ofrecerá ás propietarias deses eucaliptais é que vaian plantalos a outro sitio que máis lles conveña e, sobre todo, onde máis interese e rendemento económico lles teña.

Isto, nun país que ten máis de 438.000 hectáreas de eucalipto —que é máis do que prevía o Plan forestal de Galiza para o ano 2032—; e 25.000, desas máis de 438.000 hectáreas, plantáronse e medraron cando, supostamente, estaba prohibido plantar máis eucaliptos en Galiza. Esa é a proposta de futuro que trae, a partir da súa entrada en vigor coa publicación no DOG, esta lei de acompañamento aos orzamentos do Partido Popular: facer do monte un enorme eucaliptal, coma se non houboese máis alternativa.

Escoitámolo hoxe no debate do articulado, no debate anterior das seccións e das emendas aos orzamentos da Xunta para o ano 2026. Aquí o Partido Popular pretende presentarles ás galegas e aos galegos a depredación, a rapina, como a única alternativa industrial e de xeración de riqueza posible. Isto é o que hai: ou tomas o que che ofrece o Partido Popular para o entreguismo dos recursos naturais deste país ás empresas amigas do Partido Popular ou o resto é —non sei— que volvamos andar en taparrabos e meternos nas covas; é o único que trae o resto, calquera alternativa é promover a pobreza en Galiza. A min isto é unha cousa que me ten ¡atónita, atónita! porque o que intentan é facer crer a este país que non hai máis alternativa que a proposta que ofrece a política industrial do Partido Popular; ¡e iso é esa mentira, é radicalmente mentira!

Hai alternativas industriais posibles. Hai un monte —cando falamos de política forestal— produtivo, traballado e ordenado, que xera rendibilidade e riqueza no territorio e no país, apostando na multifuncionalidade, na variedade de especies autóctonas, na xeración de valor engadido a través de segundas e terceiras transformacións da madeira en Galiza, que non hai hoxe e non promove tampouco o Partido Popular; e, sobre todo, neste país hai moito futuro recuperando parte da terra forestada para poñela á disposición do sector primario galego, que tanta base territorial necesita para seguir medrando e facéndose máis eficiente e máis sostible aínda. E iso é o que lles dixeron milleiros de galegas e galegos, milleiros de persoas, unha vez máis, este domingo en Santiago de Compostela: que hai vida, que hai riqueza nun modelo económico sostible, non depredador e non extractivista, que é a única oferta, a única proposta, que nos trae e que defende o Partido Popular.

Vostedes, señorías do Partido Popular, coas súas propostas, con esta lei, coas decisións que toman, van en contra precisamente desa maioría social. Traballan única e exclusivamente para engordar o negocio desa santísima trindade das pasteiras —Encer, Navigator e Altri—



porque a que menos gaña en todo isto —e hai que dicilo máis— é a xente deste país, son os veciños do rural. Isto hai que dicilo máis.

E nós —que isto tamén, a verdade, ás veces, parece un pouco pasivo— imos facelo un pouco máis dinámico. Eu pídolles ás súas señorías que me interrompan e que me digan que concello é o que máis diñeiro ingresa, en Galiza, polas cortas de madeira, maioritariamente —o que se tala neste país— de eucalipto. *(A deputada Olalla Rodil Fernández agarda a que algunha deputada ou deputado responda.)* ¡Digán, non, dígano e interrompan!; ¡digan un! Eu supoño que si cremos a propaganda do Partido Popular, pois será o concello onde máis cortas se producen. *(Pausa breve.)*

¿Saben que di o IGE? —son datos oficiais do Instituto Galego de Estatística—; ¿saben cal é o concello galego que máis ingresa pola venda de madeira? A Coruña —¡rural!—; o segundo, é Lugo; o terceiro, Santiago; e o cuarto, é Narón. Ningún destes concellos —poden contratalo cos mesmos datos do IGE— corta practicamente madeira porque o rural é o que soporta os prexuízos da política forestal do Partido Popular ao servizo das pasteiras, pero os rendementos nin quedan no rural nin quedan, na maior parte dos casos, tan sequera neste país. *(Aplausos.)* Ese é o modelo económico do PP: que as empresas rapinen, con cada vez menos impedimentos legais para que poidan facelo a pracer. Non vaia ser que [...] veña á protección dos intereses das galegas e dos galegos. ¡Aínda estamos a tempo!

As emendas dos grupos da oposición, as emendas do Bloque Nacionalista Galego, están vivas, aínda hoxe se pode chegar a acordos e a rectificar. E eu convídoos a que acepten a emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego —a única que é de modificación e non de substitución na parte lexislativa de medidas administrativas—. Aprobemos a moratoria indefinida ao eucalipto que defende o Bloque Nacionalista Galego para frear a expansión desta especie, que ten un enorme impacto ambiental e nos recursos hídricos. A mellor proba é a moratoria que propoñen vostedes, de que leven plantacións, onde o eucalipto xa arrasou coa terra, para outros lugares onde si que sigan sendo rendibles despois de deixar improdutivas as plantacións orixinais. Unha especie que supera xa, con moito, as hectáreas previstas polo propio Plan forestal de Galiza para o ano 2032. Unha emenda na cal propoñemos, defendemos e —insisto— tendémoslles a man para que poidamos chegar a un grande acordo de país aprobándoa; unha emenda que propón a aprobación, no prazo máximo dun ano, dun plan de identificación, de control e de erradicación de plantacións ilegais de eucaliptos. Hai xa 25.000 hectáreas máis no Inventario forestal continuo. Recoñecen que están aí desde que se aprobou a moratoria anterior. Un plan de vixilancia, de control e de sanción sobre esas novas plantacións non autorizadas e un plan de axudas con 5 millóns de euros dirixido ás persoas propietarias de piñeirais neste país que están afectadas polas bandas vermella e marrón; porque o pino tamén xera riqueza en Galicia, e vostedes tiran toda esa cadea de valor aos pés dos cabalos con esta moratoria para que se produza unha substitución automática de piñeirais por eucaliptos.

Esta lei que hoxe debatemos, esta Lei de medidas fiscais e administrativas, trae tamén un ataque directo aos dereitos fundamentais da xente deste país, e non só á política forestal; como é, por exemplo, o dereito a ter unha vivenda digna. Esta Lei de medidas ataca directamente os estándares de habitabilidade para favorecer a especulación inmobiliaria, aprovei-



tándose da necesidade da xente. Facer menos para gañar máis. Até agora non se podía construír en Galiza —¡pouco se dil!: até agora non se podía construír en Galiza— unha vivenda inferior a corenta metros cadrados. ¿Que propón a Lei de medidas fiscais? ¿Que é o que vai sufrir calquera galega ou calquera galego no día despois de aprobarse esta lei e publicarse no DOG?; pois que a partir de agora o Goberno do Partido Popular permite construír vivendas de 32 metros cadrados, cunha praza de aparcadoiro cada cinco vivendas. ¡E ollo!, pisos con sala de estar, comedor e cama, todo xunto; menos mal que especifican que, polo menos, o cuarto de baño ten que estar nunha estancia afastada, porque é que, se non, xa directamente —eu non sei— díganme vostedes que sería vivir nese espazo. Até hoxe unha vivenda dun dormitorio debía ter, polo menos, 45 metros cadrados; a partir de agora 31. Até agora, unha familia con fillos, que vive nunha vivenda de dúas habitacións, esta tiña que dispoñer, como mínimo, de 56 metros cadrados; a partir da entrada en vigor —cando vostedes lle dean ao botón verde esta mañá ou xa á media tarde— terá que apañarse esa familia de dúas persoas adultas e unha nena ou neno cun aloxamento compartido de 38 metros cadrados.

Esa é a proposta que defende o Partido Popular de Galiza para este país: que quen non poida pagar unha vivenda decente, cos prezos absolutamente prohibitivos que existen hoxe no mercado de alugueiro en Galiza, que busque a vida con menos espazo do que ten, por certo, unha área pequena nun campo de fútbol estándar da FIFA. Esa é a dimensión que vostedes propoñen como alternativa habitacional, sen nin sequera toparlle o prezo de alugueiro a un prezo inferior ao do mercado, á xente deste país precisamente; sobre todo á xente que teña menos de 36 anos.

E por se fose pouco, aínda meten outra reforma na Lei de vivenda con esta lei de acompañamento para que, a partir de agora, o acceso á vivenda de protección autonómica en alugueiro —vivendas subvencionadas con 50.000 euros de todas as galegas e de todos os galegos, pois os cartos que manexa o PP na Xunta non son do Partido Popular— pase a depender da promotora do inmovible, fronte á fórmula que existiu, para todos os casos, até agora, de sorteo. O Partido Popular o que abre é a porta ao escurantismo, á opacidade e, sobre todo, á discrecionalidade porque a lei di que son as promotoras privadas que poden escoller, do Rexistro de Demandantes de Vivenda, a persoa que quere que vaia vivir aos seus pisos, ás súas vivendas, pero non lles establece ningún criterio. ¿Cal vai ser? Pois o que decida a empresa. Eu dicíao no debate en Comisión, ¿cal vai ser o primeiro criterio? Pois coñecer alguén dentro. ¿Que favorece o Partido Popular, botando do lado de fóra á Administración, que tiña a obriga de velar polos dereitos das persoas que teñen a necesidade e o dereito de entrar nunha vivenda digna? ¿Que é o que fai este despropósito?; ¿cal é a consecuencia que ten? Pois que, ao final, haxa absolutamente unha discrecionalidade e que se favorezan intereses particulares e persoais; ou, ¿quen sabe?, se me pagas por debaixo da mesa, saes ti desa lista de máis de vinte mil persoas, e non outra, porque —insisto— o Partido Popular dá manga ancha para elixir esas promotoras privadas, pero non lles establece nin un só límite, nin un só criterio obxectivo, que deban cumprir. É un despropósito que deixa ben claro cal é a política de vivenda que defende o Partido Popular: facer negocio con todo, tamén coa necesidade da xente que vive a maior crise habitacional dos últimos anos.

E por último, esta lei o único que afonda é nun atropelo democrático en si mesma —dicíao ao comezo—, por un proceso de tramitación absolutamente acelerado, no cal non se someten



nin á consideración do Consello Económico e Social as reformas que se prevén nela, no cal temos que debater medio cento de reformas lexislativas nun *totum revolutum* sobre o que eu xa non teño tempo, nin sequera, a citar máis.

Ademais, non me gustaría acabar sen mencionar outra das reformas que introducen, que é unha lousa máis no lombo dos concellos asfixiados aos cales cargan vostedes con máis competencias; agora na protección da maior parte do territorio, sen ter orzamentos nin capacidade nin recursos para garantir esa protección.

O Consello da Cultura Galega advertiu de como se lesionaba o patrimonio de Galiza, pero, ¿que caso vai facer o Partido Popular, na súa soberbia e nesa concepción absolutista do poder e da maioría que teñen, a un órgano estatutario —quero lembrar— cuxa orixe e razón de ser é para velar, entre outras, pola protección e a salvagarda do patrimonio deste país?

Eu remato. O BNG vai votar en contra deste atropelo, que só deixa Galiza máis desprotexida e as galegas e os galegos con menos dereitos dos que tiñan o día antes de que vostedes lle dean a ese botón. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, o señor Comesaña.

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, hoxe culminamos a tramitación dunha lei que, dende logo, non improvisa nin agocha nada e que é competencia deste Parlamento; culminamos a tramitación da Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañan os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026.

Por certo, xa o dicía o presidente, este é o primeiro Parlamento autonómico que aproba os seus presupostos agora mesmo. Non sei se as Canarias, que vai unha hora atrasada, estará a punto de aprobalos, pero somos a primeira comunidade que os aproba, e —creo— iso é motivo de orgullo para todo o Parlamento, aínda que unha parte del non o valore así.

Como dicía, esta lei é importante. Non é unha lei ideolóxica, é unha lei útil, unha lei necesaria e —síntoo, señora Iglesias— plenamente constitucional e, por suposto, estatutaria.

Falaba vostede de moitas cousas, pero, sobre a quitación da débeda, déixeme dicirlle dende o principio. Mire, eu teño unha hipoteca e meu irmán ten outra. Eu pago 10.000 euros e meu irmán paga 100.000. Meu pai decide que imos xuntar as dúas hipotecas nunha, e eu vou pasar a pagar 60.000 euros e el vai pasar a pagar 60.000. ¿Eu teño que estar contento coa decisión de meu pai? ¿Vostedes cren, de verdade, que alguén entende iso? (*Aplausos.*) ¿Como nos poden querer convencer de que quitar a débeda para metela na do Estado e pagala, logo, entre todos é mellor? ¿De verdade que cren que somos parvos os galegos? E, ademais, logo din que o que aforremos podémolo investir; ¿en que, en que? Se xa falamos moitas veces dos informes da Airef e do propio Ministerio de Facenda. ¡Deixen xa ese discurso, por favor! Céntrense noutras cousas máis importantes que teñen que facer, ao mellor, nestes días.



Señorías, quero comezar polo que foi obxecto de debate, hai dúas semanas —precisamente, dicíao a señora Rodil—: a lexitimidade e a necesidade da lei de acompañamento. O Tribunal Constitucional díxoo moi claro: as leis de medidas son perfectamente válidas cando existe conexión material cos orzamentos —estamos hoxe votando os orzamentos e agora estamos coa Lei de medidas— e cando, ademais, se respecte a tramitación parlamentaria. ¿Que porta de atrás? ¿Como que agochar...? ¿Onde está a porta...? Eu non coñezo a porta de atrás do Parlamento, ao mellor vostedes, si. Eu entro pola mesma porta que vostedes, e esta lei entrou, exactamente, pola mesma porta, e por ningunha porta de atrás. E, ademais, tivo a tramitación parlamentaria e, dende logo, non se eludiu ningún control democrático. Estamos no Pleno do Parlamento de Galicia, onde todos os grupos parlamentarios representados son froito das eleccións; e aquí non se agocha nada, señora Rodil. Como digo, todo iso se cumpre nesta lei.

Aquí houbo un proxecto de lei, houbo comparecencias do conselleiro —varias—, houbo emendas de vostedes, houbo ditames que hoxe se leron aquí, houbo debate en comisión e hai debate en Pleno. Este é o segundo debate en Pleno: debate de totalidade e de emendas parciais. Aquí non hai atropelo democrático ningún; aquí hai un parlamento funcionando. Claro que algúns de vostedes xa non se acordan de como funcionan os parlamentos, pero este si; este funciona.

Por iso sorprende que algúns grupos seguen repetindo, ano tras ano, os mesmos mantras: que se é unha lei ómnibus, que se é un caixón de xastre, que se debería ser tramitado polo CES...; ou sexa, esa é a máis clara. Léase a norma do CES, que di, claramente, que as leis de orzamentos e as que a acompañan non teñen que pasar polo CES. Está posto na normativa do CES, señora Rodil. É moi fácil de ler. Este é —como digo— o mantra que máis me gusta. Son clásicos; como os clásicos de sempre, como a novela de Castelao —sobre a cal hoxe se falou—, como Pedriño e Rañolas. Son os de sempre, dando sempre o mesmo discurso. ¡Bueno!, o ano que vén, xa o teñen fácil, a seguir con isto.

A realidade é ben distinta. Esta lei non é un atallo, é unha ferramenta; unha ferramenta que permite adaptar o ordenamento xurídico para que eses orzamentos non sexan papel mollado e para que as políticas públicas se poidan executar con seguridade xurídica.

E permítanme dicilo con claridade: en Galicia lexislamos con leis debatidas nesta Cámara, non gobernamos a golpe de decretos lei nin substituímos o Parlamento por decisións unilaterais ou mesmo acordos con terroristas ou con prófugos da lei. Señorías, esta non é unha cuestión menor porque, cando se cuestiona de maneira sistemática a Lei de medidas —como fan vostedes ano tras ano—, o que realmente se está cuestionando é a capacidade deste Parlamento. Vostedes, que tanto falan de autonomía, están suxerindo que este Parlamento non ten autonomía para aprobar esta lei; é o que están dicindo vostedes: «Isto é un caixón...». ¡Non, non!, é estatutario, é constitucional e é o que facemos todos os anos. É a capacidade deste Parlamento para adaptar o marco normativo ás necesidades reais da xestión pública.

Pretender que cada modificación normativa teña que tramitarse sempre mediante unha lei sectorial independente non ten máis rigor democrático; é, sinxelamente, condenar a Administración, completamente, á parálise. E iso, en tempos de incerteza —como nos que esta—



mos agora mesmo—, de incerteza económica, aspectos de transición enerxética, de emerxencia climática ou de presión social, non é responsable ter que derivar calquera cambio... Todo o que vostede comentaba agora da Lei de medidas —ou o que non comentou— é un mecanismo para que as cousas poidan funcionar. Podemos poñer moitos exemplos, e agora falarei dalgún deles.

As leis de medidas existen para garantir o que dicía, é dicir, que as decisións adoptadas nesta Cámara se poidan executar con eficacia. E Galicia demostrou, ano tras ano, que sabe usalas con criterio, con límites e con respecto escrupuloso ás competencias deste Parlamento e á legalidade constitucional. Ademais, todos sabemos quen foi o primeiro en utilizar a Lei de medidas, señora Iglesias; foi o Partido Socialista, concretamente, Felipe González e Pedro Solbes, hai uns cantos anos. Polo tanto, leccións do Partido Socialista sobre como se usa esta lei, poucas.

Entrando xa no contido desta lei, estamos ante un texto que consolida un modelo recoñecible: estabilidade, moderación fiscal, política social responsable e simplificación administrativa —alguén antes, señora Rodil, cualificaba ou facía os titulares desta lei..., eu, permítame, teño estes—. Repito: estabilidade, moderación fiscal, política social responsable e simplificación administrativa; un modelo que non se improvisa, dende logo, e que se pode medir con datos.

Imos falar, en primeiro lugar, de fiscalidade útil e de protección ás persoas. Suprimimos a tributación das compensacións... —¡perdón!— En materia fiscal, esta lei mantén unha liña clara, que é a de non subir impostos e a de aliviar a presión fiscal sobre as rendas medias e baixas —rendas medias e baixas—; unha presión fiscal menor para rendas medias e baixas —hai que repetilo moitas veces, coma no colexio, señor conselleiro, porque algúns teñen a cabeza dura, neste sentido (*Aplausos.*)—. E vou dar datos: Galicia aprobou nos últimos anos catro rebaixas do tramo autonómico do IRPF —¡catro!—; non unha, non dúas, non tres, senón ¡catro! rebaixas: en 2014, 2016, 2022 e 2023, incluíndo —iso si— a deflación retroactiva dos tres primeiros tramos para mitigar o impacto da inflación, esa que chegou non se sabe moi ben como.

Os resultados son moi claros: máis de cento vinte e oito millóns de euros de aforro na declaración do IRPF, do ano 2022 —cento vinte e oito millóns—, a esas clases medias, a esas rendas medias e baixas; preto de douscentos oitenta millóns de euros de aforro acumulado nas declaracións dos anos 2023 e 2024. De media, cada contribuínte galego paga cada ano, hoxe, quíntos euros menos de IRPF do que pagaba no ano 2009 —quíntos—. Multipliquen os anos que pasaron dende o ano 2009 ata agora e poderán calcular vostedes mesmos o que aforraron cada un de vostedes. Un contribuínte cunha base impositiva de ao redor dos vinte e dous mil euros aforra preto de catrocentos euros respecto á tarifa que tiña hai unha década.

Polo tanto, esta é unha Lei de medidas que continúa esa senda e incorpora, ademais, medidas de xustiza fiscal evidentes: eliminamos a tributación do IRPF nas axudas ás persoas con ELA; suprimimos a tributación da compensación ás vítimas da talidomida, que, nalgúns casos, chegaba a supoñer o corenta por cento vía imposto —hoxe estará por aquí a Asociación de



Vítimas da Talidomida en Galicia, á cal, despois, acompañaremos. Dende logo, creo que esta é unha medida importante que se aplica, insisto, a persoas que o necesitan, e non a esas rendas altas das cales vostedes falan—; eliminamos tamén a tributación das axudas polos incendios deste ano, ante a inacción do Goberno central. Isto non é ideoloxía fiscal, isto é sentido común —e, se non, que llelo pregunten aos de Dinamarca, dicía o señor Besteiro, pois alí os impostos eran moi altos; seguro que este tipo de cousas non se facían—.

E falamos do imposto de sucesións. Os datos falan sós. En Galicia o 99 por cento das heranzas, é dicir, case o cen por cento —99 por cento— non paga nada. Dende a implantación das bonificacións, as familias galegas aforraron máis de quiñentos millóns soamente por este concepto, e —como xa dixemos varias veces neste Parlamento—, se aplicásemos os límites que propoñen algún dos grupos nas súas emendas, esas trescentas persoas que pagaron o ano pasado impostos pasarían a ser nove mil, coa emenda que propoñía o Bloque Nacionalista Galego. Iso é o que vostedes queren: que todo o mundo pague moitos impostos para, logo, facer a saber moi ben que.

Imos falar agora de vivenda e de política social con impacto real. Esta lei reforza tamén a política de vivenda cun enfoque moi claro: facilitar o acceso e mobilizar o parque xa existente. Sabemos que en Galicia hai da orde entre 300.000 e 500.000 vivendas baleiras. Esta, de verdade, é unha cuestión para tomala moi en serio. Concretamente cidades que teñen grande tensión, como a Coruña, por exemplo, fálase de que alí hai 30.000 vivendas baleiras; 20.000, en Vigo; e 20.000, en Santiago. Hai un rato, o señor Besteiro dicía que, claro, había 24.000 persoas demandando vivenda. ¡Oia!, hai 500.000 baleiras, e nin unha soa emenda e nin unha soa medida para abordar por que as vivendas están baleiras. ¿Por que están baleiras as vivendas?; ¿por que será? ¿De quen é a culpa de que estean baleiras as vivendas? Do PP; ¡claro!..., é culpa do PP. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Como? *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

JULIO GARCÍA COMESAÑA: ¡Ah!, claro, si, si! A culpa... Está dito, o BNG dixit: A culpa das vivendas baleiras, 500.000, é do PP tamén. ¡Si, home, si!, é culpa do PP.

Ben, pois esta Lei de medidas adapta e fai propostas para precisamente intentar diminuír ese número de vivendas baleiras, pero non só. Tamén se intenta facilitar o acceso á vivenda habitual, mediante tipos reducidos no imposto de transmisión do patrimonio nos actos xurídicos documentados ou mediante bonificacións específicas ás familias monoparentais, ou ás vítimas de violencia de xénero —xa que tanto din que lles importan—, elevando os límites de acceso e pasando dos 150.000 que había ata agora ata os 240.000 euros. Tamén reforzamos a vivenda pública, axilizando os procedementos e —claro, si, si— temos o malo costume de pedir aos concellos que nos dean solo, evidentemente, que non é do concello, é da poboación. Dános o solo, e nós, cos impostos dos españois —que non son de Pedro Sánchez—, pois temos o malo costume de facer vivendas; de xestionar e de facer vivendas. ¡Pois si!, somos culpables diso, señora Iglesias. *(Aplausos.)* Cometemos ese erro de xeito reiterado. *(Aplausos.)*



Nós o que facemos —como digo— é traballar para blindar tamén o carácter social dos aloxamentos compartidos —ese que tanto molesta á señora Rodil— promovidos polo IGVS e que sexan públicos para sempre; e non que aos quince ou vinte anos se poida facer con eles o que se queira, senón que sexan sempre para ese fin. En definitiva, o que facemos é seguir avanzando —como estamos traballando— para duplicar o parque público de vivenda nos vindeiros anos e para crear solo para ata 20.000 vivendas protexidas. Vivenda pública para vivir —como dicía— e non para especular.

Tamén avanzamos na simplificación administrativa ou no ámbito industrial enerxético, potenciando máis, se cabe, todo o peso do sector mineiro, que —agora mesmo xa é o 1,2 por cento do PIB galego—, queremos seguir apoiando coas medidas que se contemplan na lei.

Vou falar brevemente dalgún dos aspectos que se comentaron nas intervencións anteriores; non quero deixar sen comentar algún.

Falaba a señora Iglesias do tema da sanidade; falaba de Povisa e de... ¡Claro!, o grupo Ribera Salud, señora Iglesias, aumentou a súa facturación nos tres últimos anos, porque, nos tres últimos anos, adquiriu dúas empresas privadas que estaban en Ferrol e en Lugo; é lóxico que a súa facturación aumente. Isto non sei se é moi malo. O que si é bo é que a porcentaxe de presuposto do Goberno galego dedicado á sanidade concertada, neste caso, se manteña, ano tras ano, nese 4 por cento —ao que facía referencia o señor Pazos— e non chegue nunca ao 6 por cento que alcanzaba cando gobernaban vostedes. Dende logo, tamén —xa llo dicía o outro día no debate en comisión—, se en Vigo alguén ten claro por que está Povisa aí, todo o mundo sabe que foi polo Partido Socialista e polo BNG, que no ano 2006 firmaron aquel famoso acordo —aquel si que foi un acordo da vergoña; segundo se mirase— para garantir que Povisa fose ser sempre un hospital xeral, pasase o que pasase. Polo tanto, se alguén quere saber por que Povisa ten poboación asignada no concello de Vigo, que vaia a ese acordo, que mire o que firmou e despois que opine.

Logo, dicía a señora Iglesias que a Xunta non financiaba máis que a deputación na Coruña. ¡Señora Iglesias, se só o CHUAC é tres veces o presuposto da deputación! Ao mellor, vostede se refire ao presuposto asociado aos concellos. Pois sumando todo o que a Xunta de Galicia dedica aos concellos na provincia da Coruña, vemos que claramente supera o presuposto desa deputación; polo tanto, pídolle que revise os datos.

O BNG saíu co mantra do eucalipto. Eu tamén vou facer unha cousa dinámica, señora Rodil: que levante a man o que neste Parlamento coñeza a alguén que fixo unha casa, que pagou a carreira aos seus fillos ou que comprou un coche cos cartos do eucalipto. (*Protestas.*) A ver, non, incluso, ao mellor, algún no Bloque tamén coñece a alguén que fixo isto. (*Protestas.*) Non, aquí os malos son o Concello da Coruña... (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, ¿vostede coñece a alguén que lle pagou a carreira aos seus fillos co diñeiro dos eucaliptos, si ou non? ¿Si ou non? ¿Non? ¿Non coñece a ninguén? (*Murmurios.*) Debe ser a única galega que non coñece a ninguén. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, eu vivo nun concello deses que corta moito eucalipto, en Vigo. En Vigo, estamos cortando eucalipto todos os días; ata nas bateas cortamos eucalipto. Pero eu coñezo a moita xente que vive e que pode pagar a carreira dos seus fillos vendendo eucalipto, (*Aplausos.*) e



vostedes non. *(Aplausos.)* ¿Vostede onde vive, señora Rodil? *(Aplausos.)* ¿En que o concello vive vostede? *(Aplausos.)* ¡Xa está ben! Xa está ben deste mantra do eucalipto. *(Murmurios.)*

Mire, tamén antes falaba da minaría. ¿Por que non van falar da minería ao Barco de Valdeorras? ¿Por que non van falar de eucalipto a eses concellos —que non é á Coruña, señora Rodil—? ¿Que nos quere vender?, ¿que A Coruña é o concello que máis eucalipto corta? ¿Pero de verdade cre...? *(A deputada Olalla Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, o que máis ingresa.

Bueno, en definitiva —como dicía—, esta Lei de medidas é necesaria e é útil; e sobre todo —por moito que lles pese— é estatutaria e constitucional.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Señor Comesaña, pode repetir o conto, se quere, cantas veces queira, da responsabilidade fiscal e social, pero segue sendo iso, un conto, un conto para non durmir, e un conto mal contado, porque os feitos derruban ese relato.

E a verdade é que eu teño a cabeza bastante dura —si que é verdade— e son teimuda porque che son de Carballo, pero o que sei —e sei distinguir— é que é bo para Galicia aceptar esa quitación da débeda de 4.000 millóns de euros. E non o digo eu, *(Aplausos.)* dío a Airef, *(Aplausos.)* que Galicia é unha das comunidades autónomas máis beneficiadas. Xa o dixo tamén o noso voceiro, e reitero eu neste pleno: a este paso, por esas ordes e seguidismo vergoñento de Feijóo, que lles ordena aos presidentes e presidentas das comunidades autónomas gobernadas polo PP. A única comunidade autónoma beneficiada pola quitación vai ser Cataluña, e non polos independentistas, senón polas ordes de Feijóo. ¡O mundo ao revés, señor Comesaña! ¡O mundo ao revés! É certo, están aí os datos tamén da Axencia Tributaria de Galicia, tamén dos orzamentos. Pois claro que neses beneficios fiscais selectivos —selectivos!— renuncian a que se ingrese nas arcas públicas —son moitos cartos— 793 millóns de euros —¡793 millóns de euros!—. Evidentemente, favorecen a minoría deste país, o 4,2 por cento da poboación; e non o digo eu tampouco, díxoo o señor Corgos cando presentou en rolda de prensa os orzamentos neste Parlamento. Dixo: «115.000 galegos e galegas saíran beneficiados polos beneficios fiscais selectivos da rebaixa fiscal para o Proxecto de orzamentos de 2026».

Por tanto, aquí cada un que cargue coas súas palabras. E, como digo eu, a Airef xa advertiu claramente que Galicia pode incumprir a regra de gasto este ano e os sucesivos, non porque gaste máis, senón por recadar menos. Esa é unha realidade. Iso si, falaba dos impostos, de que a vivenda se pagaba cos impostos de todos os españois, cos fondos que transfere o Goberno de España. ¡Home!, pois tamén podemos facer moito cunha xustiza social redistribu-



tiva —como marca o artigo 31 da Constitución— cos impostos: que paguen máis os que máis teñen tamén en Galicia e reforzar o Estado do benestar, señor Comesaña: a sanidade, a educación e a política social. Iso tamén se pode facer aquí, en Galicia; máis autogoberno fiscal e ter a cabeza ben alta, que somos unha nacionalidade histórica á altura de Cataluña e á altura do País Vasco. Así, dígolle: máis autonomía e máis autogoberno fiscal.

Pero, mentres tanto, a realidade é ben teimuda, e a realidade que viven os galegos e galegas día a día é a seguinte: listas de espera na sanidade disparadas, dependencia colapsada e aposta do Goberno galego por unha macrocelulosa no corazón de Galicia. ¿Que volveu dicir a sociedade galega? ¡Altri, non! ¡Altri, non! Díxoo ben claro este domingo. (*Aplausos.*) E a vivenda, inaccesible. Esa é a principal preocupación dos galegos e galegas: non poden acceder á vivenda, nin á adquisición nin a alugueiro. E saía hoxe unha noticia que dicía que Galicia encabeza o aumento de multipropietarios de vivendas, o 28 por cento ten tres ou máis vivendas; aglutinan o 28 por cento das vivendas. É un dato preocupante, señor Comesaña: concellos afogados, perda de PIB industrial no último trimestre e fondos de vivendas sen executar. E mesmo temos tamén o plantón da conselleira de Medio Ambiente no Cumio do Clima para falar do cambio climático, da repartición dos fondos. ¿Son negacionistas tamén do cambio climático despois da peor vaga de lumes que vivimos neste país? ¿Tamén se negan a dar plantón para a repartición dos fondos e a loita contra o cambio climático? ¿De que lado están? Hai colexios públicos sen profesores de apoio para os nenos e nenas con necesidades educativas especiais. Esa é unha realidade que están a vivir todos os días os pais e as nais. Entón, evidentemente, nós cremos que este proxecto de lei é un modelo que non mira polos de abaixo, nin polos do medio, nin polos que máis apoio precisan do Goberno galego, mira para esa minoría selectiva do 4,2 por cento.

E moi brevemente, respecto das emendas do PP, evidentemente, imos votar en contra porque son emendas para corrixir os seus propios erros; autoeméndase, rectifícase e nin se arranxa o fondo do problema.

E sobre as emendas do BNG, quero adiantar a nosa abstención porque moitas das súas emendas expresan preocupacións lexítimas —que podemos compartir—, pero a técnica lexislativa, baseada na supresión total de artigos enteiros ou capítulos enteiros... Entendemos nós que non constrúen tampouco unha alternativa útil, como pretendemos nós exercer.

Por tanto —e xa remato—, Galicia merece máis que este proxecto de lei, e amosa moito que a Xunta de Galicia ten unha política de brazos caídos, unha política de quen non goberna e vive da propaganda. ¡Xestíen dunha vez! ¡Gobernen dunha vez! É unha lei ómnibus que non resolve o problema da vivenda, que non resolve a sanidade, a dependencia, que non resolve o emprego público, que non resolve o financiamento municipal e que non resolve o modelo eólico no noso territorio e a falta dun pulo industrial propio de Galicia.

Fronte a iso, o PSdeG ofrecemos aceptar a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros xa, unha fiscalidade xusta e redistributiva, servizos públicos fortes desde o corazón do público —non aumentando o financiamento público, a privatización e os concertos á privada—, vivenda pública accesible, alugueiro social, transición enerxética ordenada, industria sostible e innovadora, defensa do autogoberno e autonomía fiscal. E, evidentemente —o que



sempre dicimos—, gobernen, que lles toca a vostedes gobernar; e, por favor, deixen de facer un seguidismo vergoñento do señor Feijóo aquí, en Galicia.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Tamén, antes de máis, para que non se me esqueza, quero dicir que nós imos absternos —xa o formulamos tamén na Comisión— nas emendas do Partido Socialista, precisamente en sentido contrario ao que dicía a portavoz agora. Nós non consideramos lexítimo —aínda que é legal— o procedemento de modificar 50 leis por este mecanismo de lei ómnibus, de medidas fiscais e administrativas, por iso non imos entrar a reformar esas propostas. E dicíao o señor Comesaña: non.

No BNG o que lles propoñemos é que traian unha lei de vivenda. ¡Traian unha lei de vivenda! ¿Queren falar de vivenda, de dotar este país de novos instrumentos, de facer políticas públicas en favor da garantía dun dereito fundamental de calquera persoa a ter unha vivenda digna na que poder desenvolver o seu proxecto de vida? ¡Traian unha lei de vivenda! ¿Queren reformar a lexislación en materia ambiental ou industrial para desenvolver a potencialidade eólica que ten Galiza? Pois traian unha reforma da Lei do sector eólico, traian unha nova lei. Pero é que vostedes, señor Comesaña, o que fan é outra cousa, levan gobernando durante dezasete anos ininterrompidamente con maiorías absolutas. Vostedes cambian, por exemplo, a superficie habitable das vivendas para rebaixar os criterios de habitabilidade con este mecanismo porque lles é útil, porque é unha porta traseira, porque dá os debates de lado; e non permite que o conxunto da sociedade galega saiba nin sequera a metade do que se tramita hoxe aquí, que se vai aprobar —dicíao na primeira intervención— e que ten consecuencias directas para a vida das persoas, das galegas e dos galegos, ao día seguinte de entrar en vigor.

Eu díxenllo na Comisión e insisto agora: retiren o dos aloxamentos compartidos, é unha barbaridade, porque o único que mingua é a garantía dun dereito fundamental; o que reduce é a superficie na que ti tes que desenvolver o teu proxecto de vida. E ao Partido Popular parécelle que a prezo de mercado —porque vostedes non topan en ningún caso *los 30 metros cuadrados*— ti desenvolves o teu proxecto de vida. ¿Que tes unha parella e unha filla —a miña ten 2 anos—? Pois en 58 metros cadrados vas que chutas. ¿Que cre o BNG? Que non, que o dereito a acceder a unha vivenda en condicións dignas non se fai rebaixando a superficie, o metro cadrado útil, para beneficio única e exclusivamente do interese especulativo das promotoras privadas. Iso é o que defende o BNG, e por iso imos votar en contra desta lei.

¿Queren cambiar a política forestal galega? Pois traian unha lei. Aquí, vólvese modificar —non me cansarei de dicilo— a Lei de prevención de incendios do ano 2007, á que non lle queda nada máis que o título da súa versión orixinal. Modificárona sempre a través de leis



de acompañamento ou pola porta de atrás na Lei de montes de 2012. ¿Queren traer unha lei? Anunciaron que ía haber unha nova en 2022 e brilla pola súa ausencia. Porque vostedes teñen nestas leis de medidas unha ferramenta ao servizo do interese do Partido Popular, que é pasar o rodillo a 50 leis con modificacións substanciais do marco lexislativo galego, fulminando todo nun debate único, jala!, e, efectivamente, sen pasar polo Consello Económico e Social, que ten a potestade de pronunciarse sobre calquera modificación no marco normativo que supoña unha incidencia no desenvolvemento social, económico, humano e material deste país. Por iso, é unha porta traseira, é un subterfuxio e é unha ferramenta que o PP utiliza de maneira abusiva, ademais, para modificar todo un compendio de leis sen dar un debate serio centrado en cada unha das propostas que se reforman.

E eu, claro, escoito o señor Comesaña e dáme a impresión de que entraron vostedes pola porta esta mañá. Chegaron aquí e atoparon o que hai: 300.000 ou 500.000 vivendas baleiras —díxonos—, como se non o souberamos. Vostede debeuse perder os últimos —non sei— dez anos de debate nesta Cámara, señor Comesaña, e as veces que trouxo o Bloque Nacionalista Galego medidas dirixidas a poñer á disposición das galegas e dos galegos esas, para empezar, 90.000 vivendas baleiras que hai só nas cidades de Galiza. E preguntámos: ¿por que? E eu digo: levas gobernando dezasete anos con maioría absoluta. A súa intervención, señor Comesaña, é o mellor exemplo do fracaso absoluto das políticas de vivenda do Partido Popular. E doulle só dous datos dese fracaso: no ano 2024, *el Gobierno que todo lo puede, con maiorías absolutísimas y poder total, hizo la friolera de cinco vivendas protegidas en todo el año; (Aplausos.)* e os sucesivos programas de mobilización de vivenda baleira —xa que falaba vostede diso— a primeira vez que entraron pola porta deste Parlamento anunciáronnos que entre 2016 e 2019 o PP —con eses programas de mobilización de vivenda baleira— ía mobilizar —2016-2019— 600 vivendas baleiras. En 2018, ¿sabe cantas levaban? Dezaseis. Señor Comesaña, a pregunta ten que facérllela á súa bancada, ao seu partido e ao seu Goberno; *(Aplausos.)* non a min; *(Aplausos.)* ¡non, a min! *(Aplausos.)*

E agora véñennos anunciando —e a min é algo que me ten así como... *(Risos da oradora.)*—, por exemplo, na cidade de Lugo, vivenda pública construída pola Xunta de Galiza no alto de Garabolos. Ten en propiedade eses predios a Xunta de Galicia desde hai case vinte anos, porque lideraba a Consellería de Vivenda Teresa Táboas, do Bloque Nacionalista Galego, cando se adquiriron para a Xunta de Galiza.

Durante todo ese tempo —insisto—, dezasete anos de maiorías ininterrompidas do Partido Popular, ¿a vostedes non lles acordou que había un problema de acceso á vivenda? Son o reflexo —as súas críticas sobre a falta de acceso á vivenda—, e o retrato que vemos cada día nas dificultades de milleiros de persoas neste país para acceder a un dereito básico e fundamental, da súa política. Non é fracaso por incompetencia, senón por unha decisión política de non facer nada para favorecer o negocio e a especulación, que é o mesmo que nos traen nesta lei de acompañamento: permitir que fagan menos metros cadrados de superficie habitable polo mesmo prezo de mercado polo que pagarías un piso de tres vivendas.

E xa para rematar, porque claro, preguntoume de onde viña... Pois dun sitio onde hai moitos eucaliptos, precisamente da Ribeira de Piquín; se te chantas no medio do chan —hai xente que é de cerca— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* é o único que ves



por todas as partes. ¿Sabe de que viven as miñas veciñas e os meus veciños? Do seu traballo e, hoxe, das pensións dos vellos, e non precisamente das cortas de eucaliptos.

Pero é que non é a miña percepción, nin o que a min me pareza, na miña particularidade. Son os datos oficiais do Instituto Galego de Estatística, señor Comesaña. Dúas de cada tres persoas teñen máis de sesenta anos e o que ven nesas cortas da madeira son rendas complementarias a pensións da agraria ou de autónomos, que son baixísimas.

Así que non, señorías, vostedes non traen aquí esta lei para facer de Galiza un eucaliptal para favorecer o interese particular das galegas e dos galegos, senón para seguir engrandecendo e engordando o negocio á santísima trindade das pasteiras, que é para a única para a cal traballa o Partido Popular. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor García Comesaña.

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

Señorías, despois de escoitar as intervencións da oposición convén facer algunhas precisións claras porque, neste debate, volvemos asistir a esta mestura de lugares comúns, de contradicións e de propostas que xa coñecemos doutros anos.

En primeiro lugar, quero insistir outra vez que cuestionar a Lei de medidas como instrumento lexislativo non é nada novo. Os de sempre: Pedriño e Rañolas, novamente. E cómpre dicilo con claridade: non hai ningunha sentenza do Tribunal Constitucional que invalide este tipo de leis. Dende logo, ánimoa a que volva ler a normativa do CES, na cal se exceptúa desa función do CES, precisamente, a Lei de orzamentos —¡precisamente!—. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.) ¡Bueno!, lean a normativa.

Ben, despois claro, é curioso que nos falen o BNG e o PSOE de usar mecanismos para aprobar leis de xeito raro. Estas son as gráficas (*O deputado Julio García Comesaña mostra un documento.*) dos reais decretos leis aprobados polo Goberno central nos últimos anos; concretamente, neste ano 2025 levamos catorce, ou sexa, ¿de que estamos a falar, neste caso co PSOE e co BNG?

Aquí o interesante é que cousas que van na Lei de medidas deste ano xa sabemos que as vai levar o PSOE ao Tribunal Constitucional —como o ano pasado—; e o que é máis curioso, algunhas delas van figurar en normas que vai aplicar o propio Goberno para todo o Estado, co cal vaian escollendo —das que comentamos agora— cal pode servir para iso, ¿non?

«Non é democrático». Claro, é moito máis democrático convocar manifestacións —seica multitudinarias—, os mesmos 20.000 de sempre —os da sanidade, os da educación, os de Altri, efectivamente— para torcer a vontade deste Parlamento.

¡E digo ben!, porque neste Parlamento aprobamos por unanimidade unha PNL co asunto de Altri. ¡Si, si, co mesmo, co mesmo! Vostedes (*O deputado Julio García Comesaña sinala a ban-*



cada dos grupos parlamentarios da oposición.) e nós votamos todos polo modelo de Altri, (Aplausos.) neste Parlamento, pero como no me gusta el resultado, convoco una manifa, ¿vale? (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Convocamos a manifestación. (Aplausos.) ¡Iso si!, (Pronúncianse palabras que non se perciben.) convocaron tamén alí a manifestarse, a partillar, a la flor y nata del ecologismo subvencionado. (Murmurios.) Vostedes si que van con gente de bien, señora Rodil; vostedes van con gente de bien. (Risos.) —ondiñas veñen, non, porque nada popular; na manifestación, nada popular, ondiñas veñen e van, non, ¿eh?—. E iso si, facemos unha manifestación, e iso si que torce a vontade popular; a vontade deste Parlamento, de autorizar e aprobar un proxecto como o de Altri, cando se plantexou naquel momento. Iso si que é torcer a vontade popular.

E, por certo, señora Rodil, cando queira dar leccións da Guerra Civil, sen que ninguén llas pida, e fale de roxos, fale tamén de Paracuellos; a ver se se atreve. (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Ah, a ver se me atrevo, si, si!

Señorías, como digo..., (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) si, claro, claro. (Aplausos.) Como o que dixo vostede o outro día, exactamente igual —exactamente igual—, que queda gravado; como o que dixo vostede o outro día. (Aplausos.)

Como dicía, as propostas do BNG, do Bloque, son as de sempre: máis presión fiscal, aínda que o disfracen con palabras amables; falar do imposto ás grandes fortunas, sobre o cal xa dixemos antes que, se alguén o puxo no seu momento, foi o Goberno socialista. E falando de vivendas, tamén escoitamos ese discurso, pero con poucas propostas viables.

Nós —como dicíamos— si que estamos a mobilizar vivenda baleira. Claro, vostedes si que non falan realmente do motivo de por que a vivenda está baleira. Ao mellor, ese Goberno que apoian en Madrid ten que empezar a traballar xa, de verdade, cos motivos reais: coa okupación, (Murmurios.) coa desconfianza dos propietarios en alugar porque saben o que lles pasa... Si, ese é o motivo real de que haxa vivendas baleiras ou un dos máis importantes. (Murmurios.)

Seguimos facendo análise das nosas emendas. Eu quero destacar unha —co pouco tempo que me queda—, que si que non quero que quede atrás —por non falar das emendas retóricas da oposición—, a cal foi a emenda do Grupo Popular para convocar esa oposición extraordinaria de 311 prazas no Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios. Non falamos de declaracións; falamos, neste caso, de persoal, de medios e de seguridade pública.

Tamén quixera comentar, novamente, o tema da débeda, señora Iglesias. Respóndame ao que lle preguntei, volvo ao meu caso e de meu irmán: ¿que temos que facer?, ¿compartir a débeda entre os dous ou cada un seguir pagando a súa? Vostedes o que din é: ¡non, non!, imos compartir a de todos. Claro, ao final, o único que se vai sumar, ¿quen é? O que tiña máis débeda: Cataluña. ¡Claro!, por iso Cataluña vai sumarse a iso (Aplausos.) e os demais non; ¡por iso!... Ese é o motivo, ¿non? (Aplausos.)

Señora Rodil, vostede fala de Lugo, e eu pódolle falar de Navia. Vaia a Navia e mire o que pasou en Navia cando gobernaba Fraga —que o de Navia empezou cando foi Fraga; non foi



cando chegou o señor Caballero. Non foi así, senón que foi daquela—. E agora vaia a Navia; vaia hoxe a Navia e vexa o que está pasando en Navia agora mesmo. (*Murmurios.*)

En definitiva, creo que está clara a posición do Partido Popular. Nós, por suposto, imos apoiar esta Lei de medidas. Cremos que é unha lei que facilita o desenvolvemento dos orzamentos, como di o Estatuto e como di a Constitución.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votacións do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O PRESIDENTE: Pois rematado o debate, procedemos á votación do texto lexislativo. Comezamos votando as emendas mantidas; en concreto as do Grupo Parlamentario Socialista números 1 a 40, 43, 46 e 84.

Votamos.

Votación das emendas números 1 a 40, 43, 46 e 84, formuladas e mantidas polo G. P. Socialista de Galicia, ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 39; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; en concreto da 1 á 35.

Votamos.

Votación das emendas números 1 a 35, formuladas e mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 39; abstencións, 8.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: E agora votamos o Ditame da Comisión, coas emendas incorporadas.



Votamos.

Votación do Ditame da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, coas emendas incorporadas, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 33.


O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O PRESIDENTE: Remata aquí o pleno, pero non remata porque continuamos xa o desenvolvemento do seguinte.

Remata a sesión ás dúas e cincuenta e sete minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

